



3º premio
Especialidade de novela curta
Xuventude Crea 2020

CO DESEXO NOS OLLOS

Alba Ermida Area

XUNTA DE GALICIA

1ª ed., 2021. Santiago de Compostela

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Política Social
Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Co desexo nos ollos

Alba Ermida Area

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Política Social
Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
Santiago de Compostela, 2021

Limiar

Son moitas as veces que escoitamos falar da creatividade como un fito difícil de acadar, que require dunhas capacidades especiais ou dun don só ao alcance duns poucos. Ter unha boa idea ou unha habilidade supón un mérito per se, mais precisa da visibilidade, o apoio e a repercusión necesaria para ser recoñecida polo resto do mundo. Xuventude Crea busca rescatar todas esas boas ideas da mocidade galega para impedir que queden no esquecemento e se poidan converter nun impulso cara ao que eles elixan.

Como todo, neste 2020 esta edición do Xuventude Crea foi atípica, moi diferente ás dez anteriores. Aínda así, decidimos manter estes premios porque sabemos da importancia deste empuxón cara ao éxito e a resposta da mocidade foi exemplar. Preto de 500 participantes, case 150 máis que o ano anterior, o que demostra que hai moita creatividade na xuventude que precisa ser escoitada, vista e desfrutada.

Non só impedimos que a covid-19 eliminase esta nova edición, senón que aumentamos as súas categorías ata 14 coa creación de dúas novas modalidades de creación de videoxogos e novela curta. Tentamos seguir o ritmo das nosas mozas e mozos e chegar a todas as especialidades posibles para que poidan brillar e destacar en todo o que se propoñan.

Sabemos que aínda máis importante que o apoio económico e social é o apoio anímico. Con estes premios procuramos dicirvos a todos que cremos en vós e que creades en vós mesmos. Hai unha Galicia que está desexosa de coñecer do que sodes capaces e a través das páxinas deste libro queremos achegar unha mostra dunha edición de Xuventude Crea que nunca esqueceremos.

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social

Índice

Co desexo nos ollos	9
Do si e do non	19
Mulleres á forza	27
A despedida	37
A casoupa	51
Coas mans baleiras	63
Da cura das augas	69
A última dor	85

CO DESEXO NOS OLLOS

Eu tiña once anos cando entrei a servir na que sería para min a casa onde me criei, a casa de máis renome de Pontevedra. Moito carto había alí, sobre todo nos primeiros anos, logo xa viñeron a menos, pero ó principio había catro chicas a traballar: Ama, que se chamaba Teresa pero nós diciámoslle así porque era a ama de cría, Gelines, a cocineira, que cos anos acabou marchando e xa me pasaron a min, que empecei coidando os nenos, ós fogóns, e Carme, que facía todo o resto. Ademais tiñan unha señora que lles ía busca-la roupa branca para lavar e para pasarlle o ferro, un xardineiro que viña unha vez á semana e unha costureira que lle facía a roupiña dos nenos. Nós, as chicas, as que viviamos alí, mal que mal íamos facendo de todo. Menos Ama, ela era a que máis tempo levaba na casa e tiña privilexios, claro que o seu traballo, pobre muller, renunciou ós seus para criar-los dos outros. Ela tivo dous fillos de seu, moi seguídiños, así é que aproveitou que tiña leite abondo para entrar no hospicio a traballar, dáballes de mamar ós meniños que abandonaban alí. Despois xa entrou a traballar na casa do irmán do meu señor, que vivía arriba. Once fillos tivo ese home, once, e cando a miña señora empezou a te-los seus, ía alternando, subía ó andar de arriba e baixaba ó de abaixo, aleitando nenos que non eran seus. Once de don Miguel máis sete da nosa casa máis os dous seus, vinte boquiñas chuparon dela. Ama viviu alí ata que foi velliña, o señor quería moito, por iso a deixou quedar. Cando a veu buscar un dos seus fillos, o que vivía en Madrid, ela tería xa ben pasados os setenta, o señor non se puido despedir dela, meteuse no cuarto e agardou ata a cea para saír. Pobre Ama, desfrutou dos seus fillos cando xa pasaba dos setenta. Pero ela sempre dicía que os dos señores eran máis fillos aínda que os seus propios. Como non ían ser se os criou do seu leite, da súa man.

O noso señor era moi bo e a señora, un cacho de pan. Na casa dos meus señores os pais falaban cos fillos e os señores falaban con nós. Para min ela foi a nai que me morreu. Criáronme case coma a filla que lles tardou tanto en chegar. Todo homes, catro, cinco, seis, e a sétima, muller. Que alegría se viviu naquela casa, ademais daquela non se sabía que sexo era ata o momento de nacer. A cariña da señora pasando da dor á alegría nun xesto rapidísimo, e así lle quedou, La niña. Cando eu entrei tiña once anos, case podía se-la súa filla, claro que a min non me deron estudos, nin comía con eles á mesa, pero con once aniños supoño que lles daba tanta pena que me trataban con coidado, sobre todo

ela. Lembro unha vez que me puxen enferma, xa non sei se era a gorxa ou tiña gripe, o caso é que me habían de poñer unha inxección. O señor era farmacéutico, facía medicamentos nun laboratorio que tiña no centro da vila. Chegoume aquel día cunha xeringa e díxome que ma tiña que pinchar no cu. Eu debínme poñer colorada colorada colorada que a señora se deu conta e tratou de tranquilizarme. As súas palabras sentáronme coma un aloumiño de nai, mais no nervio non me fixeron efecto ningún. Así foi que, estando eu co cu para arriba, levantada a saia, quíxoma cravar mais a nádega estaba tan tesa de medo e rubor que a agulla antes se dobrou que entrar. E alá a señora a pedirlle ó señor que llo deixara facer a ela, e alá o señor a explicarlle á señora como me tiña que poñe-la inxección, fregoume a carne para solta-lo músculo e volveume dicir palabras de nai. A agulla entrou e a febre marchou.

Tiñamos libres os domingos pola tarde. As outras marchaban a ve-los seus mozos, as súas familias, mais eu non tiña a quen ver, Salomé marchara para Arxentina acabada de casar cun home que eu nin coñecía, Luísa traballaba nunha casa toda a semana e os domingos axudáballe ó noivo cando estaba atrasado na súa costura. Así que eu, mentres fun pequena, quedaba alí xogando cos nenos, unha máis entre eles. Aprendín moito aqueles anos, a levar unha casa, o traballo que dan os fillos, o ben que se debe levar un matrimonio, tódalas receitas que lle gustan ós meus netos, que practiquei antes cos meus fillos. Alí vivín coma nunca antes nin nunca despois. Era unha casa de ricos, os luxos eran algo cotián. Algúns víaos pasar por diante do nariz co desexo abríndome a boca e regalándome os ollos e outros gozábaos porque me viñan no lote. A calefacción, calefacción central, quen tiña daquela iso! A comida, abondosa tódolos días, case farturenta, comín cousas alí que non probara nunca. Estar enferma non era loitar coa morte, dábannos medicamentos e facían vir axiña o médico. Eran todo comodidades, mesmo nós durmiamos en colchóns de la, non de follato, e botabamos as horas de descanso naquel xardín que tiñan, tan fermoso, un banco de pedra cuberto de roseiras e unha fonte no medio cun chorriño de auga que non deixaba nunca de cantar.

Sentíame afortunada de vivir alí, aínda hoxe estou agradecida da sorte que tiven. Mira as miñas irmás, que pouca tiveron. Traballei moito pero facíao a gusto, e ademais de ter casa, cama e comida, tiñamos o noso soldo, que ía subindo co paso dos anos. Entre nós tamén nos entendiamos ben, iso aínda o facía máis levadeiro, por veces ata nos divertiamos. E xa cando empecei a facer uso dos domingos pola tarde, coñecín por min mesma a vida que ata entón só vivira de oídas, das anécdotas que me traían Ama, Gelines e Carme e me facían saborear coa cea do domingo. Vivín entón as festas, os bailes, os paseos pola rúa de namorar, que a Oliva daquela era iso, miradiña vai miradiña ben, algún doce de cando en vez e mesmo algunha viaxe no carrusel da praza do concello. Tamén lle puxen cara ó badanas do mozo de Carme, pois xa o coñecía algo das historias pouco bonitas que sempre nos contaba ela. Coitada, había veces que ata volvía chorando e outras que nin

sequera quería facer uso do seu domingo. Daquela, se che coñecían un mozo non o podías deixar porque ninguén te ía querer, xa estabas usada.

Así fun eu facéndome a idea do meu príncipe, tiña que ser traballador, non coma o preguiceiro de Carme, cariñoso e bo coma o meu señor, mais sobre todo imaxinábao alto e bo mozo, con boa percha. Coitada de min, con dezasete aniños, que ía saber eu como eran as cousas esas. Tanto imaxinei e pensei e quixen, que o mozo apareceu, e eu non o daba visto, non o vía porque non tiña a aparencia que eu lle quixera.

Era verán, debían se-las oito da tarde porque recordo que aínda había sol pero xa non me pingaba o queixelo coa suor, sempre me suou moito a cabeza. Rematara de lava-la roupiña dos nenos no lavadoiro e estábaa a colgar no patio mentres cantaruxaba unha canción que escoitara no baile do domingo anterior. Quedábame só unha prenda por colgar, atravesei o tendal apartando as outras na procura do último cordón, o máis pegado á reixa do xardín, e de súpeto, saltei. Saltei co susto porque vin unha cara entre barrote e barrote e, así me pousaron os pés no chan, agacheime detrás dunha enagua. Entón, escoitei unha gargallada que me ofendeu, asomei a cabeza e vin o mozo de corpo enteiro, agora apoiado contra o muro de en fronte, mirando sen vergoña ningunha para min e cun sorriso pícaro que me fixo xunta-las cellas e engurra-lo fociño. Tiña moi mal xenio eu de nova. Colguei a última prenda no último cordón mentres miraba de esguello para o descoñecido, atrevido, mais finxindo que xa non o vía. Din que non hai mellor desprezo que non dar aprecio, eu nin presenza lle din. Cando ía poñe-la segunda pinza na camiña de rapaz, fixeime nunha mancha de terra que tiña no puño, debínlle facer eu co salto que peguei, sacudínlle. Foi entón que me decatei de que xa tiña as cellas xuntas e o fociño engurrado porque quixen face-lo xesto de enfado e nin as cellas se me movían nin o fociño se me pregaba. Sentía carraxe, a calor nas fazulas, e coa camisa na man funlle berrar a ese descoñecido mirón, mais cando abrín a boca vin que xa el camiñaba rúa abaixo, coas mans nos petos e o asubío na boca.

O día seguinte deu en chover treboada de verán, esa que vén de lonxe pero sabes que vén seguro pola calor pegañosa. Viuse o lóstrego, xa non había nada que facer, e oíuse o trono, sempre detrás. Saín a fume de carozo ó ver ó lonxe a choiva avanzar e recollín tan axiña como puiden a roupiña dos nenos. Detívenme na camisa por ver se se lle fora a mancha de terra, branca coma o leite, descolgueina dun tirón. O chimpo que peguei ó ver no espazo que a tea deixara baleiro a figura do mozo mirón! Mireino uns segundos, os que tardou o trono en seguir ó segundo lóstrego, e xa tiña detrás a Carme meténdome présa. Viña cunha manta a taparme, máis que a min, á roupa, para non ter que volve-la lavar. Cando me xirei cara ó camiño, ó abeiro do limiar da porta, o rapaz xa non estaba.

Aquela noite a señora púxose mala. Eu sempre pensei que tiña a capacidade de poñerse enferma cando quería, o corpo obedecíalle á súa vontade. O señor, xusto ó día seguinte, marchaba a unha reunión de máis homes da súa profesión, ela aborrecía quedar

soa. Soa estaba tódolos días, pero saber que el estaba máis lonxe que no cuarto de abaixo, enfermábaa, literalmente. Non é que se aburrira sen el, ela botaba o día entretida. Pola mañá gostaba de quedar na cama, á caloríña das colchas, tanto que, dende que pedía o almorzo ata que o remataba, pasaban ben un par de horas. Tamén ela comía amodo e pouco, coma se houbese de raciona-la comida, ela, que na vida houbo de facer tal cousa por necesidade! Logo peiteaba a súa melena de varios xeitos distintos ata que daba co peiteado axeitado ó día, choiva ou sol influían absolutamente, á roupa que ía vestir e sobre todo, ó seu humor. Antes de xantar entretíñase lendo revistas de moda ou algún libro que lle chamara a atención da gran biblioteca do home. E despois de xantar, a cuñada e mais ela facíanse unlla e carne do mesmo dedo e botaban a tarde a falar dos fillos, a pensar nos vestidos das festas ás que asistirían, a xogar ás cartas. Aínda que o que máis lles gustaba era ir toma-lo café con pastas ó centro da vila. As tardes que ían, na cea notábase unha alegría que lle saía así así así, coma a auga dunha fonte, case coma a que nos saía a nós no baile dos domingos.

O caso é que don Alfonso, que coñecía as oportunas enfermidades da súa muller, marchou igual. Coitada dela, eu creo que quería tanto o seu home que se sentía baleira, aínda que fose só un día o que el marchaba. E deu en organizárnolo sen minuto de descanso, como se véndonos afogadas a nós estivese ela máis entretida. Despois de lavar, fregar, ordenar, limpar, coser, volver lavar, cociñar, recoller, dobrar, volver limpar, colocar, repoñer, ir, vir e volver, aínda me mandou xogar cos nenos no xardín. Meus pobres, eu estaba morta e eles tiñan tantas ganas de rebulir. Sentei na fonte e inventei un xogo co trisco de forza que me quedaba. Eles ían ata a reixa a buscar unha palabra que se agachaba tras dos barrotes e volvían correndo coa palabra pensada, dicíanma na orela e eu contestáballes outra que rimara coa súa; despois, eles outra vez a correr ata o peche a atopar unha palabra que rimara coa que eu lles dixera. Nunha das voltas só escoitei tres palabras, faltábame a voz do maior, puxen a orela a ver se sentía o comezar do seu alancar dende o cerrume, mais tanto esperei que acabei por abri-los ollos. Xusto diante tiña a Eugenio falando con alguén que había no camiño. E quen había ser. El, o mirón. Coma se me escoitase o berro pero sen eu chegar nunca a berralo, Eugenio botou a correr cara a min cun sorriso nos beizos, ese señor me preguntó cómo te llamas, mirei para o mozo, atei ben o fociño cara adiante e metín ben o cello cara ó medio, para que non me tomase a chacota. Pena da voz de pito que me saíu, esta casa é de boa familia, ata mañá, Hermelinda. Interrompérame! E para máis chamárame Hermelinda. Sentín o riso de Eugenio, rapaz pillabán, que estoupou nunha gargallada e marchou correndo mentres dicía, se lo creyó! Metín o resto dos nenos na casa ó son dun polifónico Hermelinda, Hermelinda. Érache boa, menos mal que o día seguinte era domingo e o desvergoñado ese non me ía atopar no xardín.

Atopoume noutro sitio. Quedaramos nós as catro en ir ver á banda, que inauguraba esa tarde o novo palco da música. Non era novo, era o mesmo de toda a vida, simplemen-

te o pintaran de branco e lle puxeran un chan de mellor madeira. Na aparencia podería pasar por novo, pero a localización era a de sempre: no primeiro corredor da alameda, pegadiño ó paseo de Montero Ríos, xusto na metade exacta do paseo. Nós fomos ben cedo para coller un sitio estratéxico que sabía Carme. Había un banco que xa non tiña respaldo e se podía usar de pedestal para ver mellor. Porque nós, os pobres, tiñamos que pasear e ve-la música dende o terceiro corredor da alameda. O do medio para a burguesía, familias con nome e xente con boa profesión, e o da esquerda, a pé de palco, para os militares, que daquela, como había un xeneroso cuartel, éranche moitos na vila. Cando chegamos, a banda xa estaba sentada, colocando os atrás e afinando. Nós demos un par de voltas polo noso corredor, fixémonos discretamente nos vestidos das mozas que paseaban polo do medio e estarricámo-lo pescozo un par de veces por ver de albiscar algún uniforme no corredor do exército. Erguémonos sobre o noso humilde anfiteatro e para entrete-la espera observamos como o director lle berraba a un mozo que chegaba tarde, aínda metendo a camisa por dentro do pantalón. Colocouse no lateral dos clarinetes e montou o instrumento. Foi cando sentou mirando cara ó director que me din conta, era o mozo que levaba días axexándome dende o outro lado do cerrado. Sentín carraxe, calor nas fazulas, mirei para as outras tres por ver se mo notaran. Nada. Baixei do banco non fose que o atrevido ese coa súa mirada raposeira me atopase ó lonxe e sentei nel ata que comezou o repertorio de ben coñecidos pasodobres. Xacando, Ama agarroume do van, Carme fixo o mesmo con Elvira, unha das chicas de don Miguel, e bailamos cambiando de parella a hora enteira que durou o concerto.

O día seguinte agardei sentadiña na fonte a mirada furtiva do clarinetista. Vino chegar ó lonxe, xa coa mirada posta na casa dos señores, mesmo me pareceu que xa metía o ollo entre cada barrote do enreixado para atoparme. Cando se deu conta de que eu o miraba en fite, fíxose o despistado, ou o non interesado, coma se pasara por alí de casualidade. Seguiu dereitiño, sen facer ademán de apoiarse no muro de diante, como facía sempre. Sería moinante! Levaba un aire case farruco, co queixo levantado coma se por el me dixese non te estou mirando, non sei sequera que estás aí. Lampantín! Sentoume tan mal esa indiferenza covarde que me erguín e saín pola cancela coas mans nas illargas e díxenlle, clarinetista, seica hoxe chegas tarde á academia. El non puido, ou non quixo, mante-la indiferenza e xirouse sorrinte, Hermelindiña, mañá veño antes e falo contigo, que hoxe xa me dan as oito. Nese momento soou a primeira badalada dende a torre de Santa María. Deixárame coa palabra na boca, o moi langrán, e xa camiñaba rúa abaixo sen volverse. Non puider quitarlle ollo ó seu andar. O andar das persoas deixa adiviñar abondo o seu carácter: unha parsimonia en cada avanzar de perna, coma se un pé lle pedise permiso ó outro, os cadrís algo adiantados e o pescozo bastante teso, nun xesto case sabichón, mais o bandullo saíndo para fóra e os pés un chisco abertos dábanlle un aire

bondadoso. Antes de que desaparecese trala curva do muro da reitoral, berreille non me chamo Hermelinda, chámome Xenoveva.

Foron pasando os días e el gardaba en todos dez minutos do seu serán para apoiarse no muro de en fronte cun sorriso de satisfacción mentres miraba para min. Eu fun cambiando de estratexia, do enfado á indiferenza, mesmo o agocho, cando o vía achegarse ó cerrume, metíame detrás da roupa tendidas ó sol, entre as roseiras, ata corrín algunha vez dentro da casa. As miñas compañeiras xa sabían do clarinetista, era inevitable, esa insistencia sen pedir nada a cambio, só admiración a distancia. E os días foron pasando, ata que chegou San Xoán.

Xa había dous anos que eu empezara a saír ós bailes, e dende entón, San Xoán era cita obrigada do outro lado do río, de onde era o patrón. Puxémonos guapas Carme e mais eu, collemos uns patacóns para cear as sardiñas que vendían alí e marchamos a Poio. Aínda non acabara de traga-lo último bocado de pan de millo con gusto a saín, cando un rapaz me sacou a bailar. Xa estaba eu máis aguda nas artes de deixarse sacar á pista. Era necesario un par de temas de recoñecemento para saber quen bailaba ben, quen agarraba forte de mais, quen xuntaba moito a cara, para logo dicir si ou non cando che pedían un baile. Pero aínda non me dera tempo a facer esa ronda de recoñecemento, así que me deixei levar. Bailaba ben, nin moi xunto nin moi separado, non me miraba nin de esguello nin en fite, nin moi serio nin moi riseiro e funme fixando, en cada escapadiña que me facían os ollos, que non estaba de mal ver. Bastante alto pero non tanto como para quedar eu ridícula ó seu lado, lanzal e elegante, de mans quentes e dedos longos, os trazos da cara angulosos pero sen ser chupado. Xa tiña eu os ollos pechados, co gozo de deixarme levar, cando sentín que se me ía a calor da man que sostíña a miña, que a palma que me servía de respaldo no lombo se volvía máis repoluda e pequena. Abrín os ollos e vin diante o clarinetista. Aproveitara o silencio entre tema e tema para me vir roubar un baile. Xuntei as cellas e apertei o fociño para que entendera que non me gustara ese rapto, a voz non me saía, da carraxe. El sorriu, parecía que se burlaba de min. No silencio que separaba canción de canción quíxenme soltar e non puideron, nin no silencio seguinte, nin no seguinte, nin en toda a noite. Nin en todos os bailes de todo aquel verán.

Díxenllo veces e veces, de xeitos distintos, e en distintas ocasións, “non quero mozo, que son moi nova e aínda teño moito por vivir”. El non cedía. Un ano despois eu seguía sacando roupa a secar baixo a súa adoradora mirada de namorado. No inverno, aínda que a banda non ensaiaba tódolos días, el viña igual a probar sorte. O día que me seguíu ata a escola e logo de volta á casa, tomei a decisión. Petei na porta do comedor durante a sobremesa da cea e pedín permiso. Estaban os dous señores falando dos fillos, mais eu fíxenme notar. Coa cabeza baixa, as mans por dentro do mandil e o xeonllo dereito bailándome, de nervios digo eu que sería, pedinlles por favor que me recomendasen á casa da irmá da señora, que vivía en Madrid. Eu ver non vin porque os meus ollos só se fixaban no xeonllo

que me bailaba só a canción do nervio, pero entendín todo: o señor debeu mirar para a señora sen entender, engurrou o cello para lle preguntar por que, ela seguramente ladeou suave a cabeza e abriu lixeiramente os ollos. El debeu asentir, xa entendera. Daquela non puido conter un riso. Ela debeulle poñer cara de reprimenda, nun xesto que significaba non lle fagas pasar máis vergoña. El debeu xuntar forte os beizos para non volver rir. Entón, ela falou en ton moi tenro, yo le puedo decir a mi hermana y ella encantada te querría en su casa. Pero creo que es mi deber aconsejarte que aceptes a Pereira. Su familia es muy trabajadora y muy honrada. Te van a cuidar, te van a querer como si fueses su hija. Caeume o mundo, sentín esa tensión que se acumula na gorxa, unha pedra no estómago, esa calor que sobe ós ollos, a lingua que se bota para atrás intentando desface-lo nó que se enrola ó redor da noz, abrí os ollos para escorrenta-las bágoas, non quería que me rebordaran diante dos señores. Apertei ben forte as mans debaixo do mandil e empuxei o pé dereito contra o chan, pois xa o tremelique do xeonllo se escoitaba no talón que petaba na alfombra. Tragui sen conseguir que o cuspe baixara máis abaixo das amígdalas e a voz saíume nun fio, gracias, señora. Corrín, corrín con ese correr amodo da criada que ten que ser silandeira, a baleira-las bágoas na almofada da miña cama. Carme debía estar axexando porque non me deixou tempo para chorar todo o que eu quixera. Apareceu no limiar da porta e foise achegando ata poñe-la súa man na miña cabeza, déixate querer, Veviña, que xa tes medio camiño andado para ir facendo ti del o teu príncipe, ós poucos, día a día. Abraceina forte e o lazo da noz apertouseme máis, o xeonllo tremíame totalmente alleo ó corpo e a calor dos ollos non a apagaba nin as bágoas. Nesa aperta entendín o que me pasaba: era medo. Medo ó descoñecido que ía vir, ós descoñecidos cos que ía vivir. Mais sobre todo medo a deixar esa casa, esa xente, as miñas compañeiras, a miña señora, os nenos, o meu fogar.

A semana seguinte veu a nai de Celso a pedi-la miña man. Unha señora tan humilde, tan allea a aquela casa señorial. Notábase que estaba incómoda, que o facía polo fillo, e polo home que se negara a vir, sóubeno máis tarde, por vergoña, vergoña da súa pobreza feita máis grande naquela casa grande e máis pobre ante os meus señores ricos. Celso viñera todo elegante, de camisa e chaqueta, ata traía unha gardenia no ollal. Carme mirou para min e chiscoume o ollo. Debía querer para min o que non puidera ter para ela. Debía ser a súa maneira de vivir, en min, o que non vivía dentro de si. Víaselle contenta, sinceramente contenta por min.

Casamos o vinte e nove de agosto, día de San Miguel, sen máis festa ca un xantar moi humilde no que só estaba a familia do noivo, pois Carme, que me viñera de testemuña, tivera que marchar a seguir traballando na casa dos señores. Eles regaláronnos a lúa de mel: tres días na Coruña.

DO SI E DO NON

A miña única familia de sangue era a Luísa. A Salomé non a podo contar pois había tantos anos que marchara a Arxentina que das poucas cartas que chegaban non se podía dicir que fosen relación de irmás. Luísa, porén, vivía a unha carreiriña de can, así era que estabamos sempre xuntas, unlla e carne, por iso non entendo que os irmáns se poidan levar mal, críanse xuntos, xogan, comparten, viven as alegrías e penas do outro, non me cabe na cabeza que non se poidan levar ben. Nós en canto podíamos, a unha na casa da outra: se ela facía caldo, nada, patacas, verzas, feixóns e un anaquiño de unto, sen carne ningunha, que non che había medios, e aínda pobre así como era, saíalle delicioso, invitábanos sempre a ilo comer alí. E ela viña á miña casa case día si e día tamén. Era tan boa Luísa, coitada, que pouca sorte tivo.

Casou con Luís, un xastre de primeira e bo coma un anaco de pan, só tiña unha cousa, non lle gustaba traballar, unha pena porque tiña unha man... Pero era moi bo pai, e mira que el cariño de pais non recibira, porque era do hospicio. Decía que tivera moita sorte, que o acolleran dúas mulleres. Daquela tocábache, o Estado obrigábase a coller un neno do hospicio, menos mal que non nos tocou, debía ser que xa tiñamos abondos, pero a outra xente tocáballe. Aquelas señoras eran dúas irmás, vivían xuntas na aldea, alá para o lado de Alba, non tiñan fillos nin marido, elas collérono, coidárono, educárono e déronlle un oficio, logo el coñeceu a miña irmá e viñeron vivir aquí, preto de nós, nunha casiña que alugaron. El seguiuise levando toda a vida coas mulleres que o criaron, pero nunca as tratou de mamá, será que eran dúas, será que elas sempre lle dixeron a verdade, inda que nai non é quen pare, senón quen cría. Quizais lle puido dicir a unha delas nai pero a outra quedaba sen o título e preferiron renunciar, porque hoxe sei que hai quen pode ter dúas nais pero daquela non, podías ter unha, morrer e logo ter outra, pero dúas á vez non.

Vivían do outro lado da vía, nunha casiña xeitosa: abaixo a xastrería e arriba a venda. Miña irmá, coma toda muller pobre daquel tempo, traballaba arreo. Tiñan tres nenos, dous xa algo medrados e unha terceira que veu de sorpresa. Iso xa fora un pau para miña irmá. Ese costume de meu cuñado de preferi-la cunca antes que a tesoiira mantiña a artesa bastante baleira, por iso miña irmá, sen escoita-las linguas murmuradoras, comezou a lavar sabas para casas de boas familias, sabas brancas, bordadas, ata coas iniciais do matrimonio, moi común ese agasallo de voda, algo facían eses cartiños, que eran catro

bocas a comer. Mais cando soubo do embarazo... A un fillo quérelo sempre, pero ela xa empezou a sufrir de antemán, que vou facer agora con tres, e mentres non chega, a barri-ga que medra, como lavo sabas co ventre avultado.

Eu teño o recordo que xa aí lle cambiou o brillo dos ollos, non é que fose alegre antes, mais tiña ilusión, polos fillos, velos medrar, sacalos adiante. Polos fillos fas moitos esforzos, tes que estar viva, eles obrigante a saír adiante, a non amouchar, a estar aleuta, atenta, a face-las cousas por moita preguiza que che dea levantarte da cama cando chove a mares para collerlle o leite ás leiteiras, ir ó río a lava-los cueiros de tea manchados de pis, de caca, face-lo xantar, día si e día tamén, prender un lume para facer unha manzanilla no medio da noite cando un deles se sente mal, e cando ti te sentes mal tamén te tes que levantar para darlles o almorzo antes de mandalos ó cole. Os fillos dan moitos traballos, sobre todo antes que non había as comodidades de agora, mais tamén dan moitas alegrías, e fante rir moito, que bonitiños son de pequenos. Miña irmá xa no embarazo foi murchando, consumiu-na, de corpo e de ánimo, por algo din que as enfermidades empezan pola cabeza. A nena naceu ben, branquiña coma unha margarida, loira coma o sol de maio, e azuis os ollos coma o ceo de primavera. Púxolle o nome da nosa nai: Eloísa. Luísa xa quedara algo mirrada coa morte da nosa nai. Coitadas, elas dúas sufriron dúas mortes inxustas, fixéronse mulleres antes de rematar de ser nenas. Salomé tamén, a verdade, tamén debeu sufrir moito a morte da miña nai, ela que nunca atopou o seu sitio no mundo, ela que non puido ter fillos e darlle ese cariño que lle quedou a medias a ela a alguén de seu. Luísa non se acababa de recuperar do embarazo, é moito esforzo para o corpo, pero polo menos víaselle algo máis de alegría nos ollos. Tanto se entrega unha muller na cría do acabado de nacer que esa ansia de que saía adiante alimenta as ganas de estar ben para el, para darlle o leite, para arrolalo, para que non sufra nin chore. E así foi pasando o primeiro ano, ata parecía que Luís lle collera máis gusto á agulla, mais foi unha ilusión, enseguida volveu, dicía el, celebra-la chegada da nova filla co taberneiro, cunca de por medio, o pouco que gañaba alí llo deixaba. E a miña irmá, co corpiño sen recuperar de todo, tivo que volver lavar sabas, coser remendos, limpar escaleiras e á par das forzas que se lle ían, entráballe a tristura e baleirábanselle os peitos. Empezou a rechumirse, coma un pexego cando se seca, e a nena non tiña onde chuchar. Quíxolle dar comida e non lla comía. E xa non se lle vía o brillo nos ollos, fóronselle afundindo en dous pozos, a tusir cada vez máis seguido, mentres seguía en pleno inverno lavando sabas alleas no río conxelado. Enfermou de pulmonía. Pensou que era un catarro e seguiu tirando do corpo, obrigueina a ir ó médico, deulle repouso absoluto. Algo de caso chegou a facerlle, o que pasa é que se non traballaba os fillos non comían, así que quedou a medio curar e foina arrastrando, arrastrando, ela á pulmonía e a pulmonía foina comendo, comendo, comendo...

Foi unha tarde dun agosto caloroso. Antes os veráns eran máis bos, eu acordo cambia-la mesa da cociña para o corredor, que se estaba máis fresquiño, polo menos xantar

sen abafar. Aquela tarde andaba eu no fondo da leira enchendo caldeiros no río para rega-las leitugas sedentas. Xa daba a sombra dos ameneiros na parte máis baixa do terreo, mais eu non paraba de suar, tiña o vestido arregazado ata os coxas e as mangas, xa curtas de seu, refucidas ata os ombreiros. Recoñecín a voz de socato, era o fillo máis vello da miña irmá, o Emilio, aínda non fixera doce anos, era do tempo do noso Celsiño, viña correndo ás alancadas e berrando o meu nome dende moito antes de meterse no carreiro da veiga. Sen miralo xa o souben, polo punto ferido na voz do rapaz souben que algo moi malo acababa de ocorrer.

Os nenos daquela eran máis inocentes cós de agora. Emilio non tiña conciencia do que era morrer, do que realmente ía supoñer que a nai morrese, pero sabía que era cousa mala, por iso mo dixo así, sen voltas. Entendeu a importancia das súas palabras ó ollarme á cara. Non chorei, non o quería asustar, só se me veu unha sombra ós ollos: non me quedaba ninguén.

Celso díxome serio, aquí non. Custoume o que dura un cabreo enténdelo. Logo dinlle a razón. Non era boa idea vela-la miña irmá na nosa casa. Eu podíalle da-los mesmos coidados que na miña, na súa, e así foi. Nunca antes lavara un morto. É, como dicilo, é triste, por suposto, era miña irmá, pero non só triste, de feito non teño recordo nin de salaiar. Sentía algo que non sabía que era, ata me deu vergoña non chorar, parecía que non sentía a dor da súa morte, dábame máis pena pensar nos nenos, aqueles tres rapaciños que farían sen súa nai. E mira que o pai queríaos, que era bo coma un cacho de pan, consentíaos sempre, en todo, falaba con eles, contáballes historias do pouco que sabía, que non era nada instruído, pero quería que os fillos tivesen curiosidade, que algún día soubesen máis ca el. Foi moi bo pai, Luís, pero non lle gustaba traballar e o pan na mesa pasaba polo traballo. Agora tamén, claro, pero aínda hai máis axudas, ós nenos orfos, ós pais sen traballo, daquela eras ti e nada máis ca ti, como moito un veciño que se apiadaba, porque daquela si que nos axudabamos máis uns ós outros, agora parece que hai ata medo de saudarse co da porta do lado, todos miran polos cartos, todos tan estirados. Daquela, a xente, penso eu, era máis humana, máis solidaria. Pero os fillos eran del. Miña irmá, nun punto moi remoto que case non me atrevín a pensar dúas veces, estaba mellor así, ela vivía mal, dentro dela sentía unha tristura infinita que non lle deixaba gozar da vida. Hai xente que leva mellor as penas ca outra, miña irmá tivo moi mala sorte e non se soubo arrepoñer. Así que lavala, vestila, peiteala, facíame sentir ben. Ela, máis vella ca min, sempre que puidera me coidara, e agora era eu, a pequena, a que a lavaba e a vestía para despedila. Limpei moi detalladamente a casa e púxenlle á cama unhas sabas das que ela lavaba. Total, o tal L. R. non llas viría pedir nunca, polo menos que as disfrutase no último momento. É certo que era moito traballo pero tamén che axudaba a leva-la pena. Agora xa non se vela na casa, á xente ata lle dá noxo, semella que se esquecen de que é un ser querido, alguén ó que, cos ollos abertos, quixemos moito, onde mellor que na súa casa para despedilo?

Eu xa o viña remoendo, remoendo, remoendo dende había ben tempo. Non era que subese de certo que ía rematar así, mais o por se acaso xa se me pousara no pensamento. Meu cuñado non había ter problema, máis ben sacabámoslle un de enriba. Ela tan pequeniña e el tan... sen xeito. Os outros dous, meus pobres, íanse ter que arranxar, pero xa estaban máis medrados. Eloísa era moi cativa, dezaioito mesiños tiña. O difícil era falar con Celso, non creo que saíse del nunca, pero dende logo non soubo como dicirme que non. É que ninguén podería negarse, unha meniña de aníño e medio sen nai nun tempo en que os pais non eran como agora que lle fan todo ós nenos. Daquela non cambiaban cueiros nin daban mimos nin sabían que roupa lles tiñan que poñer, como moito dábase-lles ben o de berrarlles cando facían algo malo. Así que, sen busca-la, chegounos a terceira filla. Menos mal que non nos tocou recoller un fillo no hospicio, teríamos catro e iso xa é outro conto. Porque non nos faltou de nada, pero tampouco nos sobrou.

A Celso non lle dixo nunca papá, dicíalle tío, claro, se tiña a seu pai de verdade, non tiña moito trato pero sabía quen era e xa cando veu a maior empezou a levarse máis con el. Era boa persoa Luís, e tiña tan boa man para facer traxes, qe pena que Deus non lle deu moitas ganas de traballar. Cos irmáns tamén se levou, máis de grande. O Emilio aínda tivo sorte, estudou unha carreira rara, mira se era bo Luís que se esforzou por darlle estudos, e saíu para adiante. E Isolina tamén a tivo, que casou cun bo home, moi traballador e responsable. Na nosa casa a Eloísa démoslle todo coma ós outros dous, sempre foi unha filla máis, a mesma roupa, a mesma educación, a mesma posibilidade de estudos. Para Celso era moi importante saber, o coñecemento de calquera cousa. Deses catro traballos que tiña, aínda sacaba tempo para tomarlle-la lección ós fillos, para ler el, encantáballe busca-las cousas na enciclopedia e non lle daba preguiza levantarse a busca-lo tomo, cando estaba na cama non, pero se estaba no sofá ou na cociña, alá ía, viña con el aberto e líame a min. Sabía moito, sen ter estudos, sabía de moitas cousas, por iso era moi importante que os fillos estudasen, para non haber de ter catro traballos, para sabérense defender, para non pasar pola vida cos ollos pechados. Eloísa elixiu a do pai, confección, e tiña a mesma man, ata se fixo o seu propio traxe de noiva. E do noivo tamén o fixo ela!

A min si me trataba de mamá, coitada, non coñecía outra. Aínda é hoxe que a xente que non nos coñece de vello non sabe. Ela é a miña filla máis nova, a irmá dos seus irmáns. Cando me preguntan polos ollos azuis, dígolles que miña nai tamén os tiña. É quizais a que tivo máis sorte dos irmáns de sangue. Tivo nai e avós, tivo casa con xeito, comidiña sempre, aínda que pouco lle importaba a ela. Mi madriña, que mal comedeiriña era, aquel rosario de cousas e cousiñas e manchas e puntos que poñía arredor do prato, aquel bolo que lle duraba seco, cada vez máis seco, horas enteiras na boca. Iamos a algures despois de xantar e ela levaba o bolo redondeándolle a fazula, porque carne súa non era que estaba máis fraca que pau de vasoira. Unha vez, sempre contaba meu home, era pola Peregrina, e iamos á batalla de flores, a ver a Celso tocar na banda, que ía a banda no desfile. Pois ela

marchou da casa co bolo na boca e volveu e seguía o bolo na boca. Celso berraba moito con ela, poñíase recto, ata que o tragues non comes outra cousa. A ela tanto lle tiña, que en comer non lle ía a vida. Pois esa noite deulle noxo ata a el e fíxollo tirar. Eu creo que de tanto chuchar no bolo collía as vitaminas, porque non enfermou nunca. Tivemos sorte, ata niso Deus me axudou. Mal como comía nin unha pulmonía. Nadiña. Nin sequera collía as anxinas canda min. Aquel era Celsiño, eu caía, el caía. Ata que casou non deixou de padecer de anxinas, era cousa miña, vense viu cando marchou.

Eu non o penso moito, diría que nunca, pero xa me teñen dito, sobre todo daquela, cando veu Eloísa con nós, Xenoveva, vaía corazón tes, e teu home tamén. E quen non faría iso pola filla da irmá, dezaeito mesiños tiña. Eu tampouco penso que fixera gran cousa, era o que tiña que facer, non lle din voltas, non me parecía caridade, parecíame a única solución. Axudei porque puideren. Así foi que a segunda vez que a vida me retou, dixen que non. Xa tivera abondo.

Foi que, xa criados os nenos, non lembro se xa estaba casado algún, diría que non, chegoume unha carta. A miña irmá de Arxentina, Salomé, morrera. Era nova, sería oito anos máis vella ca min, non tiña nin cincuenta. Que tristura, non tanto por estrañala, que case non porque como dende nenas que non vivíamos xuntas, nin cerca, pois iso non, pero sentín pena de que a vida non nos dese a oportunidade de coñecernos máis, de axudarnos, de ternos unha á outra para recorrer nos momentos difíciles e compartir nos bos. Como era a vida, de novo, anos despois, a mesma sombra nos ollos: agora si que non me quedaba ninguén.

Miña irmá marchara de noviña para alá, xa casada con César, un home grande, de corpo mol e ollada transparente. Era pícaro pero moi agarimoso, coma un canciño grande. Non falaba moito, porque xa a miña irmá o falaba todo. Alá en Bos Aires viviron moitos anos en Caseros, iso poñían as cartas e eu contestábaas alí. Mandábamus Celso que tiña moi boa letra, a min dábame vergoña que viran a miña caligrafía irregular, ter que andar a preguntarlle ós fillos, con b ou con uve, era máis fácil que escribira el e eu íalle dicindo. Traballaron nun hotel os dous. Seica era unha casona preciosa, desas antigas, con mármore e escalinatas e alfombras cubrindo os sobrados. El era cociñeiro e ela serventa, cambiar sabas, lavar baños, leva-los almozos ós cuartos. Polo que contaban non lles ía mal, ata que o hotel pechou, ou a eles botáronos, non me lembro ben. E fartos de traballar para outros puxeron un restaurante de seu. Algo debeu pasar porque se fose tan ben como eles escribían non ían deixar todo e volver. Miña irmá dicía que estaba farta de estar lonxe e soa, que quería volver para a terríña, e César, que a seguía en todo, como bo canciño, non lle puxo impedimento. Deberon merca-la pasaxe con todo o que venderon, dicían que se desfíxeran de todo canto tiñan, estaban seguros de vírense instalar aquí para sempre. Puxeron un restaurante arxentino. En mala hora. Polo menos puideren ver a miña irmá un pouco máis, para saberlle a cara e os xeitos, coñecerlle a voz e as manías

e defectos. Máis de catro meses non estiveron. Perdas por todas partes. O que foi raro é que, no canto de intentalo con outra cousa, outro traballo, buscar do que fose, se el era cociñeiro algo ía atopar, inda que fose nunha casa servindo, no canto de quedar aquí que tiñan familia, volveran marchar. Xa o din dos emigrantes, unha vez que marchas non es nin de aquí nin de alá. Meus pobres, creo que aquí se sentían de prestado. Esa despedida foi máis triste. Foi, porque a anterior non fora, a min dixéramo miña tía que miña irmá marchara pero eu non me despedira dela. Esta foi dura, eu viños tan perdidos, aboiando no medio do mar, entre dúas terras nas que non atopaban o seu oquiño. A ela aínda non se lle vía o xesto tan mal, eu creo que se sentía pedindo favores e iso non lle gustaba, pero César si, pobriño, iso que el xa non tiña familia aquí, pero notábaselle ben que quería quedar, que este era o seu lado do mundo. Eu creo que el o tería intentado aquí doutra cousa, debeu ser Salomé que co seu xenio non lle deixou opinar ou decidir. E o peor foi cando chegou aquela carta. Salomé morrera, morrera nova, sen fillos, fillos que non puideran ter, nun mundo que non era o seu, sen familia que a fose despedir. E o seu home, na carta aquela, pedíame se podía vir para aquí outra vez, se eu, nós, lle podíamos axudar a volver, a quedar, a estar e vivir. Pénsoo e a verdade é que foi feo, pero non teño remorsos. Nós eramos moitos, Celso traballaba arreo, eu xa tiña a horta, a casa, tres fillos. Xa facía esforzos abondos. Non podíamos. Non sempre se pode axudar, ademais eu tampouco o coñecía tanto, só daqueles meses que estiveran aquí, que non fora nin medio ano. Foi de consenso con Celso, el díxome, como ti vexas. Eu tiveno claro. Non. Do único que me arrepinto é das formas. Moitas veces pensei nese homiño agardando pola nosa resposta, pensando que pasaría, chegaría a miña, perderíase a súa, cismando posibilidades, vou, non vou, a incerteza, e se vou, o silencio, non contestarían. Debeuno entender, se non, digo eu, volvería insistir. Agora cos anos sinto que o abandonei, creo non escribín por covardía.

MULLERES Á FORZA

Sempre me deu pena non ter máis recordos de miña nai. Niso envexo algo ás miñas irmás. Nin sequera envexa, máis ben é pena, pena de non ter máis imaxes para velas de vagar cos ollos pechados, coma unha película que pasa dentro da miña cabeza. Coido que iso algo me calmaría. Tranquilizar, compensar, algo. Sería como facela vivir outra vez dentro de min. Os poucos que teño diría que son prestados, inventados a partir de frases doutra xente que a coñeceu mellor ca min. É triste non coñecer ben a túa nai por falta de tempo. Por calquera motivo, en realidade, porque se é por non levarse ben, triste, se é porque non te quixo ter, triste, se é porque non a coñeces porque te tivo que dar cando naciches porque non te podía criar, igual de triste. Nai só hai unha, está ben dito ese dito. E eu á miña coñézoa dunha foto, unha soa que me ensinaron unha vez uns paisanos de Soutelo. Meu fillo traballou alí un ano, mestre do colexio, e dedicouse a investigar sobre os avós que non coñeceu. Despois, o que atopou ensinoumo a min, un día que me levou a visitar uns veciños. Pediulles que me ensinaran a foto. Era guapísima, aínda en branco e negro, aínda vestida de labrega, aínda co pelo tapado e o rostro curtido e os ollos cansos, era guapísima. Pedinlle a meu fillo que lle fixese unha copia e leveina a enmarcar. Creo que dende aquela imaxino recordos, fágoos eu, invéntoos, porque as miñas irmás non me compartían os seus, case nunca falaban dela. Ás veces a dor déixanos mudos, algo así lles debeu pasar a elas. Tamén o seu lado malo ten, elas pagárono con máis sufrimento, coitadas. Precisamente por iso, porque tiñan máis idade, máis recordos, máis conciencia, supoño que lles foi coma un vimbiazo ben zoado no ar antes de baterlles no lombo, miñas pobres. Unha de cal e outra de area, un pouco máis de infancia, ca min, refírome, pero tamén a morte dun pai, que eu diso non tiven nunca, seguida da morte da nai. E logo, a facerse mulleres. As tres, as tres nos tivemos que facer mulleres cando miña nai nos deixou. Por iso mentres a nai non falte, sempre hai unha axuda, un consello, unha palabra. Cando falta, só ti tirando para adiante.

Cando miña nai morreu eu tiña oito anos e miñas irmás doce e catorce ou catorce e dezaseis. Dese día non lembro nada. Non sei dicir se morreu na casa ou no médico, supoño que na casa, porque daquela todo era na casa, nacer, morrer, velar. Tampouco lembro de que porque diso non falamos máis coas miñas irmás, á maior só a vin un par de días dende aquela, coa outra nunca precisamos saca-lo tema. Precisamos é un dicir,

quizais non nos atreviamos ou sabiamos que non nos ía servir de nada. Agora parece que as cousas se falan máis, pero daquela calábase moito. Quizais se sabían sen dicilas.

Do que si me lembro é do enterro, ou máis ben non me lembro de nada porque non me deixaron ir, tiven que quedar na casa da miña tía Eleudina, soa co seu home. Eu buscábo, coa mirada, coa proximidade, coa palabra. É increíble o que entenden os nenos. Recordo que ninguén me collera polos ombreiros e me dixera Xenoveva, a túa nai morreu, debino entender sen palabras, por iso buscaba algo do adulto que quedou comigo, quizais un agarimos para calma-la inquietude, e el, pobriño, que ía saber como explicarme o que pasaba, dábame mimos na cabeza, era o que lle saí, era moi bo o tío Paco, moi meniñeiro. Esa tarde fíxome un boneco cunha espiga de millo e catro paus facendo de brazos e pernas.

Estivemos xuntas uns días alí, as tres naquela casa. Foi a última vez que fomos nenas, irmás. Mágoa que non o sabiamos, se non teríámolo aproveitado máis, digo eu, oitenta anos despois e co que sei agora. De nena non sabes, quizais por iso tamén a infancia é feliz, porque non sabes o que vén. Deses días apenas teño recordos, só imaxes, algunhas borrosas, nin sequera en movemento, quietas coma se fosen cadros, pero cadros con olores e sons. Lembro o taconeo da miña irmá máis vella, Salomé, sobre o sollado, taconeo que avanza dende lonxe e se detén en seco, as punteiras dunhas botas vellas e furadas asomando polo van da porta. Lembro a voz de Luísa chamando por min para que fose axiña a almorzar, o arrecendo a leite fresco, a pan acabado de desenfornar e as tres cunquiñas postas na mesa. Lembro unha aperta que me deron as dúas á vez, supoño que sería o día que marcharon, coma un cadro pero con textura, a calor dos seus corpiños, máis de mulleres, arredor do meu, aínda de nena, a presión dos brazos rodeándome, coma un nó de irmás. Levounas o médico de Soutelo no seu coche, poucos tiñan daquela na aldea, e el usábo para visita-los pacientes de noite e para ir á vila un par de veces ó mes. A miña tía pedíralle o favor de que as levara para aforra-los cartos do coche de liña, eu estaba cando llo pediu, levoume a min canda ela a falar con el, conseguíralles, por medio dunha coñecida súa, traballo en Pontevedra, ían entrar a servir. Mulleres á forza.

Despois quedei soíña. Ese tempo debino borrar, non sei nin se foron días ou semanas enteiras ou meses, os tres sós, porque eles non tiñan fillos, os tres alí. Agardabamos, non sei a que. Eu era moi pequena para decatarme, pero agardabamos algo, porque recordo quietude na casa, non había o movemento do traballo, do a cotío, do facer, mercar, limpar, cociñar, pasa-lo ferro, olor a xabroón, a leite, a pan, a limpo, as portas a abrírense, pechárense, as contras, as alfombras boureadas no balcón. Nada. Silencio. Quietude. Tempo que pasa de vagar.

Foi unha tempadiña, nin moi curta nin demasiado longa. Sei que non comiamos moito e almorzar só almorzaba eu, leite quente con algún currusco de pan reseso. Quizais estaban agardando a acaba-la comida. Ou non mercaban máis comida porque en

calquera momento ía chegar iso que agardaban. Miña tía e meu tío berraban, levantaban a voz unha ou dúas veces ó día. Eu xogaba, xogaba soíña co boneco que me fixera o meu tío. Unha tarde que a miña tía me viu como lle facía subir e baixar un chanzo ó boneco, díxome, e non terá frío, así espido como vai?. Antes de remata-lo día fixérame unha roupiña para a mazorca. Tratábanme ben aínda sen quererme coma a unha filla. Digo eu, porque non me daban nunca bicos nin mecos. É certo que eu non o era, pero coa miña nai morta e eu tan pequerrecha... Debín chegar demasiado tarde, quizais cando xa asumiran que non tiveran nin ían ter unha de seu, pero ben sempre me trataron. Aquela noite foi a última que escoitei dende a cama as voces altas a discutir. O día seguinte empezou o movemento.

Escoitaba portas a abrírense e pechárense, os pasos apurados no sollado, os caixóns, voces de présa, eu seguía xogando. Nunha destas setín que turraban por min, a miña tía collérame polo brazo e xa me estaba subindo a un coche de liña. Cando arrincou, o tío sentoume no colo e faloume, Pontevedra, as túas irmás, non volver, casa, vivimos mal, cidade, xa verás como che gusta. Miña tía ía moi seria, prefería non mirarme, nin a min nin ó home nin á casa que quedaba atrás, pequena, pequeniña, pequenísima, ata desaparecer. Miña tía era seria e non aprobaba o carácter encantador de meu tío, sempre tan meniñeiro comigo. El sorríume, para darme azos; eu supoño que pensei que se alí ían estar Luísa e Salomé tiña motivos para sorrir, e sorrínlle.

Meus tíos nada máis chegar á vila xa tiñan casa onde vivir e negocio que atender. Non sei se era herdo dalgún parente de meu tío ou se quen o levaba marchara á emigración e pedíralle a el que o mantivese vivo ata que volvese das Américas. Unha taberna na rúa da Ferruxería, xusto na esquina, que lles deu de vivir ata que, xa de velliños, voltaron para Soutelo, supoño que a aquela casa da que miña tía non se quixo despedir tantos anos antes. Daquela, Pontevedra era moito máis pequena que agora, aínda que a min me parecía grandísima, sobre todo porque as casas, tan xuntas como eu nunca vira, non deixaban ver os campos de arredor, entón era como se as casas durasen sempre. Todo lle parece grande a uns ollos de oito anos.

A taberna xa estaba montada, por iso eu penso que a recibiron de alguén. Lembro os toneles xigantes suando viño tinto coas billas coma peteiros. As mesas eran daquela maneira: a maioría, cubas vellas ou táboas entre torres de caixas de gaseosa. Era moi escura, a única luz que entraba era a da porta e a maioría das veces, pola chuvia, o frío ou a calor, estaba pechada. A barra era de madeira, ancha e pegañenta, e sobre dela colgaban chourizos e algún xamón, que pingaban sobre da barra facéndoa aínda máis pegañenta. O chan sempre estaba sucio, escarvantes, servilletas de papel, terra, viño pisado, pegadas xigantes de zapatos de homes. Non cheiraba moi ben tampouco, supoño que era o viño e o alento daqueles homes concentrado alí durante horas, facéndose máis avinagrado con cada cunca que pedían.

Tiñamos un gato. Chamábame a atención ter un gato porque na aldea os gatos non son de ninguén, están, camiñan, comen o que poden. Pero os gatos de cidade eran distintos. Polo menos aquel noso, que non me lembro como lle chamabamos, probablemente Michiño, daquela non se lle poñía nome ós bechos, tódolos gatos eran Micho ou Michiño e tódolos cans eran Trosky. O que sei é que era bonito coma un sol, todo gris, igualiño, menos unha pata branca. Ás veces xogaba a perseguilo entre os bocois e outras a buscalo. Parecía que se volvía invisible do ben que se agachaba o condenado, iso que eu sabía os seus lugares preferidos: derriba do bocoi do viño branco, debaixo da artesa, o máis preferido de todos era ós pés da miña cama, porque como a miña tía non lle deixaba estar alí, a el encantáballe. Cando non o atopaba, para enredar nalgo axudaba a levar con tento as cuncas de viño case desbordantes ata as mesas ateigadas de homes vellos que xogaban ás cartas. Había días en que os homes vellos non paraban de pedir viño e viño e máis viño e logo estaban contentos de máis, berraban e tocábanme moito a cabeza cando lles ía leva-las cuncas. Co tempo aprendín a agacharme debaixo do mostrador para que non me tocasen a cabeza cos seus dedos osudos e engurrados. Dende alí empecei a ver as mans do meu tío sobre partes do corpo da miña tía que non vira antes. Discutían menos, diría que nunca, ata me parecía que se querían máis, que falaban máis e se tiñan paciencia. Meu tío facíaa rir, eu non vira nunca a miña tía rir, tampouco a gargalladas que ela non era alegre de seu, pero si o miraba con tenrura, longo e pausado, e botáballe un sorriso. Ó principio pensei que iso quería dicir que a miña tía estaba máis contenta naquel lugar, tan contenta que ata lle deixaba quedar a man pousada no van, na nádega, na coxa. Pero co tempo viuse que non, levábanse mellor porque ningún dos dous estaba contento e un atopaba soporte no outro.

Pasaba o tempo e eu non vía as miñas irmás. Miña tía trataba de enganarme dicíndome que non lle daban permiso para saír, que as súas señoras eran duras mentres elas non aprendían, pero que xa sairían algún domingo e así poderíamos vernos as tres. Non teño recordo de que tal cousa pasara. Ademais, eu pedíalle que me levase a ve-las casas onde traballaban e ela dicíame que non sabía cales eran, e aínda sabendo, que dende fóra non as iamos dar visto. Funme aburrindo da novidade da taberna. Inda por riba, unha tarde o gatiño non apareceu máis, así que aínda me resultaba máis duro estar alí.

Amais, a cousa foi cambiando, como se todo se volvese máis escuro e fedorento alí dentro. Sería eu que xa estaba aburrída. Na aldea os xogos son outros: gabear polas árbores, correr polos prados, cazar lagartos, ir coas vaquiñas, buscar castañas. Na taberna o xogo era limitado. Teño esa sensación como se o recordo se fixera máis escuro, cada vez servir ata máis tarde, máis voces fortes, máis homes a bater nas mesas, máis enrugados, máis tocóns, máis barulleiros. Miña tía Eleudina dábase conta de que aquel non era lugar para unha meniña, entre liortas e berros de canecos. Algún berro ten pegado para defenderme e cada vez máis amiúdo me mandaba para arriba, para a casa. Ata que un día

armouse a boa. Eu quedara durmida nun agocho que tiña, nun recuncho oculta detrás dunha fresqueira. Seica me veu un dos clientes alí e sentou debaixo miña de xeito que a miña cabeza quedaba no seu colo e cunha man sostíña a cunca e coa outra aloumiñábase a cabeza. Eu non me lembro, debía estar moi durmida, os nenos cando dormen fano profundo e non os esperta nadiña, e menos uns aloumiños. Algo así foi o que entendín do que lles oín ó día seguinte a meus tíos, falaban mentres miña tía quentaba a auga para bañarme e me metía a roupa nunha maleta. Despois do baño, púxome un vestido novo, ben bonito, e levoume da man pola vila adiante. Eu preguntáballe se xa lle deran permiso a Salomé ou a Luísa para vernos, mais ela non me quería contestar.

Andamos bastante, ata pasáramos por lugares que non me leváran antes, pero a todo correr, co paso acelerado. Eu sentía que ela turraba de min. Finalmente, chegamos a unha porta fermosa, acórdome coma se fose hoxe, dúas follas, traballada minuciosamente, unhas figuras de quedar pampo, como se podían facer tales cousas en madeira, uns chamadores dourados e tamén unhas asas para empuxar, a madeira vernizada, daba xenio velas. Ó levántala vista, unha casa grande baixo a sombra da Peregrina. Mirei para a miña tía, que me miraba en fite. Ela chamou sen explicarme nadiña, agardou en silencio ata que un señor abriu a porta dende dentro, bicoume cos ollos empañados e deume un empurrón moi suave acompañando o meu cu coa súa man. Marchou sen dicir nada. Eu case boto a correr detrás dela, mais a voz do home, cariñosa e grave, freoume o ademán.

Nesa casa servín algo máis dun ano. E que pena porque tería sido unha bonita casa para medrar. O primeiro xesto agarimoso que tiveron comigo foi xa o día da miña chegada. Eu entrei na cociña seguindo ó señor e alí me agardaba a señora. Cando me viu entrar botou as mans á boca e cando se puido recompoñer da sorpresa botou a man a un traxe de criada preparado, limpo, lisiño, sen enruga ningunha. Quixo agachalo da miña mirada. Genoveva, bienvenida, disimulou a incomodidade cun sorriso grande e o xesto aberto, qué lindos rizos que tienes. A min chamoume a atención ese comentario porque a miña tía tía moito berraba co meu pelo, que non había quen fixera bo del. ¿Quieres comer algo? Ahora mismo te preparo un rico desayuno. Eu seguía calada, non creo que tivera medo, máis ben non entendía que facía alí pero como a miña tía nin almorzo me dera, comín naquel biscoito mollado en leite coma lima nova. Non me fixeron poñer uniforme nunca.

Eran cinco na familia. O señor tiña unha tenda de teas, íalle moi ben. Seica era honrado e sincero, valores que a clientela apreciaba. E naqueles tempos a xente, a que podía, mercaba moita tea para face-la roupa. A muller era castellana ou andaluza ou murciana. Viña veranear a Pontevedra e nunha ida e vida prendouse do que axiña se converteu no seu home. Eran un matrimonio dos que poucos había: non só se querían, tratábanse con moito respecto, de igual a igual. El, a verdade, é que era un sol. Sempre me traía... a que máis recordo foi a primeira vez. Era tarde, a min só me quedaba lava-los pratos da cea pero estaba a agardar a que el chegara. Aquela noite parecía que se retrasara, xa a muller e

as fillas cearan e estaban no salón facendo a sobremesa, lecturas e conversa. A muller dérame permiso para me ir deitar, xa lavaría pola mañá. Eu sentei a agardar un anaco, man sobre man, fronte no dorso de arriba e o sono prendoume sen me dar conta. Espertoume a man del aloumiñándome os rizos. Ó ergue-la cabeza vin aquilo. Non daba creto, eu con dez aniños que non sei se xa tería cumpridos, nunca vira tal cousa: unha masa cuberta de crema salferida de azucre branquísimo e finísimo. Mireino sen falar, es todo para ti, collino coas dúas mans e quedei mirando para el, aínda lle preguntei se se comía, el non puido conter unha gargallada, moi ó seu pesar, e logo engadiu con dozura claro, bonita.

Debíalles dar moita pena, por iso me trataban tan ben. Tiñan tres fillas, unha case coma min e as outras dúas aínda máis pequenas. Eu que sei o que lles pasaría pola cabeza. O que sei é que eran moi bos comigo, moi bos moi bos e non se merecían a desgraza que lles tocou.

Nesa casa empecei a aprender, porque non se pode dicir que o aprendín todo. A señora tiñame tanta mágoa, digo eu que sería iso, que non me deixaba facer moitas cousas. Eu non sabía que as tiña que facer, se non tiña nin dez anos, que ía saber. Pero ela íame aprendendo, coma quen non quere a cousa, ves, Genoveva, tú coges la salsera por el asa y con el trapito vas frotando, y para que no se te caiga, te sientas y la apoyas en el regaz, nesa casa tamén aprendín o castelán. E volvínxogar con nenas, ou xoguei por vez primeira, con nenas da miña idade. A señora dicíame, cuando termines de lavar ahí, ve al cuarto de Rosalía, que te llama para jugar. Como me chamaba a atención ese nome, non o oira nunca e cando llo escoitei á nai, chamando por ela para presentarma, o día que entrei alí, quedei prendada. Non era Rosa, o nome de flor que se oía tanto na aldea, non, era Rosalía. Encantoume, tanto tanto que lle puxen o seu nome á miña filla. Supoño que a nena era tan riquiña comigo que por iso tamén axudou. Esa nena foi máis irmá miña que as miñas propias irmás, máis dun ano xogando con ela tódolos días, ata me ensinaba cousas. Ela aprendeume o pouquiño que sei de ler e escribir, viña tan contenta do cole que me quería compartir todo o que ía aprendendo, día a día. Iso debíame facer apura-las tarefas, porque eu o que máis quería era xogar, e naquela casa había xoguetes de tódolos tamaños e formas, cousas que os meus ollos nunca viran. Tamén tiven a mellor cama onde durmira ata entón, comín a mellor comida ata entón, vivín quentiña o inverno enteiro que alí pasei e tiven roupa e zapatos novos. O máis parecido a uns pais que tivera dende a morte da miña nai. Pero o conto acabou rápido e mal. Mal ou ben, porque eu creo que tiven sorte. Por iso digo tanto que Deus me debeu axudar moito. Viume indefensa, pequena, sen pais, e axudoume.

Coma tódolos veráns, recibiran uns familiares da señora que viñeran botar unhas semanas na casa deles para ir toma-los baños ás praias de Marín. Antes non se ía á praia como agora, era unha semana, os sete baños por saúde e abondo. Aquel ano viñera unha irmá dela que dende que casara non volvera pisar terras pontevedresas. Como o home a

abandonara, ou iso se escoitaba entre as paredes daquela casa, viñera a despexa-las penas. Era unha muller moi alegre, intelixente, suave no trato e levábase moi ben co señor. Ese verán usouse o piano que había no salón por primeira vez dende que eu servía alí, ela tocaba e el cantaba, tódalas noites despois da cea. Eu quedaba a escoitar detrás da porta xa coa louza lavada e o pixama posto. Levábanse tan ben que ela, para estar un pouco máis con el, o ía buscar cando el pechaba a tenda e viñan dando un paseo mentres el, a petición dela, lle contaba cousas de Pontevedra. Eu axexábaos dende a ventá do comedor, facendo que poñía a mesa para a cea, mentres entraban no edificio empurrando aquelas portas fermosas de madeira tallada. Nin que soubera ela que tiña que vir a despedirse do seu cuñado. Foi empeza-las primeiras chuvias e el enfermou do pulmón, coma tantos. Daquela era moi común e ben se sabía que quen a collía levaba tódalas de perder. Así lle pasou a el, levouno axiña. A muller tratou de seguir co negocio pero non foi quen, non lembro se enfermou de pena ou se non soubo levalo ben. Empezaron contando os grans de azucre que lle botaban a cada cunca de café, calando as penurias, poñendo escusas para non saír da casa a ese mundo de aparencias, hipocrisías e dixomedíxomes que era a vila onde eu me criei. Endebedouse ata que se lle fixo imposible seguir e a única solución que atopou foi marchar de volta para a súa terra.

Outra vez sen casa, sen familia, sen irmás e sen xogos. Non mo explicou a señora, quen sabe se non foi capaz pola mágoa que lle daba, foi a filla máis vella, Rosalía. Sentoume diante dela, agarroume das mans, debía ser un ano ou dous máis vella ca min porque esa serenidade tan madura a dicirme as cousas non é dunha nena de dez anos. Explicoume o que pasaba, a solución que atoparan e cando rematou, escorregoulle unha bágoa que lambeu cando lle chegou á boca. Eu pregunteille se non nos íamos ver máis e ela só negou suavemente coa cabeza.

Ata no final de todo a señora portouse moi ben comigo. Xa levaban días gardando as súas cousas en bauls, algunhas, porque moitas xa as foran vendendo para ir pagando débedas que non minguaban. Non só mobles, tamén adornos, xoias e mesmo roupa, vestidos da señora e tódolos traxes do señor. Eran bos, facíallos un xastre amigo co que facían os negocios xuntos: o xastre mandaba as clientas a mercarlle as teas ó señor, el mandaba as clientas a face-los traxes co seu amigo. A señora só se quedou cun pano do seu home, un pano de seda cun estampado alegre que usaba el no pescozo. Aquel era o seu pano preferido. Seino porque o resto da roupa mandoume a min a levala a unha casa que lla mercaran toda, a ela éralle doloroso demais. Xa se vía a casa baleira, resoaban os pasos, as voces, o ruído dos cubertos pouquiños que quedaran, xa non me facía limpa-los chans nin tiñamos cortinas. Xa tiñan día para regresar, viríaa buscar un daqueles familiares que viñera veranear á casa. No medio daquel barullo baleiro chamaron á porta, era a miña tía. Eu ía ás veces a xantar con eles á taberna, non moitos días, ou se non víñame buscar a miña tía e levábame a dar un paseo, mercábame algunha lambonada e preguntábame

que tal estaba. Onda as miñas irmás non me levou nunca, só unha vez atopei a Salomé paseando do brazo dunha amiga unha tarde de domingo soleado, pero pasou ó lonxe e nin puidemos abrazarnos. O caso era que a señora tivo unha conversa coa miña tía, se quería podía recomendarme a outra casa, para que servise alí, era das melloriñas de Pontevedra, non me había faltar de nada. Miña tía aceptou, como non ía aceptar, a taberna non mellorara moito, ela ben sabía que era mellor meterme a servir.

Da man me levou, a señora, a miña primeira señora, da man, a unha nova casa. Recomendoume, falou marabillas de min. Non lembro como a nova señora lle dixo que si, que me aceptaba, porque eu estaba máis pendente da despedida. Anicouse diante miña, colleume o queixelo coa man e deume un bico longo, brando e amargo na fazula, pórtate bien, Genoveva, que estos señores te van a cuidar mucho, arranxoume os rizos cun xesto automático e marchou despois de darlle as grazas á miña nova señora. Ela si, nada máis entrar na casa ensinoume o uniforme que debía levar dende aquel preciso momento. Pequeniño coma min.

A DESPEDIDA

Hola, Veva, ¿cómo estáis? ... ¿Y tus hijos? ... Vaya, no sabía, qué orgullo debes de sentir. Ya tus hijos en su momento y ahora tus nietos Nosotros bien, la verdad, todos bien ... Ella la que mejor está, ya sabes cómo es, con su sonrisa perpetua en la cara ... Sí, tienes toda la razón, pero nadie, mujer, nadie se merece que se le muera un hijo ... ¿Su favorito, te parecía, sí? Ella nos quiere a todos por igual, o eso dice ... Mira, te llamo porque te quería invitar a la celebración de sus ochenta años ... El día propio es el quince, pero como cae en martes, lo hacemos el sábado ... Claro, no se cumplen todos los días ochenta años, ni todo el mundo llega tan bien, por eso hay que hacer fiesta ... Va a ser en el Casino... Sí, allá en la Caeira, lo hacemos de noche porque así le da tiempo a mi hermana la de Madrid a llegar, porque el marido tiene guardia hasta las diez de la mañana ... A partir de las ocho ya empezamos a recibir a los invitados. No sé si necesitáis que mandemos a alguien a buscaros ... Mira que puedo pedirle a Chiqui, sabes que le gusta conducir y él tiene sitio en su coche ... Claro, aún tenéis el 206? ... Como queráis, sin compromiso, Veva, que sois de la familia ... Nada, invita mamá, que para que quiere ahorrar a estas edades ... No, mujer, entre todos los hijos, es nuestro regalo, no te preocupes. Nos vemos dentro de un mes Un mes justo, estamos a diecinueve ... Abrazo fuerte, Veva, saludos a Celso.

A nós sempre nos gustaron as celebracións, ir comer fóra, poñernos guapos para saír. Non ía ser menos esta ocasión, non se fan oitenta anos tódolos días. Para nós era unha honra, máis de cincuenta anos despois de marchar daquela casa aínda me querían tanto como para invitarme á celebración dos seus oitenta anos. Non eran nada estirados, sabíamos que nos habían tratar coma da familia, así que íamos con gusto. Os traxes estaban listos: os que levamos nas nosas vodas de ouro. Esa si que fóra unha celebración. Botámo-la casa pola ventá: mariscada para toda a familia, e non a familia de fillos e netos, non non, irmáns, curmáns e os seus maridos e mulleres. Que ben o pasamos ese día, quedaron unhas fotos preciosas. Fíxonos moi ben ver a toda a familia xunta, o marisco e o champaña tamén nos fixo ben e a música do meu cuñado no acordeón. Había menos dun ano diso, así que os traxes non os volveramos usar. Só había que pedir cita para que me peiteasen e mercar un bo regalo. Faltaba un mes, tiña tempo abondo. Pedinlle consello a unha filla, á outra, unha por mellor gusto, outra por máis dilixente e aforradora. Á miña nora xa escusei de pedirlo porque ela non é de ostentacións, e esta señora, é certo que

xa non era o que fora esa familia, pero tiña alcurnia, non lle podía regalar un floreiro de Sargadelos. Percorrín xoerías de Pontevedra, diría que case todas, as grandes, as que teñen tamén marcos de prata e figuras bañadas, Ela a nós regaláranos iso polas vodas de ouro, iso que non a invitamos á celebración, unha figura de dúas pombas tocándose nos peiteiros, toda bañada en prata sobre unha base de madeira fina. A verdade é que nunca me acabou de convencer, así que non lle ía regala-lo mesmo. Realmente non me convenía nada, todo me parecía pouco ou moito, pensaba na señora, oitenta anos, usaría unha cadea regalada por min cando debía ter centos regaladas por seres máis queridos, usaría uns pendentes regalados por min cando debía ter tantos que non lle daban os días para poñelos, un chal de seda, un reloxo, un xogo de café, unha colcha, un marco de prata para que puxera unha foto cos case vinte netos que ten, unha planta para o xardín que era o seu paraíso. Cartos parecíame horrible. E Celso diciame, así non te complicas e polo menos non lles damos gastos. Era horrible. Que llos ía dar nun sobre, coma ós netos polos aniversarios ou polos Reis. Por favor.

Por fin atopei. Agora mirando para atrás dáme algo de vergoña, pero sei, porque mo ten dito ela cando a ía visitar, que a usaba moito, que me estaba moi agradecida por un regalo tan práctico, y no un marco de fotos de prata, Veva, que ya no tengo muebles donde poner tanta foto. Faltaba unha semana para o día propio. Eu quería levar ese día, non o sábado da celebración. Non ía aparecer eu con Celso do ganchete e unha bolsa na man en pleno Casino. Quería ir á súa casa, darlle as grazas por lembrarse de nós, darlle unha felicitación máis íntima e entregarlle o regalo. Esa tarde, unha semana antes, funo mercar. Fun soa porque as miñas fillas tampouco estaban de acordo co regalo, era bastante máis fino un florero de Sargadelos, mamá, así que non as quería escoitar rosmar. Lémbrome que lle pedín ó rapaz que me atendeu que mo envolvera para agasallo. Pobre, non entendía, tivenlle que explicar: ti imaxina que eu son a túa avoa, que ti es o meu neto, que sei que por herdanza que pasou a través da túa nai, da miña filla, ti tamén tes os pés fríos sempre e iso non che deixa durmir, entón eu, que son a túa avoa e te coñezo, quero regalarche un chintófono destes, non cho vou dar así, coa caixa fea que ten, terei que convertelo nun agasallo xeitoso, con papel e lazada para que che faga ilusión abrillo, para que digas carafio co agasallo da avoa, entendes? Acaboume dicindo que non tiña papel de regalo. Antes de volver a casa, tiven que pasar por unha papelería a mercar un, e dáme un lazo deses, por favor, o máis grande e vermello que teñas, xa mo envolvería algunha neta cando me viñera visitar cando volvese o venres da universidade, como volvían en tren, pasaban sempre por alí. Volvín algo lenta porque facía moita calor, era tarde pero aínda se sentía o aire quente, as paredes soltando bafo denso que acumularan durante o día. Aínda enganchei un pouco nunha silveira chamada Rosa que vivía alí, case porta con porta, dende había case corenta anos, pois seica nos botan, Xeno, que vai pasar unha estrada por aquí e a nosa casa está no medio, por un lado ben porque xa está tan vella que

tiñamos que gastar máis en arraxala que en facer unha nova, pero por outro, é a nosa casa. Tiña un desgusto, pobre, e ó final nin lle tiraron a casa nin pasa a estrada e alí está o terreo a monte coas silveiras a voar por riba da reixa, que te enganchas se pasas a carón. Cheguei a casa pensando na veciña que se ía do barrio e cando abrí a porta da casa xa me din conta que algo pasaba. Celso sempre me saudaba cun volviches, Xenoveva? Esta vez había silencio. Podía estar no patio, varrendo sobre varrido como enredaba el ou falando coas galiñas alá no fondo e non escoita-la porta, pero algo me daba no corpo que tampouco era iso. Non quixen berrar por el, debeu ser a intuición. Fun percorrendo a casa en silencio, ata que o vin tirado no chan da salina. Que impresión. Movía os ollións, non podía falar, queríase erguer e non podía. A min só me saía da boca miña vidiña, miña vidiña. Nisto que escoito a voz de Rosa dende a rúa, Xenoveva, deixaches a porta aberta, muller. Axúdame, Rosa, axúdame, Celso... Celso... Celso... Do que veu despois non me lembro nada, como se non o vivira, contoumo ela despois, cando pasou todo e veu visitar a Celso unha tarde. Foi ela quen colleu o teléfono, marcou o número da miña filla -eu teño os números dos fillos escritos no aparello do teléfono con rotulador vermello dese que non se borra- e a miña filla foi quen chamou a ambulancia. Seica xa foi directa para o hospital. Alí estaba cando nós chegamos, agarroume a min e deixámolo ir a él, miña vidiña, na padiola. Cando cruzou a porta e xa non o puidemos seguir nin coa mirada, rompín a chorar e dende aí foi como se me volvese a conciencia, dende aí xa me lembro de todo.

Fora un derrame, afectoulle ó lado esquerdo, pero enseguida recuperou o movemento e a fala. O que non volveu foi a visión do ollo esquerdo. Vía como a través dunha celosía, só cadrados, ou puntiños, non era capaz de compoñer a imaxe enteira. Tardou moito en acostumarse a ver así. O peor foi que tivo que deixar de conducir, iso si que foi un pau para el, custoulle moito aceptalo e aínda cando os fillos de tanto berrarlle lograron que non conducira máis, tardou tempo e tempo en vende-lo coche. Pero á festa fomos, abofé que fomos, e que ben nos veu. Xa a deramos por perdida, de feito eu non lle fun leva-lo agasallo en persoa á señora, chamei por teléfono á filla, a que me invitara, ela sempre chamaba para saber de min, aínda hoxe en día, finada a súa nai e o meu home, segue a telefonar. Chameina para dicirlle que non iamos, que pasara isto e o outro e que non podía ser, moitas grazas, pasádeo ben.

Foi a miña nora que me insistiu tanto durante os últimos días, se Celso xa está ben, non hai risco, van un anaco, non teñen que estar ata tarde, volven en taxi, pásano ben e distraéanse, venos a todos xuntos despois de tantos anos, ademais para a señora vai ser un regalazo velos alí, e así tamén se dan conta de que poden seguir facendo cousas, vida, pasándoo ben. Conseguíuno e pasámolo moi ben, abofé que si. Estaban tódolos fillos, todos menos o que xa lle morrera, pobre muller, que dolor que che morra un fillo, todos os que eu vira nacer, porque o que morrera era o primeiro e el xa nacera cando eu entrei con once aniños a servir. Estaban todos cos seus homes e mulleres, todos me coñecían e me

preguntaban polas anécdotas daqueles tempos, todos coñecían a Celso e interesábanse por el, facíanlle bromas. Ata vin a dúas das chicas que traballaran comigo. Unha xa había anos que morrera e a outra marchara a vivir a outro sitio. As tres que estabamos falamos moito, a unha deulle por recordar o día en que Celso veu coa súa nai a pedirlle ó señor a miña man. O señor, que bo foi comigo, coma un pai, que ata foi el quen me deu permiso para casar, sempre tan amoroso, cantas inxeccións me puxo, con tanto coidado e respecto, eu morría de vergoña só de pensar en que me vise espida, sempre lle ía dicir á señora e ela tranquilizábame, Veva, yo voy a estar contigo, e alí estaba, só lle faltaba collerme a man, eu subía a saía só o cachiño de perna abondo para que a agulla vise a nádega, uns centímetros de pel, e baixábaa correndiño, a dor nin a sentía de tanta vergoña, e despois, eles, cando eu xa marchaba a seguir cas tarefas, rían coma condenados, que os escoitaba eu por moi pechada que tiñan a porta. Pois aínda nos fixo rir Carme coas anécdotas que recordou alí. Nin que falar da comida, todo delicioso, cun gusto, comemos de marabilla. Iso mantivo contento e entretido a Celso e tamén o viño e o coñac da sobremesa, como non tiña que conducir deixeiño que gozara.

Que ben fixemos en ir, porque aquilo foi só un aviso, o primeiro. O ano seguinte houbo outro. Ese deixouno practicamente cego, xa non recoñecía a ninguén pola rúa. Pobriño, as primeiras veces que lle pasou volvía todo triste, Xeno, atopei a Paula e non a recoñecín, tívose que achegar a min moito e dicirme, avó, son eu, e aí si, pola voz. Dáballe cousa que o saudaran e el non ver e que a xente o tomara a mal. Tamén lle tivo moito medo a cruza-las rúas el só, tanto medo que non quería saír. Debía ser máis unha reacción de desgusto, como se vía que non podía, non podía coma antes el só coa mesma lixeireza, debeulle dar por pensar no fin da vida, na recta final que xa lle empezara, o non valerse por si mesmo, el que foi tan activo, tan sociable. A vellez remóveche moitas cousas, acúrtaseche o futuro e alóngaseche o pasado. Pero eu aínda non o vía así, dese xeito que o vía el, por iso me tiven que poñer firme, quedábanlle anos de vida, non os podía pasar enclaustrado na casa, así que fixemos un adestramento: leveino do ganchete, el a min, mais ben, e fomos tomando as distancias das rúas, dos cruces, estudando os pasos de peóns menos perigosos. Ó final púidolle máis ir botar un parrafeio co seu amigo reloxeiro e logo pasar pola de Duarte a toma-la chiquita. Vendeu o coche, xa convencido de que non o ía poder usar, e de paso sacámoslle uns cartos á praza de garaxe. E paseniño foise afacendo, pelar patacas, varrer sobre varrido, mesmo arranxaba algún reloxo que lle viña pedir algún coñecido, cunha lupa enorme que poñía no ollo dereito, que era polo que menos cadradiños negros vía.

Xa pensabamos que quedaba aí o conto, mais ben desexamos que quedase aí, porque o cardiólogo insistíalle moito coa comida, nada de colesterol, Celso, que eso es lo que le produce la obstrucción de las arterias. Pero a el gustáballe tanto a papatoria, o viño para acompañar aquel anaco de xamón, e a min dábame tanta pena que comera día si e día

tamén peixe fervido, polo á prancha, todo sen sal, sen prebe, nada de verdura de folla ancha por mor do anticoagulante, nada disto e pouco daquilo, el disimulaba imaxinando que comía faisán, rabo de boi, ameixas á mariñeira, pero a imaxinación ás veces gastábase e eu entón traía unha empanadiña de millo, uns xoreliños para fritir, uns amendoados para merendar. Non é que me sinta culpable, que eu xa sei que non foi polo que eu lle poñía na mesa, foi porque tiña que ser. O cuco da sala acababa de canta-las once da mañá, non me esquezo máis, xa rematara de almorza-las pezas de froita, que era o seu almorzo de toda a vida, unha laranxa sempre e despois o que houbera, pera e mazá, uvas e pexego, leváballe tempo, pero pelábaas el, e despois sempre saía, aínda co pixama por debaixo da bata, a saudá-las galiñas e a varre-las follas do patio. Logo pola tarde repasábao, varrer sobre varrido; esa tarde non chegou o repasiño. Eu andaba na lavadora, metendo a roupa limpa na talla para poñela a secar, era unha mañá de febreiro que xa máis ben parecía de abril, sol, aire morno, ceo limpo, e sentín o golpe no chan, o retumbar. Mentres corría na súa procura, berrei Celso por berrar porque xa sabía que non me ía contestar, atopeino de novo tirado no chan, esta vez nin ollos abertos nin boca querendo falar, o corpo con peso morto. Meu Deus, canto me asustei, nin sequera me parei a ver se estaba vivo, directamente fun ó teléfono. Como é a mente, eu xa sabía que non podía chamar a meus fillos porque todos estaban nos seus traballos, pero non foi que me parei a pensar un por un: chamo a este, non que está no colexio, chamo a esta, non que está no taller, chamo á outra, non que está no hospital. Non, xa me saíu só marcar o número da ambulancia, que non o teño en vermello no teléfono pero si está a man e ben grande, e ata que non chegamos ó hospital non me lembrei de avisalos. Foi unha auxiliar que me dixo, señora, non ten fillos? Empecei a falar sen sentido, a dicir palabras e nomes e números sen xeito ningún, ela colleume moi agarimosamente polo brazo e levoume a unha sala que teñen elas para descansar, indicoume o aparello coa man e díxome tarde o que necesite. Viñeron os tres, claro, enseguidiña, deixaron o traballo a medias e cando chegaron, o pai estaba no quirófano, xa levaba case unha hora e aínda lle quedarían dúas máis. Operación a corazón aberto, ou iso, ver se hai sorte e o corpo lle resiste, ou deixalo ir. Tiven que decidir eu, era a única que estaba cando veu o cardiólogo a dicirme pero tamén tería decidido eu aínda que estivesen os meus fillos alí. Operádeo. Chorei as tres horas que durou a operación. Choraba e rezaba, rezaba mentres choraba. Ata meu fillo que non cre en Deus, me deixou estar alí soa, as mans cruzadas, os ollos chorosos e o rezo interno entrecortado polos saloucos.

Cando saíu era un negrón, non era un home cun negrón enorme, non, era un negrón cubrindo un home enteiro. Tiña tantos tubos, nunha man, na outra, nun brazo, no pescozo, a cariña consumida, pálido, extenuado. Durmíu moito aqueles días que estivo ingresado e falou moi pouco, recibía as visitas da familia con alegría pero enseguida se esgotaba. Xa non lembro ben pero debeu estar máis dunha semana, custoulle un pouco

sair do perigo, puxéranlle un marcapasos e o corpo non quería face-las paces co chintófono ese. Cando empezou a comer aquela comida de hospital con fame, coma se fose faisán, daquela mandárono para a casa, repouso absoluto, dieta estrita e moita auga.

Dábanlle dous anos de vida, como moito catro se se portaba ben. Non se portou moi ben e durou dez máis. Rouboulle seis anos á morte ou a vida regaloullos. Deus sempre me axudou, eu sei que tiven sorte. Chegou un momento en que deixamos de face-la conta, esquecémonos dos anos que nos daban de vida, a el de vida e a min de vida con el, e vivimos con normalidade, el viuse un pouco impedido para facer certas cousas pero logo nos acostumamos. Tivemos que reduci-las saídas a restaurantes, a única que conservamos intacta foi a de Fin de ano, gardabamos os cartos para a mariscada e o taxi de ida e volta dende o un de decembro. Sabíanos a gloria aquela cea, as uvas, os camareiros que de tantos anos xa nos abrazaban ó pasa-las doce, coma da familia. Pasabámolo ben esa noite, incluso a última, a do último cambio de ano que viviu, a pasamos alí.

El viña de estar unha semana no hospital, retención de líquidos. Mira que lle insistían os médicos, sobre todo o cardiólogo, Celso, tiene que beber, tiene que tomar mucha agua y también tiene que poner los pies en alto, sin cruzarlos, eso le va a ayudar mucho. E nada, nin auga nin pés. Os meus fillos enfadábanse con el, e comigo por non insistirle, por non berrarle, por non estarlle máis enriba. Non sabían se el xa non tiña moita conciencia, se tanto lle tiña, se o facía para marchar dunha vez. Hai cousas que non fai falta falar, nós sabiamos o que pensaba o outro e a esas alturas non tiña sentido discutir, pero tamén sei, sobre todo agora que penso moito nesa recta final, que el nun punto estaba sen estar. Ese último ano que o tiveron que ingresar tres veces, estaba sen estar, quizais por facerme compañía, de corpo porque de palabra xa non era. Caladiño, mimá que caladiño estivo ese último ano, el que falaba con calquera, descoñecidos tamén lle valían. Pero non era que o pasara mal, el ría e aínda facía bromas, sobre todo cos netos, e sabía todo. Pasouno moi mal coa separación do noso fillo, tódolos días me dicía, a estas alturas da vida, cando máis acompañado hai que estar, están tolos, Xenoveva, eses dous están tolos. Tódolos días! E moitas veces atopábao eu pensando, coa mirada perdida ou cos ollos pechados, inmóbil, eu sabía que cismaba niso, non se daba conta, nin eu llo dicía, pero cando tiña os ollos pechados, víalle facer un xesto moi seu, coa comisura dos beizos cara abaixo e a boca un pouco revirada, como de tristura e anoxo á vez e as cellas algo arqueadas, que expresaban un que lle imos facer. Pasouno mal, mal polo fillo, meu home era moi perceptivo, e así como sabía cando eu estaba enfadada, sabía quen era máis forte e máis débil, quen podía soportar unha pena ou quen a ía sufrir con dor. Por iso quixo que a súa filla máis nova tivese un bo marido, un bo marido para ela, non o que a nós nos parecía un bo rapaz. Como lle comeu a orela para que deixara o primeiro mozo que trouxo! A min encantábame, era xente coma nós, sinxelo, faladeiro, xeneroso, sempre que viña traía algo, unha flor, unha presada de ameixas da horta dos pais, unha botelliña de licor café,

era un encanto. Levábase moi ben co meu fillo, falaban moito os dous, ata empezaron a ter un grupo de música, empezaron porque non durou moito, coido que non chegaron a tocar un concerto, os outros contentábanse con ensaiar e Celso quería que o grupo dese cartos, por iso se disolveu. Quizais tamén tivo que ver que a miña filla o deixou. O pai, veña a comerlle a orela, é moi bo rapaz, si, filliña, pero a ti non che acaba de convencer, va que non, que xa o sei eu. Leiraban moi ben pai e filla, sempre foi a súa favorita e non tiña problema en dicilo, dicíao en broma pero notábaselle ben que era certo, e ela ben que aproveitaba o favor do pai. Conxenaban, por iso el sabía de sobra que o mozo aquel non era para ela. Era enfermeiro, creo que se coñeceran estudando, e xa iso non lle gustaba, daquela non había homes sendo enfermeiros, só mulleres, e a ela iso poñíaa incómoda, ela quería algo normal, dicía, e o pai, outro anticuado máis, comíalle a orela. Ó final logrouno, seica o deixou porque andaba cos zapatos sucios, que xa llo dixera mil veces e non lle facía caso, que agora sería algo así, tan insignificante, pero cos anos serían cousas máis graves. E deixouno! Pobre rapaz, tiña pinta de ser un cachiño de pan, outra o levaría de bo gusto. Celso era moi sensible, por iso sufría polo fillo, sabía que, así como era forte noutras cousas, agora non ía estar ben só. Unha vez escoitei que llo dicía a unha das miñas netas, teus pais están tolos. Os desgustos no final da vida lévanse moi mal, é certo que xa estás curtida, que hai moitas cousas que tomas doutro xeito, sen tanto dramatismo como cando es nova e unha faísca che prende un incendio, sabes que todo se acaba e entendes as cousas doutra maneira, pero cando falta pouco para marchar queres que os teus estean ben, que teñan traballíño, saúde, cariño. Por iso a Celso esa noticia non lle fixo ben, como tampouco lle fixo ben saber que a súa neta máis vella ía marchar do país. Cando xa che falta pouco, hai noticias que non sabes dixerir, cousas que non che fan ben que cambien. Recordo a despedida dela, veu polo menos tres veces, a última foi nunha carreiriña de can para darnos unha aperta, quedamos na porta, nin entrou, ela mirouno moito tempo, eu entendínllor nos ollos que tiña medo de non velo máis, e así foi, el contaba os meses que faltaban para que volvese do estranxeiro, e non chegou.

O último Nadal, unha semana antes de Noiteboa ingresáranos por retención de líquidos e pulmóns encharcados. Meus fillos rogáronlle á médica que o levaba que lle dera a alta para Nadal, aínda que logo volvera. Non creo que lles custara moito empeño, a doutora ben debía saber o que supón un Nadal na casa con 88 anos. A el díxolle, Celso, cando este número de aquí baixe de 100, déixoo marchar, sabe que ten que facer para que baixe rápido? E xa el lle contestou, con aquela cara de pícaro que poñía, meu ceíño, beber. Veulle ben volver a casa, tiña mellor aspecto, canso canso canso, pero mellor cor, máis brillo nos ollos. Veunos a todos moi ben que viñese. O runrun era compartido, sería o derradeiro, eu negábame a pensalo pero estou certa de que fillos e netos non o sacaban da cabeza, eu era como se llo escoitase pensar. Por iso era importante ir ó mesmo restaurante dos últimos, non sei, trinta anos ben, a come-lo marisqueño, sempre pedíamos,

el boi, mira que lle gustaba máis o boi que a centola, iso que é máis seco, pero tamén lle gustaba máis a peituga que o zanco, cousa de gustos, e eu pedía vieiras, alí fanas deliciosas. Despois cadanseu peixiño, linguado e rodaballo ou rabada e mero, as patacas, como as cocen alí, no punto xusto, cunha substancia, non es capaz de facelas na casa igual, non che saen así, non sei se será a pota ou a man da cociñeira, Jesusa, de toda a vida, amiga da dona do restaurante, non sei se ata serían socias. Non volvín máis dende aquela, e mira que me invitou meu fillo veces e unha veciña que somos amigas dende hai mi madriña, pero durante moito tempo non quixen volver ós sitios onde estivera con el. Sentía que era como traizoalo, non porque tivese que estar enclaustrada na casa, sufrindo por el, ir sen el dábame pena, por non velo alí e porque sabía que a el lle encantaría estar. Insistiron moito durante bastante tempo, ata que desistiron. Sempre daban un cotillón cas sobremesas, os confetis e mais eses tubos de papel que ó soprare fan puuuu. O restaurante estaba decorado, cada ano cambiaban os adornos, menos a árbore da esquina, algo tristeira, pobre, o verde descolorido das follas, era artificial, xa debía ter tantos anos que non quería saber nada nin de bólas nin de grilandas. Regalábannos as uvas, ou iso dicían, incluíríanchas no prezo, que hoxe ninguén regala nada, e a nós ese ano, nin que souberan, convidáronnos a unha botella de sidra, e non foi cava porque sabían que nós preferiamos sidra. Facía moito frío, a noite de fin de ano case sempre é a máis fría do ano, a máis fría ata que non vén unha de xaneiro que a supera. Polo menos non chovía. Foi algo arriscado pero non estabamos para ser precavidos, eran os últimos folgos. Ata lle mentimos ós fillos, para que dicírllelo se sabiamos que se ían poñer coma cans, que saberán eles, meus pobres, aínda son novos. Descubríronnos cando chamaron a casa para felicitaros o ano pasadas as doce e non colleu ninguén. Iso que nós pouco quedabamos despois das uvas, algún ano si, a bailar un par de pasodobres, porque che hai un ambiente despois, que parece un guateque, pero ese ano non, uns brindes, un par de anacos de turrón brando, que duro nunca se sabe se che aguanta a dentadura, e a infusión xa a tomamos na casa. E ben que nos prestou, porque aínda indo en taxi, o frío entrábanos polos pés. Tivemos conversa para varios días, lémbrome ben como Celso poñía cara de pícaro cando lle berraba a filla, entráballe por un oído e saíalle por outro, máis ben usaba a reprimenda para recordar a saída e aínda lle daba tempo a chiscarme un ollo. Era pícaro Celso, pícaro e divertido.

Hai moitas cousas que se ven co tempo, no momento non te dás conta porque estás vivindo, estás aí, non te paras a pensar, pensas para actuar ben pero non pensas, como diría, dende fóra, e moitas cousas vense anos despois. Agora, case oito anos hai que morreu o meu home, doume conta de por que fixen o que fixen. Mentres el viña a menos, camiñar máis lento, ver cada vez peor, calar máis, ter menos ganas de discutir, de mandar, de impoñer a súa opinión, eu víñame a máis. Aproveiteino, dun xeito consciente. Por exemplo, empecei a poñer pantalóns. A Celso non lle gustaba que eu puxese pantalóns, tamén é certo que coas pernas curtas que teño e o repoluda que son, os pantalóns non

me quedaban tan ben como as saias. Pero eu sentín cando foi o momento para poñelos, primeiro por dentro da casa, en inverno, para estar quenteña. Un día fíxenme a parva, a ver isto que é, mentres arranxaba o armario, non sei se será... falaba alto para que el, que estaba coteleando na mesa da cociña, me escoitase, pois mira ti o que é, nin me lembraba que tiña isto aquí, a ver que tal me senta. Aparecinlle con el posto, que che parece, Celso, ata debe se-lo meu talle. El movía a cabeza, pobriño, nin forzas tiña para discutir, xa debía saber que nese momento da vida ía facer o que a min me parecía. Pois éche quenteño, venme moi ben para andar pola casa, e deixouse vencer polo sono de despois de xantar, e por min. Logo aproveitei a xuventude das miñas netas para sentirme arroupada. Viñeron unha tarde, a verdade é que foi de sorpresa, eu non sabía que ían vir, que eu tiña os pantalóns postos de todo o día. Era pleno inverno e para aforrar un pouco de calefacción poñíamola só despois de xantar e antes de ir durmir. Serían as cinco ou seis e apareceronnos alí, co seu petar na porta que as identificaba, as fillas de meu fillo, carafio, avoa, que moderna, con pantalóns, foi o primeiro no que se fixaron. O avó retorcíaa o fociño, aproveitei para dicir, coma quen non quere a cousa, aí, pois tiñaos aí dende había moito tempo, pero ó avó non lle gusta que os poña, e só con iso foi abondo para escoitalas protestar. Non se falou máis do pantalón e outros viñeron: o chándal para ir facer ximnasia de mantemento, un vello vello seu, que usaba para estar no patio, plantar, darlles ás galiñas, baldea-lo chan... Respecteille non levalos nunca para saír, nin á misa nin á compra, si algunha vez á casa dos fillos, porque se xa me vían na nosa casa era unha parvada non ir ás súas con eles postos. Agora que el non está, non poño unha saia nin a quero ver diante.

Tamén aproveitei o seu murchar para outras cousas. Ir a ximnasia foi unha delas. Que ben me veu, dúas horiñas á semana para min, perna para arriba, cintura para abaixo, e así así así, e para o outro lado así así así, que a profe non nos ten pena ningunha, eu son das máis vellas, que as hai de trinta e algo que se queixan. Algo hai que facer, se non, vas quedando enferruxada, dura, tesa. A outra cousa foi o voto. Diso non sei se estou moi conforme, pero logo penso que tampouco é tan grave, el tamén o fixo comigo o resto da vida anterior, dúas eleccións non son tanto. Sempre levamos o sobre dende a casa, así que era ideal, eu preparei os sobres nas últimas dúas, quizais tres, máximo catro eleccións. Non sei moi ben por que o fixen, por desquite seguro que non, por ver que se sentía, quizais, algo de nervio alegre ben dentro, sería poder, non sei. Eu estaba convencida de quen non quería que saíse alcalde así que lle axudei con dous votos ó que máis me gustaba, feito unha vez era fácil facelo outra, así que logo fíxeno tamén para o Estado. O que me fai dubidar, ter algo de remorsos, é que el non se decatara, porque eu non lle dicía, mira Celso, imos votar a estes, a ver que tal o fan, porque sempre votamos os outros e xa sabemos que fan. Non. Eu facíao ás agachadas, iso é o que me segue facendo estar un pouco incómoda, aínda que logo penso, dous votos tampouco cambian o rumbo da historia, e xa se me calma a culpa.

Despois do Nadal non volveu ingresar no hospital. A verdade é que non tiña sentido, non estaba dorido, non estaba sedado, non tiña tratamento distinto, só estaba canso, son moitos anos oitenta e oito, e máis traballando como traballou el, non sei como tanto aguantou ese corpo. Pasámolo ben, a verdade, a pesar de tanto traballar, pasámolo ben, fomos felices, puidemos ir a mellor, iso é unha alegría, cando miras para atrás e vés onde empezaches e onde estás. Por iso a partida non debía ser mala, canto pedín eu, mi madriña, que non pase dor, que marche sen sufrir, remata-la vida tranquiliño, xa sufrimos os que quedamos, sobre todo a muller, que me vexo soa nunha casa que se me fai grandísima, baleira, silenciosa, que ningunha compañía me substitúe a de quen marchou, que ningunha palabra me calma a pena. O que máis rabia me dá é que marchou xusto cando eu non estaba, polo menos marchou tranquiliño, quizais agardou a que eu non estivese alí ó seu carón, se non non era quen de deixarse ir. Levaba dous días pegada a el, como non tiña fame, non ía nin comer, meus fillos insistíanme, pero eu non o quería deixar porque xa sabía que era a última vez que o ingresaban, tiña todo encharcado, retención de líquidos por todas partes, o corazón que non tiña máis forza para o latexo seguinte, eu faláballe e, mentres non o sedaron, el ollábame, porque falar xa nin podía, eu entendíalle todo nos ollos que me miraban. Miña vidiña, non marches, queda aquí comigo, dicíalle, el mirábame e pechaba amodiño os ollos, como se non quixese escoitar. Cando o sedaron, eu seguíalle a falar, collíalle a man con moito coidado porque a tiña coa vía e dicíalle, miña vidiña, non me deixes aquí soa, que eu xa non sei vivir sen ti, e víao sorrir, un sorriso triste, pequeno, sen forzas. Durmín alí as dúas primeiras noites, lavábame no cuarto de baño seu, comía o que me traían os meus fillos, sen moita fame, máis para telos calados. O terceiro día o meu fillo veume substituír, totalmente decidido a que non lle dixera que non. A verdade é que me quería asear un pouco, ese non era xeito de estar, cambia-la roupa, comer algo na casa, tirarme un pouco na miña cama. Espertei sobresaltada daquela sesta, era verán, vestín a saia e mudei a camisa. Cando cheguei ó hospital xa entendín todo. Meu fillo agardábame fóra do cuarto, iso só podía significar unha cousa. Polo menos díxome el e non un médico. Recordo ese abrazo con moito gozo, foi un xesto que lle saíu só, sincero, profundo, de dor compartida, a voz crebóuselle antes de rematar a frase, só dixo, mamá, papá... e xa souben. Deixoume soa con el no cuarto, dixo que ía avisa-las irmás.

Eu aproveitei para dicirlle cousas que había moitos anos que non lle dicía, cando puiden, porque primeiro chorei sobre el, dinlle bicos, collínlle as mans, fregueille o peito, pedínlle que abriera os ollos, que estaba eu alí, agardando por el para volver á nosa casa. Non me fixo caso, seguiu cos ollos pechados e eu seguí a chorar sobre el. Canto agradecín que agardaran a que eu saíra, necesitaba ese tempo con el, dicirlle todas esas cousas que había anos que non lle dicía e escoitalo a el, a súa voz aínda sonora na miña cabeza, respondéndome o que había anos que non me dicía. Esgotei as bágoas e tomeime un tempo máis. Cando saín, estaban os tres fillos alí.

Os enterros non son agradables e dende logo o enterro da persoa amada moito menos. Eu con Celso tiveren moita sorte, sei que non tódolos maridos son como foi el nin tódolos pais nin tódolos avós. Levarei sempre gardada a imaxe da miña neta a música, música coma seu avó, dándome unha fermosa flor feita con papel de partituras. Metina no cadaleito antes de que o pecharan.

A CASOUPA

Meu sogro levaba máis de trinta anos alugando aquela terriña. Un anaco alongado ás aforas da vila, ó pé mesmo das vías do tren. Agora está no centro da cidade, seica é das rúas máis caras para mercar un piso, pero daquela era camiño de terra que botaba enlameado de setembro a xuño. Alí el tiña unha horta onde plantaba de todo para engana-lo racionamento, unha parra de onde sacaba uvas para face-lo viño de seu, varias galiñas que o provían de ovos e caldos e mesmo un porquiño. Pero sobre todo tiña alí as súas flores. O meu sogro plantaba flores, coidábaas con esmero, sen preguiza de i-las regar os seráns de verán cando xa baixaba a calor, co agarimo de velas medrar e a pena de cortalas para que alguén alleo, descoñecido, adornase con elas os floreiros da súa casa. Pero era unha axudiña máis: el plantábaas e a miña sogra vendíaas na praza. Se ben el tiña o mérito do traballo de acotío, a ela habíalle que recoñecer o de ter unha labia de vendedora arteira que lle gañaba á competencia, inda tendo flores menos lucidas. Eu coido que como lle doía moito velas marchar, coloridas, mimadas, co destino noutros fogares, meu sogro, que era un home sensible, quixo ter un xardín de seu. Por iso plantou margaridas a ámbalas beiras do camiño que nacía na cancela, margaridas mestas e pequerrechiñas. Era un primor entrar naquel lugar en primavera, cando se xuntaban as margaridas coas flores das froiteiras: a maceira, a pereira, a ameixeira e o pexegueiro florecido. Era xeitoso o terreo, atrás de todo un rectángulo grande cas flores para vender, máis cara adiante a horta e o pozo de onde sacaba auga para o rego, despois a parriña, o galiñeiro e o cortello e diante de todo a casoupa. E digo casoupa por non dicir chabola, porque casa non era.

Alí foi onde vivimos Celso e mais eu os catro primeiros anos de casados. E xa vivira unha irmá de Celso tamén acabada de casar e antes deles, moitos anos antes, viviran os meus sogros nin ben chegaran de Ribadavia. É que non se lle podía chamar casa aquilo. As silveiras coábanse pola ventá, o chan era de cemento nin sequera alisado, o teito de uralita. Só cabía un colchón de follato pousado no chan. Como se empapaba aquela cama cando chovía, meu Deus queridiño. O chan revía auga e o colchón zugaba nela. Ó lado un armariño, todo alimento de couza, diante unha lareira, por dicirlle dalgún xeito, un par de lousas no chan cun buraco no teito para bota-lo fume fóra, que de paso deixaba entra-lo vento, e unha mesiña pequecha para sentar a comer o pouco que comiamos. Que anos de miseria, mi madriña. E inda por riba nin sequera nos chegaba a alegría dun fillo.

Eu era nova, tiña que ser rápido, un par de meses, tres. Ata comecei a poñerme nerviosa, a perder algo a esperanza, en silencio, claro, porque eu iso non o falaba con ninguén, nin con Celso. Tamén é certo que con aquela miseria, que case nin comiamos, mellor non quedar en estado, dicía para min, pero un fillo alegra un matrimonio, pensaba despois.

E eu precisaba algo de alegría, estaba moi angustiada, arrependida. Dunha das mellores casas de Pontevedra, aínda que xa no final, co racionamento e tantos fillos, a cousa non era tan farturenta como cando entrei, a aquela miseria, quen me mandaría a min, por que a señora non me deixara ir a servir á casa da súa irmá, en Madrid, e así afastarme del que tanto me perseguía. Ai, meu Deus, a vida o que é, canto o quixen despois, que bo home foi, mais ó principio custoume moito aceptalo, paseino mal durante meses. E como el, que era un cacho de pan, se foi facendo querer. Respectoume sempre, sempre, sempre, antes de casar e despois. Ben pensado, só unha vez, aínda de mozos, fomos a un baile de Entroido, daquela vivíase moito o Entroido en Pontevedra, tiña moita sona, tivéralle que pedir permiso ós señores para saír, dicirlle que ía coas chicas, que soa non me deixaban. Cando me viu os beizos pintados! Revirou o fociño, baixou as pálpebras, xuntou o cello, que os borrara inmediatamente, ti non mandas en min, díxenlle. Calou, carafio se calou, co fociño revirado pero calou, e bailamos toda a noite en silencio. Mesmo esa vez non lle quedou outra que respectarme.

El sabía, vía, que eu non estaba contenta naquela casa, e se fose outro quizais se poñía polas bravas a mandar en min. Celso non, era un ceño, tanta paciencia me tivo que así me namorou. É certo que na casa dos señores era criada, si, pero a calefacción disfrutabámola todos, os colchóns nosos eran bos coma os deles, a comida a mesma. Como non ía sentir rabia! Pasei dun pazo a un pendello, da fartura á fame. Eu era moi nova, con vinte anos tes moita fame, o racionamento non chegaba para nada, os boliños a máis agachados na cesta ou a dobre ración de unto era para as familias con fillos. Estiven moito tempo encabuxada, menos mal que el me tivo paciencia e así se me foi indo a rabia. O frío e a fame mudáronme en culpa, culpa por non querelo como el a min, por non facer coma el, que me daba o seu para eu estar mellor, e a culpa amansoume o tempo e o siso que me foi visitando cada vez máis a miúdo ata que quedou para sempre.

Meu sogro, sabendo do noso casamento, fora pedirlle traballo para Celso á relojería máis importante de toda Pontevedra, Arturo Rei. Vínalle de gusto ese oficio, seica, contoume que cando ía ós ensaios da banda, sendo ben novo, paraba nunha relojería pequeniña que había no final da rúa Real a ver como o señor limpaba neles, desfácíaos e volvíaos recompoñer, a el parecíalle imposible, claro, para el que non sabía. Colléralle gusto Celso ó oficio, así que o meu sogro alá foi, e resultou que precisaban un aprendiz. Daquela en Arturo Rei había moito traballo, era famosa, grande, de señoritos. Non só arraxaban e vendían reloxos, tamén facían xoias. No tempo dos vellos, eran unha chea de obreiros, despois cando o herdou o fillo, foi perdendo, viñeron os reloxos a pilas e xa

se sabe, ata lle foi dando as ferramentas ós obreiros, sobre todo as de xoiería. Eu sempre quedei co aquel no corpo de sabe-la verdade. Sería que precisaban un aprendiz ou sería que a meu sogro, que o coñecían todos porque era garda municipal cando Pontevedra era unha vila, e ben o querían todos porque era xente honrada, de palabra, lle debían algún favor dunha multa non cobrada? Ben certo era que pouco cobraba un aprendiz naquel entón, hai que pensar que era máis unha carga que unha axuda. Sacaba máis coa banda, que ben fixo o meu sogro en aprenderlle música a seu fillo, canto sacrificio aquelas noites que volvía canso da horta e aínda se poñía a tomarlle a lección do solfexo! Pero a banda no inverno non tocaba concertos, así que ata verán non entraban os cartiños. Meu pobre, debía darlle moito ó pensamento tódolos días, cisma que te cisma, que chegaba do taller con aquel xesto, o corpo vencido, e mirábame con aquela cara de canciño arrependido, sen dicir nada, mais eu xa sabía o que me quería dicir, entendíallo no ollar, no estar pesaroso. Foi unha noite de inverno, acórdome ben, na que a miña xenreira rematou de transformarse.

Noite pecha, pleno inverno, cando antes das seis xa non hai luz. Eu non tiña moito para facer, a casa era pequecha e nun abrir e pechar de ollos xa estaba todo arraxado. Fóra non podía estar porque chovía a mares, así que botei o día sentada diante da lareira, sen poder acendela porque non tiñamos cartos para merca-la leña que quixeramos. O frío foime entrando hora a hora no corpo, nos ósos, a humidade do aire coouse dentro de min e nin meténdome na cama puiden escorrentala. Botei horas a perde-la miña calor, en cada alento marchábame un pouco, en cada movemento arrefriaba máis. Pensei de morrer, sentía xa a rixidez nos pés, nas mans, os xeonllos non se me dobraban. Cada bafó era máis breve, cada respiración máis curta, pechábanse os ollos. Eu pensaba nel, xa ha faltar pouco para que chegue, xa debe estar ó caer e acendémo-la lareira para face-la cea. Pensei de morrer. E nun momento dinme por vencida, tardas moito, Celsiño, e xa non quixen face-lo esforzo de abrilos outra vez. Deixei ir, deixei de pensar para non sufrir. Non sei canto tempo pasou ata que chegou. Tampouco recordo telo oído chegar, nada, nin o renxer da cancela, nin os pasos polo camiño de margaridas enlamadas, nin o pasador da porta... Pensei de morrer. Espertoume do letargo un afogado Xenoveva! Debía ter eu faciana de morta, brancas as fazulas, negras as pálpebras, azuis os beizos... Abrín os ollos con moito traballo e pensei que sorría, ou iso quixen, sorrir. Alegrábame de que chegara, para prende-la lareira e quenta-las lentellas. Pero non debín poder. Mais ben debino mirar dende un lugar moi lonxe, tan lonxe que se asustou, debeu pensar que me perdía, que marchaba sen despedirme... Espiuse axiña e meteuse nu comigo na cama. Ó principio non sentín nada. El si, percibiu a miña rixidez, pola súa cara souben que se asustara máis aínda. Daquela comezou a fregar en min, os meus pés cos seus quentiños, as miñas pernas coas súas quentiñas, os meus brazos coas mans a ferver. Eu non percibía nin o tacto nin a calor, só o seu movemento, porque o vía moverse. Púxose enriba miña

de xeito que o seu corpo tocase a maior superficie posible do meu. Entón si que sentín, primeiro o peso e logo, de vagariño, a calor que el me regalaba, o seu corpo cedendo calor para darlla ó meu. Un bo anaco despois, a vida que me volvía entrar no corpo, e puíden sorrirle. Logo quedei durmida. Ese día pensei de morrer e el salvoume.

Ó día seguinte díxenlle, daquel xeito que eu lle dicía as cousas, co peito para fóra, o queixo para arriba, case engurrando o cello, a pose de ser firme, para que non me tomase á chacota, que eu tamén ía traer cartiños á casa. A miña sogra axudoume, era rariña, miña pobre, pero tan honrada e tan de palabra coma meu sogro, así é que eran tan coñecidos e ben queridos en Pontevedra, daquela, cando Pontevedra era unha vila. Ela sabía de moita xente na praza e conseguíume unha señora de Cambados que vendía patacas e pementos e cenorias e cebolas, eu mercáballe a ela barato e logo vendía nun postiño que montaba dúas veces por semana camiño da praza. Algo sacaba, e o que non daba vendido quedaba para nós, para comer. Era un xeito de poñerlle algo ás lentellas que nos daban no racionamento.

Pouco me durou. Ó pouco de poñer-lo posto veu Celso. Tardou ben o rapaz, un ano e medio de casados levoulle prender. O Celso non dicía nada, pero eu creo que tamén chegou a estar preocupado. Ás veces tocábame o ventre, como nun desexo, mais nunca dicía nada, non era que fose caladiño o Celso, pero daquela os homes non falaban desas cousas, dicíanse doutro xeito, cunha mirada, cun silencio, cunha man no ventre.

Un día algo sentín distinto no corpo por dentro, non podería dicir en que lugar exactamente, nin unha dor nin unha picada nin sequera unha incomodidade, só unha sensación diferente, e xa sospeitei. Custoume mantelo para min porque me sentía contenta, faladeira, non me cabía o pan no corpo. Logo pensei que se non era o que eu cría daríalle unha desilusión a Celso, entón caleino. Ó día seguinte fun onda o señor.

Eu ía unha vez ó mes dende que deixara de servir alí. Non sería sospeitoso ilos visitar, se non fose porque había unha semana da última visita, así que non lle dixen nada a Celso. Agardei a que marchara á relojería e puxen o vestido dos domingos, camiñei nerviosa por toda a vila, evitei pasar polos soportais onde estaba daquela Arturo Rei, non é que o taller dese á rúa, pero preferín ir por arriba, enfilei a Rúa da Peregrina, logo Michelena, crucei a praza do concello e inicie o descenso de Arcebispo Malvar. Alí, á man esquerda, estaba a fermosa casa. Pasei o enreixado pintado con primor, bordeei a fonte redonda do medio, con aquela muller cun cántaro a bota-la auga que facía un son coma se houbese alí un regato, o banco cuberto de roseiras, a escalinata de fronte, coas bolas douradas a brillar, moitas veces as limpára eu, mi madriña, un par de chanzos e directamente a porta de vidro flanqueada pola enorme galería. Que fermosa era esa casa.

Fun directamente ó laboratorio. El soubo no momento en que entrei pola porta a que ía realmente, díxome, sen saudarme sequera, justo ayer fui a buscar ranas al río. Eu sentín moita vergoña, o rubor nas fazulas, el, amable e delicado coma sempre, acompañou o meu

van coa súa man facéndome pasar ó laboratorio, quitoume sangue e inxectoulla a unha ranciña pequecha e asustada que miraba en fite para fóra da caixa onde estaba presa. Botamos un parrafeo na espera do resultado, aquilo e o outro, un pouco dos fillos, outro do irmán, outro de min, e a ra xa dixera que si. Sorrín, mais as palabras non me saían, só atinei a dicir grazas antes de pechar tras de min a cancela daquel xardín tan coidado.

De volta para a casa quixen face-lo mesmo camiño á inversa, mais nin ben deixei atrás de min o concello xa sentín que se me saía o pan do corpo, baixei a costíña que vai ós soportais, saudei á señora Dorinda, era dunha boa familia de Pontevedra, pero quedara viúva e tivera que busca-lo sustento, a mercería non lle daba traballo e si lle daba de comer, e subín as escaleiras. Dende o limiar da porta axexei dentro e vino, entre homes e reloxos alí estaba Celso. Debeu de senti-la miña ollada petándolle no ombreiro que deseguida levantou a cabeza e nada máis verme saíu á rúa. Díxenllo alí, nunha illa de paz que fixemos no medio da xente a pasar á nosa beira nunha mañá alegre de maio. Abrazoume moi forte, dedicoume un sorriso fermoso e sen saber que dicir coa boca, pois xa cos ollos o dixera todo, deume un bico longo e entrou de volta na relojería. Daquela non estaba ben visto dar bicos na rúa, pero a min sóubome a gloria.

Non lembro nada do embarazo, creo que foi o parir que me borrou todo o anterior, porque ese momento si que o recordo ben, como para esquecelo. Eu xa me sentía rara cando Celso marchou aquela mañá a traballar, xa me viñan dicindo as veciñas, a miña sogra, as miñas cuñadas, esa barriga vai baixando, a ti xa non che falta nada. A iso das once da mañá xa non aguantaba soa na casa e botei a andar como puíden cara a dos meus sogros. Non era lonxe pero fíxoseme longo, diría que ata me axudou algunha veciña que me veu, barriga para adiante, lombo para atrás, lingua fóra. Cando por fin cheguei á rúa Virxe do Camiño número sete, veña o tráfico! Miña sogra a chamar polas fillas, as fillas a chamar pola parteira, miña sogra a dicirlles ás fillas que era cedo para chamar á parteira, miñas cuñadas a avisarlle á parteira que non viñera aínda. E auga e toallas e tumbate aí e xa vén e ti tranquila. Nada. Horas estiven alí e nada. Chegou Celso, que de volta do taller sempre pasaba pola casa dos pais, se a nai estaba a fritir peixe, de seguro lle roubaba máis de un, se xa chegara o pai, bebíalle o pouco viño que tiña, porque el llo daba de boa gana. Meu sogro era así, era un paizazo, podía pasar sen el con tal de dárllelo ós fillos, a cousa que fose. Ese día nin viño nin peixe, botouno miña sogra de alí en canto puxo un pé dentro. Na casa de en fronte vivía unha das miñas cuñadas, supoño que estaban alí todos a esperar, daquela os homes nin pensalo estaban no parto, nin por estas. E pasaban as horas e nada. Fíxose de noite e miña sogra mandou chamar a parteira, a muller aínda tivo tempo de berrarnos, como lle ides facer isto a unha principiante, e logo para que estou eu. Mentres berraba xa se poñía enriba de min apertándome a barriga para abaixo, nena, dicíame, nena, empuxa. Ela falaba para atrás moi baixiño para que eu non oíse e a min falábame con enerxía, dándome azos. Eu estaba cansa e dorida, pero parva non era, vira nacer moitos nenos na casa da señora, sete, para ser exacta,

e aquel parto non era normal, dálle, nena, empurra forte, eu non daba máis de min, creo que nun momento ata me pegou nas fazulas para que non me esvaecera. Vía a miña sogra que lle axudaba ou polo menos axudábame a min saber que ela estaba alí, veña, nena, que xa sae, e despois só escoitei o choro do Celsiño a berrar, pobriño. Daquela non se sabía se era nena ou neno ata nacer, sempre había quen che dicía, pola forma da barriga esa venche nena, ou todo o contrario, tan baixa e redondiña, neno seguro. Abrín os ollos para saber cal era o nome e alí estaba, lila, enroscado no cordón, case afogado. Arreguízouseme a pel, pechei os ollos e empecei a chorar. Tranquila, nena, que este xa pasou o peor. Limpáronmo, pobriño Celsiño, totalmente escuro, o cordón todo ó redor apertándoo, enchoupado, pegañento e berrando para estrea-los pulmóns. Pero telo no colo foi... Era o meu fillo, era meu, e eu a súa nai. Canta ilusión se pon nos fillos, canto se lles dá, como nos enganamos pensando que van ser dun xeito e logo a vida failles cousas e eles fanlles cousas ós pais e viven as súas propias vidas. Quen me ía dicir a min cando el naceu que ía pasar todo o que pasou despois. Menos mal que non o sabemos.

O Celsiño estreou o mundo, a súa vida, naquela chabola. Inda bo é que de tan pequenos non temos memoria e agora non se lembra do frío, da fame, do penico ó lado da cama para non termos que saír á chuvia en inverno, do buraco detrás do galiñeiro onde facer de corpo, inverno e verán, frío ou calor, da talla con auga para lavarnos por partes, daquela maneira, quentando a auga na lareira en inverno, directamente do pozo en verán. El só se deixaba arrolar, meu filliño, naquel berce fermoso que percorreu as casas de tódolos netos dos meus sogros e dalgún bisneto. Mercáraa, non podía ser doutro xeito, a miña cuñada máis vella. Ela naceu nunha familia que non era a que lle tería gustado, era señora de altas aspiracións, de presumir e aparentar, sempre impecable, ben peiteada, traxes de categoría, pendentes, aneis e pulseiras, as unllas pintadas mesmo na cadeira de rodas os anos antes de morrer. Ela mercou o berce para a súa primeira filla, e dela foi rebotando de neno en neno. Era grande o berce, o Celsiño usouna ata os tres anos, máis que nada porque non había lugar para outra cama naquel pendello.

Logo todo se foi dando. Era o momento de pedi-lo empréstito para face-la casa de noso. Vaia alegría e canto sacrificio. Celso mercara un solariño preto desta veiga de meu sogro xa antes de casarmos. Primeiro pensamos en pedi-los cartos que daba Franco para construír. Non me lembro canto, pero a nós déronnos para empezar ben cumpridamente. Sería porque xa tiñamos o solar ou porque meu sogro traballaba no concello. O caso foi que tivemos que pedi-lo resto dos cartos no banco, pero o banco, sen avais, non che daba nada, e nós a quen lle iamos pedir que nos fose de garante. Meus sogros non tiñan nada, unha casaña pequecha na saída da vila que non valía nada, eu non tiña familia e se a tivese tampouco ían ser señoritos, ós señores nin tola lles pedía semellante favor, as irmás de Celso máis ou menos coma nós estaban. Pero alá os meus sogros, unha vez máis facendo de pais, conseguíronnos alguén.

Nós íamoslle mercar a unha tenda no centro da vila, alá pola rúa de San Román, chegando á praza da Verdura. Eramos clientes máis por obriga que por decisión, pois daquela había racionamento, non era que foses merca-lo que querías a onde querías, máis ben era ir recolle-lo que che tocaba onde cho daban. Era boa xente o Vicente, atendía el e a súa muller, Esperanza, un matrimonio moi ben avido, sen fillos, sempre se levaron ben. Meu sogro, que naquel entón non só facía de garda municipal, senón tamén de vixiante, era tan boa persoa que deixaba pasa-los bolos de pan agochados na cesta e as dobres racións de unto ou touciño debaixo do mandil. El non dicía nada e os tendeiros sabían que o sabía e non dicía nada, era boa persoa meu sogro, xente de fiar, así que en canto lle pediron o favor, Vicente dixo que si e non só iso, como eran dous os garantés que precisabamos, convenceu a seu irmán, que tamén tiña un negocio, de se-lo segundo. Ser fillo del era garantía de pago e abofé que pagamos. Se eramos capaces de xuntar dúas letras, pagabámolas xuntas. Pasamos os primeiros anos sen botarlle chourizo ás lentellas para xuntar dous pagos, mañá e noite lentellas viúvas, lambidas, pobres. E alá ía o meu home a dicirlle ó Vicente este mes xa está pagado e o seguinte tamén. Eu non sei se pensaría que Vicente ía ó banco a preguntar como ían as letras, pero a Celso facíalle ben irillo dicir, para que quedase tranquilo que o seu negocio nin o do irmán corrían perigo.

E encanto puidemos, entramos a vivir alí. O chan ó principio era de terra pisada, pero a casa era nosa, e era unha casa, unha casa de verdade. Un cuarto para Celsiño e outro para nós, unha salíña pequena e unha cociña, aínda con lareira. Que alegría cando puxemos a económica, e aínda máis cando puxemos a de butano, creo que por iso non me desfago dela, tráeme o recordo dun momento, de mirar para atrás e ver todo o que logramos xuntos, e un baño, un baño de verdade, con cisterna, con bañeira, con auga saíndo do lavabo. Tamén tiña un fallo, onde Celso arranxaba os reloxos, un faio coa tella a vista, coas vigas que servían de tendal nos días de chuvia e de colgadoiros de chourizos cando xa nolos puidemos permitir. E no patio había un lavadoiro; xa non ía ter que ir ó río a lavar, co peso da roupa na cabeza, ó ir inda seca, pero ó volver, mollada e tres veces máis pesada, só as sabas, que ó ser grandes, aclaraban mellor levadas pola corrente. Tamén fixemos un galiñeiro e mesmo un cortello para os porquiños que virían, que nin sequera os comiamos nós, eran porquiños para levar á feira a vender en troco duns cartiños máis para seguir pagando letras, e mellor se xuntabamos para pagar dúas xuntas.

Tamén tivemos sorte co matadoiro. Eu ás veces penso canto me axudou Deus, mi madriña, fomos boa xente, non fixemos mal a ninguén, traballamos moito e axudamos a quen puidemos, será por iso que nos axudou tanto. Foi que, xa vivindo en casa de noso, era Celsiño pequecho, catro anos tería, un día levamos un susto. El era boíño, era un neno tranquilo, eu levábao ó río e alí quedaba cando era pequeniño na cesta a durmir, ou a mirar para o ceo, sen chorar, e cando aprendeu a andar, sempre enredaba soíño. A meu sogro gustáballe moito estar con el, tan bonito, roxiño roxiño, con aquelas pernas feitas.

E o neno gustaba da compañía do avó. Aquele tarde estaban os dous a enredar no patio, así eu podía face-las cousas da casa sen me preocupar, meu sogro era tan bo. De súpeto escoito un berro afogado, como alguén que quixo berrar e calou antes, cambiando de parecer. Asoimeime e estaba o avó levantando o neno do chan, o neno caladiño sen chorar, cando o puxo de pé vin o mango dunha paleta vella, o mango sen madeira, o ferro directamente cravado na gorxa do Celsiño. Berrei e enseguida tapei a boca coa man. O meu sogro mirou para min e viume como me agarraba da cepa, pobriña, pequecha, acabada de plantar por el unhas semanas atrás, tan noviña que nin me sostivo, así que me agarrei da parede. A el aínda lle deu tempo a dicirme senta, Xenoveva, tranquila, que parece máis do que é. O neno non choraba, nin unha bágoa lle caía, a min iso dábame máis medo que calma. O meu sogro púxose diante, para impedir que eu vise, e acto seguido tiña a paleta na man, barnada de sangue, o neno nin mu. Levouno para dentro. Cando saíron tiña una cura feita no pescozo, entón si, meu filliño, soltou varias bágoas sen saloucos.

Esa noite, cando volveu Celso do taller, falamos da necesidade dun traballo en branco, un traballo que lle dese seguro médico. Cun neno pequeno non nos podíamos arriscar, e ata niso tivemos sorte. Daquela o señor xa era alcalde de Pontevedra. Con pesar díxonos que era todo o que puidera facer. Pensou que era pouco, debeu crer que queríamos traballo de oficina. Celso ía agarrar calquera cousa con tal de meter máis pan na casa e o seguro, que cada vez que levabamos a Celsiño ó médico era unha fortuna, e mira que de neno dábanlle descomposicións seguidas, ata que aquel médico, Jiménez, que non tiña fillos, lle acertou, o mesmo medicamento que en xarope non lle facía ren, en pastillas foi man de santo. Nós quedamos contentos coma cucos: había unha praza no matadoiro municipal de garda nocturno. Meu Celso, canto traballou na súa vida, canto, canto, eu non sei como deu aquel corpo tantos anos traballando tanto. A relaxería, o matadoiro, a banda e logo a orquestra, e só tiña aqueles quince días de vacacións, que tardaron ben tempo en convertérense nun mes. Debeu estar vinte anos ben pasando as noites alí e sen descansar ningún día da semana. Como moito algún domingo que non conseguiran festa a onde ir tocar coa orquestra e podíamos ir pasear á alameda. Pero a el non lle gustaba, estaba de malas, faltáballe aquilo, a cousa de ir tocar, da música, da verbena. O do matadoiro aínda lle saíu ben, porque primeiro estivo uns meses de mañá, tiña que limpar todo aquilo, o sangue, as tripas de porcós e vacas que mataban alí que despois levaban á praza a vender. E logo apareceu a outra praza, de noite. El preferiuna, a outra era moito traballo, e mira que a el non lle daba medo traballar, que colleu calquera cousa con tal de que entrara o pan na casa e de ter seguro para o neno. Pero de noite pensou que estaría mellor. Entre camiión e camiión que chegaba cargado de gando, dáballe tempo a arranxar reloxos. Un camiión ás doce, outro ás tres, outro ás catro e ás seis xa se volvía. Durmía unhas horiñas e sobre as dez e media marchaba a Arturo Rei, deixaba os reloxos que arranxara esa noite, dáballe corda a tódolos reloxos que había no comercio, era a súa tarefa, e volvía ó cabo dun par

de horas con máis reloxos para amañar, despois de xantar deitábase un pouco, unha sesta, que se encargaba ben de que os fillos lla respectasen, e volví a marchar, ó ensaio da banda ou ó da orquestra e de novo ó matadoiro. Non estaba aquí ó lado precisamente, que tiña que atravesala vila e cruza-la ponte. Ó principio, cando aínda non tiñamo-lo dian 6, ía na bicicleta. Que medo ó pasa-la ponte, non había nin un farol, noite pecha, cans a ladrar ou a ouvear que aínda che arreguizaba máis a pel, no inverno as árbores que facía fuuuu fuuu co vento. Metía un medo infernal. Menos mal que tiña aquela cadeliña tan lista, a Perla, que lle ía ó encontro para que non tivese que facer só aquel anaco, corrialle ó lado da bicicleta, parecía que escorrentaba o medo.

Medo medo pasou aquela noite. Chegou pola mañá aínda co susto no corpo, meu pobre, que susto levou. Logo converteuse en historia divertida que lla pedían os fillos e os sobriños, e logo os netos, avó, cóntanos de cando te foi visitar Drácula. Dito así parece un conto, pero pasou, abofé que pasou, pasoulle a el. O matadoiro tiña unha entreplanta de madeira, unhas escaleiras longas e empinadas daban a aquel sobrado, que non ocupaba todo o espazo, era só nun recuncho cunha varanda. Celso usaba unha mesa que alí había para arranxalos reloxos entre camión e camión, levava unha lámpada, toda a luz que había en centos de metros á redonda, e unhas mantas para botarse no chan se o viña visitar o Pedro Chosco. Alí, no matadoiro, zoaba o vento, ouveaban os cans, renxían as madeiras, repenicaba a chuvia sobre o tellado, sen máis compañía que a cadela fiel, Perliña bonita, que lista era, e o tictac dos reloxos xa arranxados. As noites de vinte anos botounas alí o meu home. Aquela, aínda non entrada a madrugada, estaba entretido en despezar reloxos, atopárlle-la ferida e curalos. Coa cabeza agachada, a lupa no ollo, a luz xusto enriba, cando levantou o queixo viu un home que subía paseniño a escaleira, pero non era un home calquera, era Vladimir, que xa daquela andaba el vestido de escuro, co pelo cara atrás, o bastón na man e os cabeiros postizos. Disculpe que lo moleste a estas horas, señor. Yo sólo venía a pedirle un poquito de sangue. No me la daría usted, señor. Tratouno ben, cortés, como sempre foi, un cabaleiro educado que non levantaba a voz nin trataba de amedrentar a ninguén, non era o que quería, el so tiña aquelas películas para si, non para asustar ós demais. Así que Celso reaccionou rápido, supoño que despois de saltar no asento e descolorárselle o rostro case ata volverse pantasma, explicoulle a verdade, que aínda que os camións chegaban ó longo da noite e o gando quedaba naquela corte grande, os matachíns non chegaban ata a mañá. Despediuse cortesmente Vladimir e marchou tan silandeirollo como chegara. A Celso duroulle o susto ata ben entrada a mañá.

Tamén pasamos angustias, carafío, esas non deixan de vir nunca, ata o final da vida te visitan. Inda bo foi que xa tiñamos o seguro médico, grazas ó señor que o colocou no matadoiro, é tan importante un postiño fixo, no concello, no Estado. Porque houbo unha vez que enfermou, un mes enteiro botou na cama, primeiro estivo Rosalía, pobriña, era pequena, catro anos tería, pero ela non o pasou tan mal, e debeu ser ela que llo contaxiou

ó pai. Veu o médico e fíxonos a proba a todos, porque era contaxioso, eu non, Celsiño non, pero Rosalía si, ela fora quen llo pegara a seu pai. Un mes na cama, un mes sen ir traballar, nin reloxos na casa podía arranxar. E como iamós paga-la letra dese mes? Fómóslle pedir ó construtor que nos esperase un mes, que Celso estaba enfermo e non tiñamos de onde saca-los cartos, pero non, non podía. Na súa nave, un lugar enorme onde traballaban moitísimos obreiros a facer portas e ventás e onde tiñan o material todo para face-las obras, houbera un incendio e el precisaba moito os cartos para pagarlles ós seus traballadores. Véusenos o mundo enriba, a casa, os negocios de Vicente e o irmán, as letras, as débedas, a comida, a quen pedirlle axuda. O meu sogro sabía do conto pero non lle quixo dicir nada a miña sogra, rariña como era non se sabía como o ía tomar. Pero ela coñecía ben e deseguida lle notou que algo lle pasaba. El debía camiñar por dentro da casa, ca faciana preocupada, cisma que te cisma, e ela notoullo, levaban moitos anos xuntos, queríanse moito, sobre todo meu sogro que estaba moi namorado dela e consentíalle todo, así que lle tivo que contar. E a miña sogra, tiña as súas cousas pero era boa persoa tamén, marchou a Ribadavia no tren. Dúas horas antes, sempre marchaba para a estación dúas horas antes, non vaía ser que hoxe se adiante, agardaba sentada, pano na cabeza, cesta no brazo. Na aldea, nunha aldea das que rodean a Ribadavia, inzada de socalcos onde se dá bo ribeiro, que daquela aínda non era tan ben valorado como agora, alí onde ela nacera, tiña a familia enteira, mais ela, que tiña o seu carácter, só se levaba ben ben cun irmán, un tío de meu home. A el lle foi pedi-lo favor, e el axudoulle. Sabía dun home que lle podía deixa-los cartos a baixos intereses para paga-las letras que precisase. Ela colleulle os cartos de dúas, non fose ser que Celso botase na cama máis do que o médico dicía, e a cambio deixoulle cousas ricas que en Ourense non son comida de diario: peixes e mariscos. Volveu e deunos os cartos. Que reviradiña era, non nolo quixo contar. Logo o meu sogro veu un día sen ela saber a dicirnos de onde os sacara. Como nos salvou, a nós e ós dous avais! Era xente de palabra e a honra había que mantela, se pagaba sempre, ía ter sempre a boa sonda de pagadora.

Cando o Celso se puxo ben, non é que estivese moi enfermo, nin febres altas nin dores, pero o médico díxolle que só ía curar con repouso absoluto, comezamos de novo a xuntar para paga-lo empréstito que nos pagara o empréstito. E tanto aforramos que demos devolto o de Ribadavia antes do ano, así que non nos cobraron os intereses. Non me lembro se fora Celso coa nai a pagar, pero si recuerdo a miña sogra marchando dúas horas antes da casa, camiño da estación, pano na cabeza e cesto colgado do brazo, cheo de cousas ricas que en Ourense non son comida de diario.

Así fomos pagando a nosa casiña. Que importante é ter casiña propia, para non deberlle nada a ninguén, para ter onde estar sente sentir alleo. Alí xa naceu a segunda e alí medraría a terceira, que non a planeamos pero chegou.

COAS MANS BALEIRAS

A xente dicía que si, que me parecía máis a meu pai que a miña nai. Eu, o certo é que a súa cara nin a lembro. Agora, cando vexo a foto que me deu a tía Eleudina, pónolle ás veces unha miña de cando era nova a carón e algo de parecido lle atopo, pero non estou moi segura se son as ganas ou o moito que me insistiu a miña tía. O que si sei é que ás miñas irmás non me parecía nada.

Era unha aldea e nas aldeas todo se sabe. Tampouco os fillos bravos eran segredo ningún, nin sequera os pais dos fillos bravos: o médico, o boticario, o alcalde e meu pai. Eran xente con cartos e naquel tempo os cartos compraban a miseria da xente, a súa fame, e sobre todo a dos seus fillos. Miña nai daquela tiña dúas.

Vivían nunha casiña miúda. Chamaba a atención porque era a única na avésia do monte, o resto delas parecía que se arrexuntaban para mante-la calor do sol mañá e tarde. Naquela casiña vivían os catro. Era de pedra fría e chan de terra, sen paredes, todos xuntos e facían o que tiñan que facer os adultos, que non se ían privar por esta-los fillos diante, antes érache así, pois había que aproveita-la calor da lareira pola noite. Non lles sobraba o pan, mais tampouco pasaban miserias: tiñan cabras e unha vaquiña, traballaban as veigas que tiña miña nai por herdanza e vendían todo, agás o que a eles lles enchía o bandullo. Porén, os invernos alí eran duros; a luz do sol, escasa, o frío, insistente e a humidade non a escorrentaba nin o lume da lareira. Así foi que o seu home se puxo do pulmón.

Alá polo xaneiro, cando xa seica levaban tres meses sen ver un raíño de sol, durante a cea comezou a tusir. Esganar non podía ter esganado porque o caldo que ceaban era viúvo de tallada, non cumpría pedirlle permiso para que caese gorxa abaixo. Mais el tusía e tusía e tusía. Puxéronlle os brazos en alto, déronlle golpes no lombo e despois de facer un esforzo enorme que lle deixou a cara colorada, cravou a mirada na mesa. Unha mirada en fite chama por outra e se son oito ollos a mirar, era imposible non ve-las pingas vermellas. El asustouse, mais gardou o medo ben dentro. Miña nai seica quedou muda. E as fillas, meniñas aínda, curiosas e preguntonas, quixeron saber. Seu pai díxolles a verdade, nin reviravoltas nin disimulos. Despois da palabra “tuberculose”, miña nai ergueuse dun chimpio e mandounas a durmir.

Eu non sei se o médico lle deu esperanzas coa cobiza de aumenta-lo seu peto ou o do seu compadre o boticario, ou se de verdade o home de miña nai tiña algunha posibilidade

de sandar. Só sei o que me contaron, do xeito que mo contaron. Miña nai foille dando os seus aforriños ó boticario a cambio de menciñas, foi deixando de atende-los campos para atende-lo seu home e quedou tamén sen ingresos, o home, que seica era honrado e xeneroso, pedíalle entre tusidos que coidase das fillas e non dun cadáver, mais ela non cedía ó corpo fraco, á faciana esbrancuxada, ós beizos fríos nin ós ollos afundidos na cunca escurecida. Era o seu home, non se quixo dar por vencida. Así mo contaban as miñas irmás, moitos anos despois, moitos anos.

E o día chegou. Miña nai sabía que ía chegar, xa se fora preparando. Por iso cando, ó ir buscar á artesa as moedas para os remedios desa semana, a man no canto de tocar metal, tocou madeira, non dubidou. Puxo a saia co de dentro cara a fóra para que non se lle vise tanto a miseria, lembrouse do pano que levara na voda e púxoo na cabeza e coas mans baleiras presentouse na porta da casa do señorito. Esperou tanto que desesperou, púxose de pé e encarou cara á saída. Daquela, abriuse a porta do despacho.

Toda a casa era luxosa, pero aquel cuarto onde a recibiu, a miña nai pareceulle fermoso. Sentíuse moi pequena, o corpo enchéuselle dunha vergoña traizoeira que lle berraba dende dentro vaite de aquí, miserenta. Mais debeu conseguir traer ó pensamento a cara do home e nacéronlle azos, espalláronse polo corpo enteiro, mudáronlle a vergoña nunha fala forte e decidida. Contoulle o caso e baixou a cabeza, quedou mirando para o chan á espera dunha resposta, unha resposta que tardou mais apareceu. Eloísa, mujer, por supuesto, lo que esté en mi mano. Es normal que yo que puedo, ayude a los que me vienen a pedir. Miña nai non quería estar alí máis do necesario: adiantou as mans baleiras sen ergue-la vista do chan e con ese xesto o señorito calou. Sentiu dúas moedas enriba dos callos e botou a andar, miña nai, coa alegría dando brincos no peito. Coitada dela, aínda tiña esperanzas.

Seica foi aquel o inverno máis chuvioso que se recordaba na aldea, marzo non foi menos mollado que febreiro e en abril o sol tampouco lle quixo axudar ó enfermo nin a miña nai. Ela seguiu indo, coa súa saia do revés e as mans baleiras, a pedirlle máis axuda ó señorito, el dáballe, un día, outro, o seguinte, ata que un día en que o sol, dicíanme, un sol quente a rabiar, que ía empurrando as nubes coa súa calor, despois de poñerlle as moedas nas mans, o señorito fíxolle a suma de todo o que lle debía. A miña nai arregrizóuselle a pel. As terras todas.

Regresando cara a casa pechou con xenreira os puños para cravar ben as moedas na man, para sentir ben a forma, o tacto da humillación. Os ollos choráronlle sós, sen que se lle inmutase a faciana, apertou os dentes para que non lle saísen saloucos pola boca, mais cando chegou á porta da casa, finxiu o sorriso que lles dá esperanza ós enfermos. Pouco lle durou. As miñas irmás agardábana á beira da cama, o seu home xa tiña os ollos pechados, o seu corpo xa perdía calor ás alcandadas e as comisuras dos seus beizos curváranse nun leve sorriso de alivio. Ela chorou, patexou, berrou e cuspiu na miseria da súa vida. Fóra, as cerdeiras comezaban a darlle alegría branca ó campo gris.

Non había outra solución, porque miña nai non tiña cartos nin tiña de onde sacalos nin a quen pedirlos. Eu coído que nin téndoos ela, el aceptaría metal por pago. Así que alá foi de novo, xa enterrado o seu home, á casa do señorito, agora coa cabeleira descuberta e sen poñer empeño en agacha-la pobreza. Creo que non precisou de moitas palabras para facerse entender, sabido era como os poderosos cobraban débedas e o señorito tiña a sona de non perdoar nin unha. Ela deixouse facer e marchou, coas terriñas na súa man e o ventre cheo, na dignidade nin pensou, só na fame das súas fillas.

A xente sabía do cobro porque nunha aldea todo se sabe. E se non che chega á orela, dedúcelo do que ves: miña nai volveu traballa-las súas leiras e sabido era que cartos non tiña, nin familiares a quen pedirllelos. Ademais meu pai, que non tiña vergoña dos seus métodos de cobro, ía visitar máis a miúdo do que as linguas murmuradoras poderían calar. As dúas nenas non sabían por que viña tan seguido aquel home a falar con súa nai, mais ela finxía un anoxo ben forte para que liscasen para o monte nada máis albiscalo pola corredoira. Ó velo marchar un anaco despois, volvían elas facendo preguntas que miña nai calaba cunha mirada. As visitas remataron de vez cando o estado de miña nai xa non se podía agachar debaixo da faldriqueira.

De alí a uns meses caín eu neste mundo. Abofé que caín, contaba miña nai, de súpeto e coas ganas todas de ver que había fóra do bandullo. Había fame. O leite da vaquiña vendíámolo para mercar algo de carne e o das cabras quedaba para nós, porque non se pagaba ben, que se non, auguiña da fonte habíamos beber. Miña nai deixaba o lombo índolle ó xornal a outros para traer unhas lentellas ou un chourizo co que pinta-lo caldo. Cando non era tempo de colleita nin de sementeira, ía ás feiras a vender peixiños fritos. Mercáballos ben cedo a un home que viña de Cangas. Cargaba cunha grella enferruxada e botaba a andar cara á feira dese día. A xente levaba os bacoriños a vender, ou o xato, unha ducia de ovos ou mesmo as galiñas que os poñían e quedaba o día enteiro sentada nun tallo agardando que lle aparecese comprador. Cando lles picaba a larica, buscaban con que calala e miña nai era unha das que lles daba con que. Non xuntaba moito pero sempre chegaba á noite con algo, xa trocado por tallada.

Ela deixaba a vida en traernos algo que nos enganase o bandullo, mais a miseria era máis astuta, coábase igual pola porta da nosa casa. Lembro unha vez, eu debía ter seis anos, que non habendo nada que levar á boca, miña nai saíu ó monte para non escoitalos nosos saloucos famentos. Volveu tempo despois, xa nós estábamos adormecidas do esforzo de chorar. Traía unha presada de cogomelos, botounos na tixola, sen aceite, que daquela diso só había na casa dos ricos, e déunolas de cea. Non eran moitas pero algo o burato taparon. Ela, para que fosen máis para nolas tres, só limpou a tixola cun anaco de pan salpicado de balor. Esa noite houbémoslle de morre-las tres fillas. Alancou no medio da noite á procura do médico. Non estaba. Volveu onda nós e acompañounos na agonía, deunos fregas na barriga, abrazounos para que tiveramos calor, díxonos cousas de nai

para que estiveramos tranquilas e ó raiar o día, despois de moita dor e moita suor, fomos curando. Era tanta a pobreza, que nin veleno abondo tiñamos no corpo para morrer.

Porén, eu esa miseria sóubena co andar dos anos, cando o recordo che peta no pensamento coma un golpe, de súpeto, sen esperalo, un día que te pos a pensar por algo que che preguntan os netos, algo que che recordan os fillos, e daste conta do ben que vives agora e das miserias que pasaches porque no momento non te decatás. Eu gocei de ser nena, dese don de non ter conciencia do que pasa ó arredor, de vivir para pasalo ben. Por iso aínda lembro con morriña andar a xogar e divertirme, leva-la vaca ó monte e enredar gabeando polas árbores arriba. Mais tamén iso axiña rematou, e xa me vin obrigada a converterme nunha muller á forza. Morreume miña nai cando só tiña oito anos, sen me dar tempo a medrar para lle poder facer esa pregunta que aínda hoxe me camiña por dentro. Quere-ríame tanto como ás miñas irmás ou aínda ó me ollar lle viría a débeda ó pensamento?

DA CURA DAS AUGAS

Era fermoso o lugar, aquel parque grande, verde verde verde, co riño atravesándoo, o camiño á beira, facendo as mesmas curvas que a auga, algún salgueiro que che daba sombra cando precisabas descansar e mollaba as pólas máis longas no regato, os paxaros a cantar, coma se nos quixesen dar azos ós que iamos toma-las augas. Era bonito de mañá, ben cedo coa luz rosada e o orballo na herba, tamén era bonito a plena luz do sol co verde brillante e o reflexo da auga coma unha serpe prateada, e era bonito co baixar da luz cara ó empardecer, as sombras alongadas e os contornos de cor laranxa. Eu ás oito xa estaba en pé para toma-lo primeiro vaso. Era difícil de tomar, ese cheiro a ovo podre xa de mañá, sen nada no estómago, pero como a todo, vaste afacendo. Era tomalo e saír a camiñar, vinte minutos a paso lixeiro por aquel parque. Outro vaso e de novo paseo lixeiro, respirar aquel aire fresco, sentilo nos papos das pernas, nas puntas dos dedos. E un último vaso ós vinte minutos, cunha camiñada que remataba de abri-la fame de almorzo. Ese terceiro paseo facíao xa de camiño á casa da señora Fita.

Que muller traballadora e ben hospitalaria. Era coñecida dalgún parente da miña sogra, dos de Ribadavia, por iso recalamos alí. Ela dábanos de durmir e facíanos a comida, iso si, nós tiñámoslla que mercar. Era moito traballo porque se tiña dous hóspedes distintos facía dúas comidas distintas, ah, pero se tiña catro, que eran os cuartos que tiña, dous en cada andar, porque no baixo vivía ela cos fillos, facía catro, catro comidas distintas, xa nós eramos catro persoas, cando non cinco, nos tempos da casa chea, quizais facía catro comidas distintas, máis a dela e dos fillos, para quince persoas. Tódolos días, mediodía e noite, e o almorzo corría pola súa conta, facía uns biscoitos deliciosos. Era moi boa cociñeira, así lle deras uns simples bistés, ela preparábachos dun xeito riquísimo, nada de présas por seren moitas comidas as que tiña que facer. Comiamos nun comedor xeitoso que tiña no baixo, a carón da cociña. Tiña todo ben posto, humilde pero moi limpo e ben, os cuartos tiñan mantas de sobra, sen escatimar, almofás e coxíns e toallas e se estabas quince días, coma nós, cambiábase as sabas á semana. Moito traballaba aquela muller, mi madriña. E non era unha rapaciña, que aínda me levaba uns aniños a min. A nós dábanos o cuarto máis grande de todos, así durmiamos alí os catro que eramos, sempre o do primeiro andar que tiña as vistas cara atrás, era o mellor porque non vías a estrada, vías árbores e campos e algún daqueles chalés que xa se facían para os señoritos de Pontevedra e Ourense que ían alí a veranear.

Eu fun por recomendación dun médico moi bo que había daquela, bo como profesional e bo como persoa. Víñame sentindo mal, moi mal, sen forzas nin ganas, cansa sempre, bufando, facendo paradiñas no camiño ó río, no camiño ó centro, no camiño á praza. E non me quería facer ver, sempre fun algo deixada para os médicos. Botáballe a culpa ós nenos, dous nenos pequenos e unha casa que levar é moito traballo. Non teño tempo, dicía, un día por isto, outro día por aquilo, sempre había algo por facer. Pero un día o corpo díxome abonda e tivenlle que facer caso. Atopoume o meu sogro deitada, caída, no medio da súa horta. Fora coller unhas flores, que el sempre me dicía, ven, muller, colles as que queiras e pos a casa bonita, que Lola non dá vendido todas as que che hai aquí. Non me lembro se me mareei, se caín, se perdín o coñecemento. Só lembro a súa voz asustada dicindo Xenoveviña, miña filla, esperta que non sei que facer. Era tan boíño, tan cariñoso, era un pai para todos, para os fillos por suposto, pero para os xenos e para min tamén, ata para os netos. Aquilo meu xa non se podía disimular e aínda así el, con aquela cara de bo chea de engurras que se alongaban calva arriba, aseguroume que non lle diría nada a seu fillo, que llo tiña que dicir eu. Ah, carafío, pero díxollo á súa muller e arrechispa, como se puxo a miña sogra, mañá tes cita con Subiráns ás once da mañá, e non me poñas escusas de roupa que lavar nin clareo nin estrume nin chintófanos. Veume buscar ela, en persoa, para acompañarme, puntual como era, unha hora antes da cita xa estaba timbrando na miña casa. Aínda nos deu tempo a ver escaparates, o seu preferido era o de Clarita, ver roupa de cama, sería que a ela sempre lle gustou quedar cinco minutinhos máis dando voltas e deixándose abrazar polas sabas, quen di cinco di unha hora, que ela almorzaba alí, só tomaba unha manzanilla, ese era o seu almorzo, pero tomábaa na cama, que lla levaba quentiña o meu sogro tódalas mañás antes de marchar a traballar. Pasamos tamén a saudar a Celso polo taller de reloxos. Non lle gustaba moito que o fomos visitar, poñíase nervioso, pensaba que os xefes ían pensar que estaba a enredar. Chegamos ó médico e díxome clariño, lo que le pasa no es nada grave, es la vesícula, y tiene fácil solución: las aguas del Carballino. Deume un volante para entregarlle ó médico que estaba alí, no lugar das augas, así non tería que pagar, era bo médico e boa persoa, sabía que para min era un esforzo ir alá quince días e se aínda tiña que pagar pola consulta daquel médico non iría. Non son vacacións, Xenoveva, é saúde, díxome Celso cando llo contei. Canta sorte tiven eu con ese home, meu Deus, canta sortiña tiven.

Iamos en bus, tardaba tres horas polo menos en chegar, aquelas curvas monte arriba ata O paraño e logo as mesmas curvas costa abaixo. Á miña sogra, acostumada como estaba a ir a Ribadavia en tren, non lle afectaba nadiña. Os nenos e mais eu o que tal padeciamos, pero coma todo, funme acostumando co paso dos anos. A primeira vez que fomos, lembro coma se fose hoxe, esperábanos Fita na estación. Tiña un sorriso franco, cariña de cansa, pero sempre amable e disposta a axudarche, unha manzanilla así fosen as once da noite, unhas compresas de tea para a nena que aínda usaba cueiros. Notábase

que se peiteara e puxera un bo vestido, quizais o dos domingos. Á miña sogra abrazouna, e non era fácil de abrazar que non se deixaba, e a min axudoume cos vultos todos. A casa era un primor, ata puxera flores nas mesiñas de noite, xa nos preparara as camiñas dos nenos, Rosalía aínda ía durmir comigo pero Celsiño xa tiña o seu catre coa roupa posta. Como saíramos moi cedo, chegáramos para a hora de comer. Ese día invitounos ela, foi aí que nos explicou como era o de nós mercarlle e ela cociñárnolo. Preguntounos se queríamos xantar con ela e os seus fillos, na primeira quenda, que logo virían o resto dos hóspedes. Aceptamos.

A señora Fita mandounos sentar á mesa, era grande, de castiñeiro, aínda sendo oito comíamos folgados. Eu fun colocando a Rosalía na cadeira, Celsiño, que xa comía só, á súa beira e a miña sogra nunha das cabeceiras. Seguido dun berro de nai chamando a xantar, entrou a señora Fita coa ola na man, un arrecendo a guiso que metía fame, detrás viña o fillo pequeno coa cesta do pan, o fillo do medio cunha xerra de auga e no último momento, xa todos sentados e ela servindo, chegou apurado o máis vello, un home, cunha botella de viño. Escusouse por chegar tarde, que viña de traballar, o Ramiro non me deixou marchar ata que lle rematara de cepilla-las madeiras todas da nova mesa que lle encargou don Xenaro. Sacou o pucho e fixo un saúdo cara a nós. Era guapísimo. Os ollos perfilados por unhas pestanas escuras, o nariz recto, os beizos case carnosos, alto e delgado. Do pai non se sabía nada, pero pola cara do vinculeiro, debía ser guapo, quizais un mal home -alí non apareceu nunca-, pero guapo tiña que ser, porque Fita non era fea pero tampouco tiña nada, unha muller normal, desgastada polo traballo. Mais aquel rapaz chamaba a atención. Levábanse moito entre eles, o máis vello debía pasar ben dos vinte e o máis novo non chegaría ós dez, debía ser do tempo de Celsiño, un ano máis como moito. Quizais eran de pais distintos. Eu nunca lle preguntei nin ela mo contou.

Parecía que se levaban ben os tres, saudou ós pequenos cun agarimo na cabeza e un bico na meixela. Sentou enfronte de min, eu non puíden evitar miralo, descubriume e sorriume, eu baixei correndiño a cabeza.

A miña sogra encargouse de ameniza-lo xantar con conversa variada, que se o parente de Ribadavia, que se os hóspedes dese verán, que se o tempo e a feira do polbo. E mentres, aqueles ollos pousados en min. Sentía rubor e ó mesmo tempo curiosidade, pero Rosalía non me deixaba, portouse bastante mal, ata tirou comida polo chan. Ó rematar de recoller aquela esterqueira, aproveitei para levanta-la mirada, coa escusa de desculparme coa señora Fita, mentres polo rabiño do ollo o miraba a el, que parecía rir da vergoña que eu estaba a pasar, e a súa mirada aínda me quentaba máis as fázulas e esa calor que eu sentía facíame pensar nos coloretos que se me debían estar poñendo e ruborizábame aínda máis. Recordo unha sensación de contradición, gozo e timidez, vergoña e diversión xuntas e a culpa impregnando a situación. El marchou antes do café e por fin sentín alivio. E pena tamén, agora xa o podo dicir, pena tamén.

Esa tarde funlle leva-lo volante ó médico das augas e explicoume o tratamento: un vaso de auga cada vinte minutos cun paseo lixeiro entre toma e toma, isto dúas veces ó día, vas ver que axiña te acostumas ó cheiro a ovo. Tivera que ir coa nena no colo porque estaba algo nerviosa, debía estrañar, era pequena aínda e non entendía ben que faciamos alí, era a primeira vez que durmía fóra da casa. Celsiño non tivo problema, axiña conxeniou co máis novo da señora Fita e xa esa tarde andaron xuntos a voltas coa bicicleta. Miña sogra, notábaselle ben, estaba na gloria, falaba cos de aquí, paseaba ata aló, viña e marchaba. E eu, a que máis angustiada estaba, pensaba en Celso, soíño na casa, pensaba nas galiñas, lembrárase de darlles de comer, pensaba que fago aquí de vacacións se nós non temos cartos para isto. É saúde, Xeno, é saúde, outra vez Celso na cabeza. Esa noite ceamos cedo para meternos na cama axiña, que eu ó día seguinte madrugaba para toma-las augas.

E abofé que cheiraban, os primeiros días tapaba o nariz para podelas tragar. Esa mañá sentínme mellor, pasear por aquel lugar sen pensar en facerlles o almorzo ós nenos, en ir ó río a lava-las sabas que mollara Rosalía, en ir busca-lo estrume que me daba a miña veciña Rosa para as galiñas, nin a leña daquela obra que logo nos serviría no inverno para a cociña de ferro. Cando, despois do terceiro vaso, enfilei cara a casa, cruceime co rapaz, en verdade era un home, xa pasaba dos vinte, xa tiña oficio, pero para min, nai de dous fillos, con tanto vivido, era un rapaz. Saudoume coa man e marchou. Sentín alivio, un alivio distinto, non de nervios que se afrouxan, senón de serenidade, pensei que o do día anterior non fora como eu o vivira, confundírame, realmente non pasara todo o que eu pensara, era un mozo novo, riseiro e máis nada. Tratei de convencerme, de estar tranquila, de non miralo para non parecer eu a interesada, aínda que o que tiña, e dígoo agora, co correr dos anos e despois de moitas voltas, era curiosidade por afondar nesas sensacións estrañas que me pasaran no primeiro xantar, quizais por curiosidade. Pese a esa curiosidade que a min mesma non me podía negar, púxenlle empeño en non atoparme con el, evitalo e non falarlle, supoño que o medo ó que dirán pesaba por riba de todo. Non funcionou. Inocente de min, case trinta anos e pensaba que o amor era casar, ter un home e casar con el, pensaba que só se vive dunha maneira o amor, a sedución, nin falar do desexo, pensaba que eu xa o vivira, xa o coñecía, xa non me podía pasar outra vez, doutro xeito, e veu a vida e ensinoume.

Penso nel e recordo contradición, loitar contra o que sentía, contra unha das cousas que sentía, porque do outro lado tamén sentía, por iso a culpa e o medo, debía ter moito medo eu ó descoñecido, a unha situación que non previra, que non podía controlar, que se me escapaba, dígoo agora cunha vida vivida, despois de moito darlle voltas, que no momento vives e non entendes, vas para adiante, porque te leva a vida. E máis que nada tíñalle medo ó que dirán. Quería crer que eran cousas miñas, Xenoveva, que ilusa pensar que... e non me atrevía a remata-lo pensamento, pero á vez sabía que algo pasaba. Cruzá-

bame con el no corredor máis que con calquera dos seus irmáns, máis que con calquera dos outros inquilinos. El chegaba sempre tarde a xantar e pasaba polo comedor xusto na nosa quenda, iso que eles comían na cociña. Tocábame á porta do baño coa escusa de que os irmáns tardaban moito, porque eles tiñan o seu abaixo. Eu non era parva, sabía o que el estaba a facer, pero non o daba creto, non me parecía que puidera pasar, pasarme a min. Quixen botarlle a culpa a el, sen dar por certo que eu tamén sentía cousas que me gustaban, así que comecei a troca-la curiosidade en carraxe, descarado de rapaz que me vai poñer nun compromiso, non ve que son unha muller casada, e despois pensaba, Xenoveva, por favor, que vai querer engaiolarte un mozo novo coma el, modestia, muller, estás a inventar cousas na túa cabeza, céntrate no que viñeches facer, e non podía enganarme porque era tan guapo e non sabía comportarme cando estaba el diante, non o quería mirar pero si quería, e iso devolvíame a carraxe. Funo esquivando bastante ben, baixaba a cabeza cando o vía no corredor, facíame a parva cando o vía de volta do parque por onde camiñaba, contestáballe curto e seco, incluso enfadada, as poucas veces que me falaba. Pero o último día xuntouseme un mundo de sensacións na boca do estómago que non puider disimularme, a min mesma, quería velo por última vez e á vez tiña medo por se se atrevía no último momento, pero velo unha vez máis... aquela cara tan feita, daba xenio mirala, iso era o que me enfadaba, querer miralo, non poder ter de min. Cando saíamos da vila, xa acomodados os catro no autobús, pareceume velo, apoiado no limiar dunha porta mirando para o autobús con atención. Fixeime no cartel e dicía Carpintería Ramiro. Ata finxín a necesidade de xirarme e mireino unha vez máis a través do vidro. Pareceume que me sorría, que levantaba a man nun xesto de saúde.

Foi poñer un pé na casa e esquecerme do rapaz, a vida de a acotío levoumo do pensamento, en todo o ano non volvíu pensar nel. Ah, carafío, pero chegou a última semana de agosto e con ela os preparativos para volver ó Carballiño. Xa Celsiño andaba a preguntar polo seu amigo, que non me lembro agora como se chamaba, Ernesto, Eduardo, o máis novo da señora Fita, miña sogra levaba quince días coa maleta feita, Rosalía, que se lembraba ben do ano anterior, non tiña moitas ganas de volver e Celso dicíame, quédoche eu con ela, muller, se ti tes que estar tranquiliña. Quen o vería a el coidar dunha meniña de seis anos, íalla levar a meu sogro, como me chamo Xenoveva. Miña sogra dicía que non, que a nena tiña que estar con súa nai, que xa me botaría ela unha man. E entre iso e aquilo, apareceume de súpeto a imaxe daquelas pestanas escuras, daquel nariz recto, daqueles beizos case carnosos, cun pucho no alto daquela cabeza fermosa. Empecei a pensar en remuíño, cousas tan xuntas e rápidas que non daba desencerellado. Logo a realidade púxome no sitio, curvas cara arriba, curvas cara abaixo, a nena a chorar todo o camiño cunha perrencha insoportable, o irmán a fartarse dela e á miña sogra que na primeira curva xa a collera o sono. Que gozo poñe-los pés na terra e máis gozo aínda deitarse na cama, a descansa-lo traxecto antes de xantar na nosa camiña do ano anterior,

ata nena quedou rendida. Fíxérase costume que a señora Fita nos convidase ó primeiro. Xa os meus nervios se tensaban, coma un fío a piques de cortarse, entrou o máis novo, entrou o segundo, logo a señora Fita cunha pota na man que arrecendía que daba gusto e xa lle ía tocando a el, xa estaban os pratos todos servidos e el non aparecía, o cullerón botaba o guiso no último e el non asomaba, xa comezaran as mans a saca-los anacos do pan de broa do cesto de vimbio e el non viña, os beizos a beber de cadanseu vaso e el non chegaba, o tintinar dos cubertos e non. Non veu xantar nin cear nin o atopei en toda a tarde nin á mañá seguinte. O que primeiro foi desencanto, tristura e mesmo amargor, enfado comigo mesma, sentirme ridícula, unha muller de trinta comportándose coma unha rapaciña inxenua, logo foi conformismo e por último un será mellor así. Cando xa estaba convencida do mellor así, apareceu el, Xaquín.

Foi un encontro casual, polo menos iso pensei cando pasou. Volvía eu da toma do mediodía, o paso lento para deleitarme naquel parque grande e verde, un lugar que abría o apetito antes de xantar, e de súpeto sinto unha persoa detrás, non quixen xirarme porque eu no Carballiño non coñecía a ninguén. A presenza avanzou ata poñerme ó carón e faloume, cun sorriso ledo, unha mirada brillante, o rostro máis sereno, o xesto humilde e unha sinceridade franca no falar. Eu non puiden disimular a alegría de velo e de inmediato sentín os nervios, que tampouco debía estar a disimular moi ben. Camiñamos xuntos ata a casa da nai, como rapaz cortés deixoume pasar primeiro, desexoume bo proveito e meteuse na cociña. Eu non falara en todo o camiño e despois da terceira vez que o mirei, tratei de non miralo máis porque sabía que se me notaba, que se che nota, Xenoveva, que se me nota, pois que me parece guapísimo, que non paro de mirarlle os dentes branquísimos enmarcados por eses beizos case carnosos, que me engaiolan os seus ollos e me parece tenrísima a maneira que ten de saca-lo pucho como xesto de educación. Eu, que era unha muller botada para adiante, tampouco unha gobernanta, pero si decidida, con xenio, con carácter, que non me arredaba e sabía contestar, eu era outra diante del e iso facíame sentir incómoda, non me coñecía a min mesma. Dende ese encontro, atopeino tódolos días.

Sempre saía para traballar cando eu volvía do terceiro paseo da mañá. As primeiras veces pareceume de casualidade, ata que unha vez o vin axexando trala cortina da fiestra que hai ó lado da porta e entendín que o facía adrede. Sempre me sorría mentres me desexaba bo día, bo almorzo, que descanses, non traballes que viñeches descansar, mércalle o peixe a Lola a da fonte, que é quen máis fresco o ten, pídelle a miña nai que vos prepare esa carne ó caldeiro que lle sae deliciosa. Eu seguía muda, da boca para fóra, porque por dentro era pura contradición: este rapaz, que agradable, sae á nai tan hospitalario, pero parezo parva, carafio, o mozo este quéreme engaiolar, porque el debe saber que é guapo, seguro que ten as mozas todas a suspirar por el, pois a min non me fas suspirar, e se me quere toma-lo pelo, facerme as beiras para despois, para que, Xenoveva, por favor, non sexas ridícula, este rapaz é riquiño e punto, e acepta que che gusta porque te trata ben

pero que vai querer algo contigo, non ves que te ve cos dous fillos, coa sogra, que che vai querer este rapaz que debe ter a medio Carballiño detrás del. E nunha desas veces, de entrar e saír, saúdo sorriso, marcho que Ramiro me esfola que lle vou tarde, nunha desas convidoume ó baile. Non era quen de entender, como me ía convidar se me vía muller casada, con dous fillos alí impedíndome calquera movemento, coa sogra durmindo no mesmo cuarto ca min vixiándome tódolos movementos. Iso todo penseino pero non me saíu, só lle dixen, non, síntoo. Rabia, por non poder ir, por non poder desfrutar, o que daría eu por ir a un baile, por ir a tódolos bailes que non puidera ir de nova, de moza, de máis moza, por todo o que non puidera gozar na vida, de nena, rabia, por ter tantas responsabilidades e non poder dicir que si, rabia por querer dicir que si e dicir non. Ese día collílle un pouco de manía, pareceume que me tomaba o pelo, que quería complicarme, coma se xogase comigo, coma se me usase para pasalo ben, quen me dicía que logo non lle contaría ós seus amigos os meus rubores. Os días seguintes tratei de evitalo, volvía máis tarde á casa despois do último vaso de pola mañá para non velo saír a traballar e cambiei de camiño para que non me atopara ó volver á casa despois do último do mediodía. Non serviu de moito.

Sería o terceiro día que volvía polo camiño novo. Eu saía do parque verde e grande e quedei un momento a mirar un salgueiro deses que tocan coas pólas a superficie da auga, metínome dentro da súa melena e pechei os ollos. Era moi relaxante senti-lo olor, o son do airiño suave a abanea-las follas, o fresco da sombra que me protexía do sol fero das dúas da tarde. De súpeto, escoiteino. Vaia susto levei. E que curioso que sentín medo e sentín pracer, as dúas xuntas á vez. Canto pensei naquel momento, cantas voltiñas lle din. Medo e pracer, como se poden sentir cousas tan opostas no mesmo momento. Faloume doce, suave, por que tería medo eu, que ata recuei e choquei co toro da árbore. Notábaselle vergoñento, xuntando valentía para falarme, alí, daquel xeito, as cousas que me dixo. Co tempo todo perde seriedade, agora recórdoo e dáme tenrura, eramos tan novos, el sobre todo. Pedíume desculpas por invitarme ó baile, dérase conta de que fora descortés, non foi a súa intención poñerme incómoda nin moito menos rirse de min, faloume dos meus fillos, do meu home, da miña sogra e cando eu xa tiña menos medo e empezaba a sacar algo da miña forza habitual para dicirlle que non se preocupara, volveume todo aquel remuíño na cabeza, no estómago, o rubor ás meixelas e a mirada baixa. Nunca vin un sorriso tan bonito coma o teu, perdoa se ás veces te sentes moi axexada, pero é que me encanta e mírote por ver se aparecen eses pociños no medio das meixelas repoludas. Que triste terlle medo a unha persoa que che di cousas tan bonitas, que triste que as mulleres lles teñamos medo ós homes, que triste que os homes lles fagan cousas ás mulleres pola forza cando elas non queren polas boas, que triste que unhas teñamos a experiencia das outras que nos fai sentir medo como avisador, para ser prudentes, para non caer no lazo trampón. Estabamos sós, ninguén sabía que eu estaba alí, non pasaba moita xente por

aquel parque ás dúas da tarde, eu sempre tiven moi presente a historia da miña nai, e á vez, outra parte de min pensaba, este rapaz, esa mirada doce, esa voz suave, esas palabras, o que che está a dicir non cho dixo ninguén antes nin é moi probable que cho volvan dicir, escóitao ben, degústa, coma unha larpeirada pequena que se dilúe enseguidiña na lingua. Teño que marchar, apartei a cortina de follas e voei cara á casa.

Nos seguintes días non o vin eu a el, iso que o buscaba, aínda non querendo querer nin podendo evitalo. Vino o último día, dende o autobús, mentres colocaba a Celsiño e lle facía oco á miña sogra, vino nunha esquina, sentado á sombra, nunha escaleira de pedra mirando sen disimular cara a min. Un ano máis esa despedida deseperanzada: un sorriso triste, unha man vencida que se levanta en xesto de saúdo. Leveino no pensamento toda a viaxe e batendo sen cesar, coma o tictac dun reloxo de péndulo, pesado, grosso, sonoro, o meu home, bo e comprensivo, os fillos dese home bo e comprensivo, a miña vida resolta e chea de sorte, despois de ter tido tanta da mala, levaba anos tendo da boa e acababa de botar quince días de vacacións, e ó meu home, bo e xeneroso, parecíalle ben que fose quince días de vacacións, aínda que lle prefería cambia-lo nome polo de saúde. E aínda así, non só vía a súa cara, quería mantela na cabeza, recordar tódalas veces que o vira, tódalas palabras que me dixera, os xestos, as formas, o salgueiro...

Desta vez, pisei terra pontevedresa e aínda me custou uns días afacerme ó acotío, ós traballos, á súa cara que se esvaía no meu pensamento, ás veces porque o quería, outras porque non o podía evitar. Estaba enfadada, saltaba á mínima. Foi por ese tempo que tiven a única discusión que lembro con Celso, quedoume gravada porque nós non discutiamos nunca. Tiven tanta sorte con Celso, era bo pai, bo marido, traballador, alegre, non levantaba a voz nunca, nin sequera cos fillos, poñíase serio e abundaba. A min tíname moita paciencia, que eu de nova era cabuxa, e respectoume sempre, antes de casados e despois. Só recordo esa vez, unha en case sesenta anos, que nos incomodamos. Eu, incomodeime eu, porque el nin iso, deixoume estar e viña de cando en vez a dicirme que, Xenoveva, xa che pasou?. Xa tiña eu a horta. Ó meu sogro, despois de corenta e dous anos alugando aquela horta onda a vía do tren, botáranos. O lugar cambiara e íase edificando ós poucos toda a zona, mesmo tiraran aquel chalé tan precioso que había no cruce, onde estaba antes a ponte para pasar por riba das vías, alí onde eu limpaba as escaleiras a cambio da lavadura para o porquiño. El non podía estar sen horta, así que buscou outra e atopouna un pouquiño máis lonxe, entre a nosa casa e a estación nova. Esa era bonita polo lugar onde estaba, preto do río, cos salgueiros e ameneiros a sombrea-las beiras, as flores silvestres que el deixaba nacer na parte de abaixo, onde tiña un bidón cheo de auga para non andar carrexando todo o tempo dende o río. Tiña unha horta a cada lado, era todo do mesmo dono, pero arrendábo por parcelas. Alá el traballou ata que enfermou, púxose do fígado, meu pobriño, el pensaba que ía saír, eu non recordo se non se lle dixo a verdade ou se ninguén o sabía, o caso foi que el non

podía ir bota-las patacas aquel ano e como pensaba que se ía poñer ben, dáballe pena perde-la colleita. Eu víao alí na cama, aquel home que tivera tanta enerxía, que fixera tanto por nós, dábame tanta pena que lle dixen que llas botaba eu. Na que me metín. Eu non collera un sacho na miña vida, non tiña nin idea de plantar, facíao por el. Os regos que eu cavaba, mi madriña, eran eses. Dábame tanta vergoña que as veciñas mos viran tortos que despois repasábaos coas mans, tratando de poñelos dereitos. E elas, que me vían co lombo abaixado, dicíanme cariñosas, Xenoveva, deixa o suco estar así, que as patacas nacen igual en ese que dereitas, muller. A min dábame moita vergoña, tiven que chamar a unha xornaleira, porque eu soa non daba botado todo aquel mundo de terreo. Era unha muller moi xeitosa, mans duras, brazos fortes, coas pernas curtas e repoludas, de Tomeza. Ela axudoume aquel ano, removeume a terra e fíxome os sucos de abaixo arriba. Eu pagueille pensando que sería o último, mais non. O meu sogro non chegou a ve-las patacas que saíran da miña primeira experiencia de labrega e despois eu xa non deixei a terra. Fun aprendendo, iso si, a plantar de todo. O primeiro ano non sabes, plantas os pementos tarde e non che botan flor, pos os tomates moi xuntos e non teñen lugar para medrar, as cenorias nun terreo moi lamacento, pero no segundo, algo mellor o fas e no terceiro xa sabes facelo soa.

Pois xa había anos que eu aprendera que as patacas se sachan con caloriña, así que aquel día, serían as once ou por aí, e alá marchei en canto vin o sol que asomaba. A horta era grande, a maioría, dous terzos ben se non tres cuartos, era para as patacas, así que me deron as dúas e alí seguía eu: arrimándolle terra a cada plantiña para que ó medrar non tumbaran. E alá me aparece o repoludo do meu home, con aquel aire de parsimonia, seica hoxe non se come? Así como me puxen, pensas que estou a raña-la barriga, levo aquí unha chea de horas a traballar, se tes fame, fai ti a comida. Coma sempre, non levantou a voz pero cambiou a maneira, así, doutro xeito, coma quen baixa a orella, e logo que fago de comer? Agora pénsoo e dáme a risa. El que non sabía nin fritir un ovo, que comida ía facer, pois a encabuxada de min inda lle dixó que fíxese unha tortilla. Non me lembro quen a fixo nin se comemos tortilla, o que lembro ben e que durante tres ou catro días a min non se me pasou e el viña de cando en vez a darme un agarimo e a dicirme a ver, Xenoveva, xa che pasou? Catro días aguantei dicíndolle que non. Esa foi a única, que recorde, a única vez que discutimos. Se fago memoria véñenme máis, pero gorda só esa. Debeu ser porque eu tiña a cabeza no Carballiño, no salgueiro, no pucho no alto daquela cabeza fermosa. Agora que o penso, as patacas non se sachan en setembro, a mente xa confunde todo, teño moitos anos.

Para Nadal xa era, segura estou, un recordo doce que me facía sorrir cando estaba soa. Fita mandárame unha postal, que boa muller, e eu sorría lendo los niños te mandan saludos. Quen lle escribiría aquela postal con aquela letra tan de escola, quen eran os nenos que me mandaban saúdos, canto de nenos tiñan, ou sería máis ben un home de pestanas

escuras, nariz recto e beizos case carnosos. Non me fixo mal ese saúdo, na distancia e co tempo as augas cálmanse.

Ese ano, no verán, foi cando Eloísa quedou sen nai e eu sen irmá e meu cuñado sen muller, e cando me acordei do Carballiño, con tres nenos non podo ir e por riba unha de berce e non vou que xa estou perfectamente da vesícula. Pero se non vou, non vexo a... Carafio, volvera o mozo de pestanas negras e beizos carnosos. Volvera con urxencia, con ganas, con desexo. Quería ir ó Carballiño para velo a el? Non me quería facer moito a pregunta porque tiña medo da resposta. Chegou setembro e a miña sogra tróuxome os billetes do autobús. Eu mirei a Celso e el asentiu. Tres nenos, unha sogra e o berce de Eloísa metida no maleteiro do coche de liña, curva para arriba ata O paraño, curva para abaixo, e na cabeza o rostro de Xaquín loitando por facerse nítido. Xa sentía culpa, culpa e emoción á vez, como podía ser, dous sentimentos tan opostos e tan xuntos, eu non entendía que me pasaba, sería unha mala muller casada, tiña medo de non respectar a meu home, non sabía se era pecado o que me pasaba, sentíame incómoda e non llo podía contar a ninguén.

Ese ano as augas non me fixeron moito efecto. Eloísa era moi pequena aínda, moi rebuldeira e aínda non se acostumara a min, había nada que quedara sen nai e os nenos sofren, meus fillos, non poden falar o que lles pasa por dentro, pero pásano mal. Niso parecíame á miña nova filla, sufría pero non o podía dicir. Tiven que estar moi pendente dela, ata a levaba ás camiñadas comigo porque non se afacía a quedar esas dúas horiñas, mañá e mediodía, coa miña sogra. De novo a cabeciña fíxome pensar que era mellor así, eu estaba alí para toma-las augas e sentirme ben da vesícula, non para andar ós xogos de namorar. E Xaquín, tan respectuoso, sempre dende lonxe, sen angustiarme, eu vía que quería vir e falar-me pero comportábase tan comprensivo, ese sorriso triste dende lonxe, ese levantar a man vencida nun xesto amistoso. Arrepentinme no máis profundo de min, tan dentro que non lle deixei saír, agora podo dicilo porque xa pasou, pensalo máis cerca, menos profundo, sen vergoña, arrepentinme de ter aceptado a Eloísa, arrepentinme de tela levado, arrepentinme de ter ido a toma-las augas, arrepentinme, máis ben enfadeime pola miña irmá morta, pola miña vesícula e o meu cansazo e a miña sogra e os meus fillos.

Unha tarde Eloísa tivo unha perrencha de horas, horas a chorar, patexar e berrar, que remataron por vencela, quedou durmida, esgotada, deixinela alí, no seu berce. Sabía que non ía espertar en varias horas e marchei, case ás agachadas, para non terlle que dar explicacións á miña sogra, á señora Fita, a meus fillos. Sentínme coma unha ladra, baixando amodiño as escaleiras para que non renxera a madeira, pasando rápido polo van da porta do comedor por se había algún inquilino con ganas de conversa, pechando de vagar a porta da entrada, tan delatora de entradas e saídas. Botei a andar lixeiriño como o meu paso curto me permitía, fun directa ó parque, buscando ese verde que calma, ese río que serena, eses salgueiros que non che deixan pensar noutra cousa que non sexa que ben se

está aquí. Entrei dentro das melenas dun deles e sentei na herbiña á sombra fresca, metín os pés no regato e deixei caer co lombo no chan. Debín quedar durmida, perdín a noción do tempo, pois volvíñ ser consciente do son das follas, do cantar da auga, dos pés mollados porque escoitei o chapuzar dunhas pedras ó entrar no regato. Unha podía ser casualidade, pero o son repetíase e a salpicadura mollábame as pernas. Asoeme a cabeza entre as follas do salgueiro e alí estaba el.

Só sentín alegría, recórdoo claramente, aquí dentro, só alegría, nin sombra de culpa. El non mencionou os meus fillos, canto llo agradecín, grazas a iso fíxoseme un tempo especial, un tempo onde eu non era a de tódolos días, era outra vida, un cacho doutra vida, era unha moza madura entregada á sedución dun mozo novo, foi como se actuara outra muller dentro de min. El cruzou o regato cos pés descalzos e veuse sentar á miña beira. Miroume en fite, souben que buscaba o sorriso e regaleillo, el deume o seu. Tiña unha beleza engaiolante, non se podía parar de mirar para el. Creo que a el éralle abondo, estar alí ó meu lado sen que eu o rexeitase, sen senti-la miña incomodidade botándoo. De feito meteiu os pés na auga, igual ca min, botou o corpo cara atrás ata pousa-lo lombo no chan, coma min, e deixouse estar cos ollos pechados. Eu mireino, co desexo de grava-la súa faciana na miña memoria. Debino facer con moita forza porque aínda hoxe, máis de cincuenta anos despois, lembro perfectamente os seus trazos. Sentíame moi ben, parecía mentira que lle chegara a ter medo, agora que estaba tranquila, a súa presenza só me daba calma. Deiteime eu tamén, como estaba antes de el chegar, sentía a calor do seu corpo preto do meu, non nos tocabamos. Esa distancia, ese non pasarse, era o que me facía estar a gusto, podía desfrutar sen aquela cousa que me poñían incómoda e me facían pensar en Celso. Non pensaba en nada, só sentía. El respectoume todo o tempo, non fixo nin o xesto de tocarme, parecía que entendera, que me lera o pensamento. E eu, volvinme incorporar para miralo dende arriba, tiña bo tipo, a maneira de vestir de antes favorecíaalles ós homes, sempre de camisa, cos pantalóns de tea, algúns con tirantes. El abriu un ollo e sorriume, estásme a axexar agora ti a min, ruboriceime e volvinme deitar, mirei en fite para as pólas da árbore, o verde das follas en contraste co marrón rugoso da casca da madeira viva. Non pensei nada, nin Celso nin fillos nin sogra nin señora Fita nin Deusíño. Collinlle a man, metín a miña dentro da súa. Necesitábao, necesitaba sentilo, o contacto é tan importante. El non fixo nada, nin comentario nin riso nin mirada. Só unha levisíma presión da súa man collendo a miña, firme e agarimosa. Non me foi abondo e outra vez non pensei, nin vida nin sorte nin rumores nin conciencia. Xirei a cabeza cara a el e biqueino na boca. Daquela el si, sorriu con pracer, abriu os ollos amodiño e contestoume con outro bico. E non pasou de aí, xuro por Deus que non pasou de aí, e tamén xuro por Deus que teño o remorso limpo, que non sentín culpa, que non sentín medo nin arrepentimento. Os dous sabíamos que non podía pasar de aí e non tiña sentido intentar máis nada. Botamos alí un anaco máis, a súa man dereita rodeando a miña esquerda, o calor do

seu corpo rebotando no meu, a súa presenza dándome alegría serena. Cando sentín frío nos pés, marchei, sen el, que tiña que ir ó taller a facer o que non fixera mentres estaba comigo. Ó abeiro das pólas choronas pedíume unha cousa. Déixasme poñe-las mans nas túas meixelas e sentir como o teu sorriso levanta as túas fazulas. Fíxome moita graza, claro que lle deixei, pensei que me bicaría, pero non. Foi algo así como a despedida dun amor que me tería gustado ter, dun amor que desexei ter cando era nova e que Celso non me deixou ter porque apareceu, cando eu soñaba cun príncipe lanzal e bo mozo, el chegou a insistir co seu corpo pequecho e repoludo, e de tanto insistir converteuno en namoro. Este foi o amor que soñara de nova que se me cumpría de muller.

O ano seguinte xa fun só coas dúas nenas, as nenas e miña sogra, Celsiño era grande para quedar co pai quince días, ademais enfadárase por mor da bicicleta co seu amigo, Ernesto ou Eduardo, e xa non lle facía ilusión volver ó Carballiño. O día que chegamos celebrábase a voda de Xaquín. Vaia recibimento, é certo que eu fixera durante todo o ano o propósito de que non fose a máis, de non volver repetir o que pasara no salgueiro, de controla-la miña mente para que non imaxinase cousas, pero non evitou que fose moi doloroso. Só puíden pensar mellor así. A señora Fita invitounos ó convite, a nós e ó resto dos hóspedes. Era moi boa e xenerosa, que pena que logo non a volvíu visitar nunca máis, foron vinte e dous anos de amizade, primeiro hóspede e co tempo amigas. Puxeron a mesa fóra, eramos moitos, botaran a casa pola ventá, o máis vello casado, e o señor Ramiro axudara, en ausencia de pai, axudara a paga-los gastos. Houbo baile ata ben entrada a noite, uns amigos de Xaquín que tocaban os instrumentos coma meu sogro, ó volver do campo, tódolos días un pouquiño coa disciplina que da o gozo, tocaron muiñeiras e pasodobres, mambos, rumbas e maneos. Tiven o honor de botar un baile co noivo. Se os ollos dixeran, dicir din, pero caladamente. O que tal lle dixeron os meus e o que tal lin eu nos seus. Todo resumido nas palabras antes de soltarnos, que teñas moita sorte na vida.

Despois da voda, marcharon, el e a súa muller, a vivir para Allariz, seica facía falta carpinteiro e tiña uns parentes que lles conseguían casa. Boteino de menos, aínda que fose velo pasar, velo sorrir, velo saudar co pucho entre as mans. Eu seguí indo á casa da señora Fita e tódolos anos uns días entre os quince primeiros de setembro, viña el a visita-la nai, viña sen a muller, viña para verme a min. E a min non me facía ben. Pedílle por favor que evitase a primeira quincena do mes. Entendeuno perfectamente. Despois pasaron dezaseis anos sen velo, sen os nervios de ilo ver, sen o gozo e o medo de telo diante, o gozo de miralo, o medo de que me mirara. Algún ano ata viña Celso a última fin de semana a pasala comigo e traíanos de volta, que xa tiñamos coche, a miña sogra e a min, que ela foi sempre, incluso cando as nenas deixaron de ir. Dezaseis anos despois vino por última vez na vida. Viña ve-la nai, de verdade, viña coa muller, non sabía que ía estar eu. Foi un encontro do máis insignificante. Un encontro entre descoñecidos, o que fomos sempre, pero sen a paixón da xuventude. Seguía sendo moi atractivo, moi educado, pero

nos seus ollos xa non atopei o desexo, aquel desexo contido, domado, que me facía sentir tan ben e á vez, ter medo. Foi bonito volvelo ver, saber que non me arrepentía nin do que pasara nin de que non pasara máis. Ese foi o último ano que fun toma-las augas.

De aí en diante, a primeira quincena de setembro marchabamos a percorre-lo país o meu home e mais eu no noso cocheño. Era outra forma de limpa-la vesícula, agora xa non era saúde, eran vacacións.

A ÚLTIMA DOR

Meu fillo xa se viña comportando, como diría, dun xeito, non só raro, raro nel e raro en calquera, era máis aínda, eran unhas maneiras que chamaban a atención, para mal, chamaba a atención para mal, facía cousas, digamos estrañas. Sobre todo notáballo a el, nel foi onde primeiro o vin, pero pouco a pouco tamén o fun vendo na miña nora, algo distinto. Ela era alegre, faladeira, sempre co sorriso na boca, cariñosa e atenta, por iso o cambio foi fácil de percibir, de vagariño foise apagando. Daquela aínda viñan tódolos sábados a visitarnos, xogabamos á escoba, pai e fillo e eu con ela. Pasaban os meses e ela viña cada vez máis triste, estaba cada vez máis calada, ría cada vez menos e disimulaba cada vez peor. Que che pasa, Helena, que tes mala cara, estou cansa, Xeno, que esta semana no traballo foi dura, sempre a mesma ladaíña. E meu fillo cada vez máis nervioso, máis apurado, collendo máis comida xunta na man, tres olivas, dúas galletas, unha presada de patacas fritidas, mastigando coa boca máis chea, máis presa por marchar, máis excusas para non virme arranxar esas cousas que el sempre me arranxaba, untarlle o tratamento ó toro da viña, coloca-lo parasol para poder estar no patio en verán, poñerlle o chintófono alí ás galiñas. Ata que un día me citou a min soa nunha cafetería, ben nolo puido dicir na casa ós dous xuntos, pero non, non quixo que estivese o pai. Mamá, teño algo que falar contigo. A verdade é que nin se me pasou pola cabeza, pero logo fun entendendo certas cousas. Helena e mais eu ímonos separar, xa estou buscando piso por aquí, preto de vós. Véuseme o mundo enriba, non puíden recibir peor noticia, ou iso pensaba eu, porque dous anos despois, aí estaba, para calarme, unha peor. Desta volta foron as miñas netas, papá ten unha enfermidade que lle ataca ás neuronas e vaino ir consumindo ata non poder moverse nin tragar nin respirar.

Eu levara ben a morte do meu home. Ben é un dicir. Boteino moito de menos, moitísimo, a casa fíxoseme un mundo, baleira, fría, silenciosa, non é que el falara moito, que no final xa case nada, iso que durante a vida fora un bo conversador, ata ás pedras lles sacaba tema, pero nos últimos anos xa fora calando, comigo xa pouco falaba, tampouco tiñamos xa nada por dicirnos, case sesenta anos xuntos, xa estaba todo dito, ademais el cada vez saía menos, xa non me contaba dos da taberna nin ía xa visitar a Pacheco, así que non se atopaba con ninguén porque non ía a ningures. Ah, mais carafio, o corpo ó lado fai compañía, no xantar, na cama, no sofá, aínda que sexa en silencio, pero a ausencia... a ausencia

é máis que silencio. Cando máis o botei de menos foi ó cabo dun ano, ó principio a mente parece que se quere enganar pensando que foi toma-la chiquita, que debe andar no centro visitando o seu amigo reloxeiro, que está collendo o pan, pero despois non hai excusas, non hai enganos, non hai facerse ilusións, non está e non vai volver. Miña filla pensou que estaba deprimida, iso que lle din agora, coma se unha non tivese dereito a estar triste un ano, ou dous ou tres!, despois de case sesenta cun home, e ca sorte que eu tiven con Celso, que foi tan bo. Quíxome dar pastillas pero eu non as tomei. Levantábame máis tarde, comía menos, non soportaba a tele, prefería botarme na cama despois de comer e quedaba un pouquiño máis, cinco minutos máis, facía sextas longas, sextas é un dicir, porque non durmía, só pensaba, recordaba, estrañaba durante dúas, tres, catro horas. Viña xente a visitarme e un pouco incomodábame, prefería estar soa, aínda que tamén sabía que me eran necesarias esas visitas, a xente ó redor era coma un orballo fresco que me daba algo de vida, aínda que eu non a quería, pero facía ben para non apagarme máis pensando en reunirme con Celso, que me estaba esperando. E miña filla a chamarme tódolos días, tomaches as pastillas, mamá? Claro, filla, tomei como me dixeches. De cando en cando viña e dábase conta de que lle mentira, é que non me fan ben, non me sentan ben, e seguía chamando, vou ter que ir tódolos días a darchas eu en persoa? Eu sabía que non ía vir, así que empecei a tiralas para que cando viñese lle desen os números, a que estás mellor, verdade que xa tes máis ganas? Pobriña, ela só quería verme mellor, pero o loito é o loito, eu tiña que pasalo e algo sabía de como era porque as veciñas que me quedan, as que son veciñas de toda a vida, son todas viúvas, delas aprendín esa tristura, ese non querer falar que se lles entende cando saúdan curto, para dentro, nun murmurio ó pasar, a cabeza baixa, os ollos case sempre vidrados, o camiñar arrastrado, a bolsa da compra máis baleira. Pero tamén aprendín, a base de velo en Teresa, en Rosa, en Mercedes, en Ofelia, en Mari, que nun momento sen previo aviso vólvese camiñar máis lixeiro, vólvense enche-los papos e engorda-las pernas, volve a cor ás fazulas e as ganas de falar. A min tamén me pasou, acórdome perfectamente cando me din conta, estaba a miña neta máis vella facéndome unha visita, nun momento dixo, falando da morte, que a xente grande non lle tiña medo, que xa vivira todo o necesario e aceptaban a morte sen susto, contesteille que morrer non quere ninguén. O seu quedar calado fíxome reflexionar, claro, eu xa tiña ganas outra vez. Volvín ir ás clases de ximnasia de mantemento, seguía coa rutina de ir á misa os domingos, é certo que ía sen o seu brazo que me rodeaba o ombreiro, pero ía con el doutro xeito, atopei outra vez divertimento en falar cos veciños e en estar na directiva da asociación do barrio, ós meus anos, quen mo ía dicir. Iso deume moita distracción, que se a sardiñada con chourizos ó viño no San Xoán, que se as castañas no magosto, que se o Apalpador no Nadal, que se as reunións para ver que clases se impartían, ata nos fixeron unha homenaxe ás máis vellas, todas viúvas, vaia enchedela ese día. Unha terceira vida, iso non cho di ninguén, unha vida cando xa non querías vivir máis.

Meu fillo, a pesar do que eu sentía, pensaba que estaba desexando reunirme co seu pai, pobriño, os homes non teñen ese aquel de saber que lle pasa á outra persoa por dentro. Os homes non, minto, porque o meu sogro si sabía, coñecía que lle pasaba a miña sogra con só mirala, pero Celsiño non, ou quizais soubo e logo desaprendeu, porque mentres estivo casado eu non sabía como era. Que curioso, tes un fillo que o coñeces coma a palma da man, ah, mentres vive baixo o mesmo teito, porque despois casa e xa non sabes como é. Eu a Celsiño só o vía unha vez á semana, dúas como moito, en circunstancias que non son a cotío: un xantar, unha festa, o Nadal, unha partida de cartas, non sabería dicir como foi o meu fillo durante eses anos. Quizais no máis profundo de min si pensaba niso, en irme reunir con Celso, pero non era un desexo, non era aquilo de xa, xa, xa. Carafio, como cambiou o conto despois desa noticia.

El, que xa viña rariño, anos de irse comportando rariño, despois de separarse, aínda peor. Todo o día no ordenador, pasaba baixo a súa ventá para face-los recados e alí estaba el, sentado mirando a pantalla, volvía cos recados feitos e alí seguía el, sentado mirando a pantalla. Ata madrugaba máis do que precisaba para pegarse á pantalla, era o seu mundo e tanto tiña que lle dixese, porque mira que lle teño dito, vas quedar cego, fai outra cousa, xúntate con xente. Nada. Logo deu en bater coas cousas, primeiro as da casa, que ata el se sorprendía, se a sei de memoria, mamá, paso ó lado da mesa vinte veces ó día, ata que lle rompeu o vidro, entón levouna ó faiado. Despois seguiu por agarrarse ás paredes para camiñar. Nin oculista nin otorrino, nin esta proba nin a outra, el debía sentir que era algo grave porque iso de xubilarse cando aínda lle quedaban cinco anos, el, que morría pola súa profesión, que se os nenos, que se o chintófano, a excursión, o intercambio, isto que inventei, aquilo que fixen, a todos nos chamou a atención. Ó cabo de dous anos de ir a peor, a peor, a peor e facerse probas e probas e probas, viñeron as miñas netas a dicirmo. Ese día non o tomei tan mal, coido, non me lembro moito, a verdade, pero eu teño a sensación de que ó principio non, claro, como non o ves, non sabes como vai segui-la cousa, non sabes nada do que vai vir, pero axiña o avance era cada vez máis difícil de disimular. E cando chegou aquela tempada que non paraba quieto... Iso foi tremendo, porque el da cabeciña estaba ben, pero sempre tiña un fervello no cu que non o deixaba sentar nin cinco minutos seguidos, sen esaxerar, era pousa-lo cu no asento e levantarse e veña a pasear polo corredor, ida e volta, ida e volta, a toda velocidade, eu se sabía que viña xa lle tiña apartada a alfombra para que non tropezara nela e se non sabía, nada máis escoita-lo timbre co seu repenicar reconecible, sacaba para fóra a alfombra longa, pechaba as portas do corredor, para que lle serviran de sostén e correndiño abría a porta, porque xa estaba el dende fóra, veña, mamá, abre que son eu, dálle, dálle, era un nervio, unha ansia e veña dun lado para outro a unha velocidade que non podía soste, así durmía, normal, a noite enteira. En seguida xa non se puido ter de pé e como non podía cociñar, invitábo eu. Antes diso el mesmo pediu unha persoa que lle fora limpar, porque el xa non podía,

baixarse para pasa-la aspiradora faciao caer, logo non puido face-la cama, porque baixarse faciao caer. Así que esa muller que empezou indo unha vez á semana a limpar, acabou indo tódolos días a sacalo a pasear, porque el só xa non se mantiña en equilibrio. Despois engadiu o favor de traermo, cando ela volvía do centro, doutro traballo que tiña pola mañá, traíamo da súa casa á miña, para xantar e eu levábao de volta nin ben remataba o café porque o cu non lle estaba quieto no asento. E xa enseguida precisou durmir acompañado, porque tamén pola noite se levantaba, así que veu á miña casa unha vez, gustoulle, repetiu, volveu vir e logo quedou. Ata dez veces nunha noite se levantaba, primeiro só, apoiándose dun moble noutro percorría o corredor ata o sofá da sala, durmía unhas cabezadas alí e de novo outra vez para a cama, ós dez minutos, ó baño, de novo á cama, e ós vinte minutos ó sofá. Así foron dous meses, dous meses nos que eu non pegaba ollo porque estaba intranquila, porque o oída, porque sufría, pola mañá non quería almorzar na casa, así que nin ben se levantaba pedíame que o trouxera, e ese era o meu momento de descanso, volver, a cama sen facer, deixa-las zapatillas e caer rendida, dúas horiñas, porque logo tiña que ir merca-lo xantar dese día e de novo volta empezar.

Foi por acumulación, porque se non tivese pasado o que pasou, eu tería dito abonda igualmente, pero aquela noite non a esquezo máis, toda a noite dun lado para outro, xa viña noite tras noite chamando cada vez máis por min, esa xa me chamara varias veces, non sei, tres ou catro, entón debeu querer deixarme descansar, pobriño, non debía saber que eu non quedaba durmida se o oía moverse. Vin a luz que se acendía e escoitei un golpe moi forte, erguinme correndo, todo o a présa que me dan os cadrís, que xa veño anos arrastrando unha dor que non me deixa erguerme con axilidade, e alí estaba o meu fillo, o meu fillo querido, caído no chan, entre a cama e o armario, coas perniñas debaixo dese moble pesado, de castiñeiro macizo. O cuarto é tan pequeno que nada se pode mover. Nas que me vin tratando te tirar da cama para atrás, nada, bate coa mesiña de noite, tiraba dela, nada, a mesiña bate coa outra cama, tiraba da cama, nada, enseguida toca coa parede, e o meu fillo alí, pobriño, sen queixarse, tirado no chan, enganchado no armario, cos ollos abertos de susto, con esa cara que se lle foi poñendo co avanzar da enfermidade, esa cara que só expresa medo, a respiración axitada, facía un ruído, e eu dicíalle tranquiliño, Celso, tranquiliño que te vou sacar de aí, pero eu mesma non era quen de estar tranquila, el movíase tratando de zafarse e non conseguía nada e eu poñíame máis nerviosa, ata se me pasou polo cabeza chamar. A quen ía chamar, ás tres da mañá. Cada vez que dicía, axúdame, mamá, a min facíase máis difícil aguanta-las ganas de chorar, os esforzos que facía por estar tranquila porque lle tiña que axudar e faláballe para que el non me dixera sen parar axúdame, mamá, preguntáballe se lle doía algo, non, mamá, axúdame a saír, é que non podoo, meu fillo, non podoo move-la cama, axúdame, mamá, sácame de aquí, e as bágoas, e tranquiliño, Celsiño, axúdame, mamá, e o armario menos aínda son capaz de mover, e el coa cara de susto, cada vez pedindo máis alto, era un rogo

case desesperado, meu fillo, debía pensar que non ía saír de aí en toda a noite, axúdame, mamá, sácame de aquí, coas mans cara a min, coma un neno asustado e as bágoas. Tiven que saír, espera un segundiño, fillo, que veño agora, vou buscar... e marchei, fun á cociña, coa luz apagada e todo chorei aquelas bágoas que necesitaba chorar, sequeime ben e asoñei o nariz, volvíñ ó cuarto con forza. E aínda así tardamos moito tempo, non sei, vinte minutos ben, en face-los movementos pequenos para que el fose saíndo. Conseguimos que lle quedara todo o corpo pousado no sollado e unha vez deitado, el soíño foise xirando para saca-las pernas de debaixo do armario e logo, mi madriña, logo para erguelo do chan vinme negra. Daquela tiña máis bandullo, e a min que tamén me doe un brazo e non pode tirar. Menos mal que non se levantaba para ir ó baño, porque se non aínda por riba tería unha poza de mexo alí.

Por iso foi que lle dixen a unha das miñas netas, hai que contratar unha muller que vaia polas noites con el, eu podo darlle de comer e de cear, podo levalo a casa entre unha comida e outra, pero durmir non podo. Nin descansa el nin descanso eu e xa non son nova, teño oitenta e, non sei cantos tiña daquela, oitenta e algo. Preguntei na froiteira que sempre hai moitos anuncios pegados, pregunteille directamente á froiteira que me coñece ben, e díxome que tiña unha moza da que lle falaran ben, collín o teléfono e enchufeillo á miña neta, chama. Entrevístámola as dúas na miña casa, a rapaza, noviña, veu coa súa irmá, eran musulmás, a irmá levaba o pano na cabeza, ela non. Unha mullerona, mi madriña, que moza grande, non falaba moito pero entendía todo, iso que miña neta insistía a falarlle galego, eu preferín falarlle castelán, non lle quería complicar máis as cousas. Só tiña que durmir alí e levantarse cada vez que el chamara por ela, a ver se estando na súa casa se tranquilizaba máis. Foi unha fin de semana de proba, a última de xullo, e logo xa entraba de luns a sábados dende o un de agosto. Eu puxen o prezo, miña neta protestou, creo que logo, como era ela a que lle pagaba, dáballe máis do acordado. Non chegou a facer nunca de luns a sábado, porque tres días antes de nacer agosto chegou a outra filla de meu fillo, que daquela vivía no estranxeiro, e xa se ofreceu a durmir tódalas fins de semanas, sábado e domingo. Foi outra maneira de subirlle o soldo á rapaza.

Pero a verdade é que xa daquela Celsiño non podía estar só porque non podía facer nada pola súa conta, nin sequera erguerse para ir ó baño. Dende que chegou a miña neta máis vella, aquendábanse as dúas fillas para estar con el, case sempre a maior, e cando ela non daba máis, ía a pequena, e ás veces ofrecíame eu, incluso miña nora ten ido para darlles descanso ás fillas. Para min foi unha liberación, a verdade, moita. De cando en vez invitáboas a xantar, eles viñan a pasa-los seráns no patio, xogabamos ás cartas, e discutimos moito, foi un mes de pelexas constantes. Elas pensaban que meu fillo tiña que ir para unha residencia e eu dícialles que non, mentres eu viva, meu fillo non vai a unha residencia, avoa, é o mellor para el, para nós, pero se ten todo o sentidiño, como vai ir a unha residencia, que os medican demais para que non dean problemas. Foi un mes de

moitas pelexas, as miñas fillas por un lado dicíndome que eu non tiña que coidar del, é o meu fillo, Deus santo, como non vou coidar del, as miñas netas dicindo que a residencia era a mellor opción, eu tristísima de velo así, abandonado polas súas fillas, que non o abandonamos, avoa, pero nós non o podemos coidar, e na súa casa non fai cousas, está amouchado todo o día, vendo a tele e nada máis, pero é moi importante a casiña, ninguén quere deixa-la casiña de un, mentres poida, e elas a mirar prezos en residencias, a apuntalo nas listas de espera, eu vou visitar a unha veciña naquela ó pasa-la ponte e non sabedes como os teñen, avoa, vai facer actividades, fisioterapia, ximnasia, exercicios da memoria, mentres poida estar na casiña súa...

Aínda aguantou, case tres anos dende aquela, menos mal que insistín en que non fora. A min téñenme contado unhas cousas das residencias. E téñoas visto eu con estes olliños, de ir visitar a unha veciña que está naquela ó pasar a ponte. A cousa púxose complicada e tivemos que contratar unha persoa que vivira con el. Todo foi ben mentres tivo a aquela, non me lembro como se chamaba, era boa, tiraba por el, facíao falar, ría moito con ela, obrigábao a facer cousas para que non quedase amouchado, non coma este, que se lle di non quero xa se deixa estar sen insistir. Ela facíao moverse, ían pasear, facíao pensar e arreponíaselle, cando el se poñía caprichoso co non na boca, ela enfadábase, berráballe e acababa convencéndoo, tíñao esperto, non coma este. Dende que está este baixou moitísimo, xa non fala, non se move, non está ben. Que pena que lle dera o que lle deu, como un infarto ou unha embolia, iso foi un un golpe para Celso, debíalle ter cariño, coma ela ningunha das que tivo despois. Este que está agora, será bo e poderá con el, que iso tamén é importante, que non lle caía, pero non o mantén activo. Foi unha pena que enferma a rapaza aquela, xa non era rapaza, que tiña dous fillos grandes, era unha muller de cincuenta, tivemos mala sorte, fumaba moito, seica, e sobrábanlle quilos, iso axuda, claro, pero tamén foi mala sorte ,carafio, nós por perdela e ela, pobre, polo que lle deu.

Celsiño agora, catro anos despois de termo dito as miñas netas, está moi enfermo. Cada vez móveselle menos o ventre, ouriña moi irregular, ten sono todo o día, non ten ganas de nada, vive metido na súa cova, sempre coa persiana baixa, sempre vendo a tele, sempre sentado, mal sentado naquela cadeira de brazos. E as miñas netas seguen querendo metelo na residencia, canto máis tempo pasa, máis urxe, din. Eu ofrézollas cartos, porque sei que é por falta de cartos. Pagarlle a baixa á primeira coidadora minguou moito os aforros, e ter un coidador interno leva moitos cartos, iso que ten boa pensión, e aínda así gasta máis do que lle entra. Elas pensan que a residencia é a única solución. Xa van case tres anos, a verdade, moito aguantou, eu xa non teño argumentos, nin forzas para loitar, só unha pena enorme de velo alí metido e cada vez peor. Hai días que che segue a conversa, pero outros que non quere nin falar. Tamén é certo que non fai esforzos, ata parece que non lle interesa, nunca se lembra do que comeu, así teñan pasado dúas horas dende o xantar, nunca se lembra. Outras cousas si, como o día aquel que a filla o pinchou

para que lle recordara a dividir con lapis e papel, sen calculadora, alí estivo el, escribindo como podía, concentrado sen saca-lo ollo do papel, cos pantalóns refucidos para que lle dese o sol nas canelas, nesas canelas brancas e fraquiñas que ten, e entre os dous foron quen, fixeron esa comprobación que se fai para ver se estaba ben feita, e deulles. Desas cousas si se lembra e non lle dan preguiza nin traballo, outras máis pequenas, menos difíciles, nadiña, diche non, non, non, non, como di el, repetido, coma se non puidese parar, coma se non controlase a lingua, a cabeciña. E cada vez vai a peor, iso é o que máis asusta, o que me dá medo, eu véxoo moi mal, xa non podoo evita-las bágoas cando o bico, e saber que vai ir a peor, semana a semana xa se lle nota, dá tanta pena, Deus meu.

Cantas voltas dá a vida, menos mal que non sabemos cando nacen os fillos que vai ser deles, non poderíamos vivir da tristura. Tívolle que pasar a Celsiño, tan novo, non puido gozar da xubilación, toda a vida traballando para rematar así, co que el usou a cabeciña e foille dar á cabeza. El que se sacrificou de novo, foi o que máis axudou na casa, ía regala horta no verán, como renegaba, que quería ir cos amigos, que se xuntaban todos antes de cear e el tiña que ir regar. Cantas noites foi el, primeiro comigo, pero xa máis de grandíño só, a substituí-lo pai no matadoiro cando Celso tiña que ir tocar coa orquestra. A busca-las lavaduras para o porco que me daban a min de pago por limpar unhas escaleiras, como el tiña bicicleta, ía el cos caldeiros colgando en cada lado do guiador. Un día esnafrrou, pobriño, non se vía nada, daquela esta rúa aínda estaba nos arrabaldes e había un só farol, así que varios metros antes e varios despois non se vía nada. Debeu ser iso, ou quen sabe, quizais viña despistado pensando todo mo mandan facer a min. E bateu contra un poste, derramóuselle toda a lavadura. Coitado, non sabía como contarmo, xa a súa cara o dicía, pena, arrepentimento, culpa, aí que risa, agora que o recordo, non lle podía berrar, traía os xeonllos e as mans todas rascadas, que lle ía berrar. E xusto a el lle foi tocar, meu fillo, el que se sacrificou, quería estudar outra cousa, química quería facer, pero era en Vigo ou Santiago e nós non o podíamos pagar, porque nós queríamos que os tres puidesen estudar, para iso, tiñan que estudar aquí, non podían ir fóra. Tívoise que conformar con maxisterio e despois encantoulle, sobre todo nos últimos anos, era unha cousa de tolos, viña co brillo nos ollos, coma se fose el o meniño, explicándome, mamá, vou facer isto no cole e tamén pensei aquilo, a ver se me dan a axuda da Xunta para levalos a tal sitio e facer tal cousa. Tiña moita ilusión, por iso foi nos estrañou tanto que se xubilara. Logo botando contas decateime de que debía sentir cousas xa daquela que non lle gustaban, cousas que logo foron engordando ata converterse no de agora, el debía sentir e non debía estar moi cómodo no cole. Unha vez caeu dunha escaleira colocando non sei que dos seus alumnos no teito dunha aula. Ese día viña comer a casa, había pouco que se separara e eu non quería que estivese sempre só, así que o invitaba a comer os martes, porque logo á tarde sempre tiña xuntanzas, cos outros profesores, cos pais, e para que non chegase a casa e se puxese a face-la comida, comer rápido e marchar correndo, eu invitábao os

martes. Moito me custou convencelo, durante semanas, meses diría, era case unha pelexa, mamá, eu non quero que me cociñes, porque sei que se veño un día logo vas querer que veña máis e logo vai se-la roupa e logo outra cousa e non quero. Daquela tiña un carácter insoprible. Insoprible. Ata se me escapou un día, xa entendo porque te deixou Helena. Mi madriña como se puxo, eu non rematara a frase e xa me estaba arrependindo, non me confundía, estivo dúas semanas sen vir. Quizais aquel día que traía un ollo morado e unha ferida no lombo de caer da escada, xa empezaba cos síntomas. Ó pouco tivo un choque co coche, el que conducira sempre tan ben, é certo que chovía e o coche deslizouse. Iamos eu e máis unha das súas irmás, quixeránonos levar a ver unhas paisaxes preciosas que hai na ría de Arousa. El ía tódalas fins de semana a pasear alí, cando collía unha teima, non a soltaba, era unha obsesión que tiña, tanto lle gustaba aquel sitio e tanto nos falaba del, que nos quixo levar. Era fermoso, abofé que sí. Ó volver cubrírase o ceo e caía algún ballón, freando nunha rotonda, tardou demais en reaccionar e bateu co de diante, quizais se fose máis atento, podía evitalo, quizais se non tivese xa síntomas, freaba a tempo. Logo cando cambiou de coche, ás poucas semanas bateu no garaxe do seu edificio, eran cousas que non lle adoitaban pasar, pero ninguén sospeitaba dunha enfermidade. Pensabamos que estaba moi ansioso dende a separación, non paraba quieto, tiña moi mal carácter, se non lle ía polo rego, levantábase e marchaba, discutía con todos, a min gritábame se lle dicía cousas, cousas parvas, tes a camisa engurrada, Celsiño, teste que parar máis a pasalo ferro, este pantalón ten unha mancha aquí, non andes desleixado, tes que recortar un pouquiño o bigote que se che engancha a comida nel, esas parvadas parecíanlle ofensas gravísimas, non gobernes en min, déixame ó meu xeito, xa fago eu como me parece. Ás veces ata me facía chorar, eu non lle dicía nada porque sabía que estaba a sufrir, víaselle que non era el, o Celso de sempre, víaselle que non estaba ben, ata as veciñas mo dicían e xa me dirás que trato tiñan con el, velo pasar, pero ata iso era raro, non saudaba, non se paraba a falar, levo présa, levo présa, ata logo, e correndiño para a casa, á pantalla, ó ordenador, sempre só. Sufriu moito a separación, nunca falaba do tema, pero eu sabía que era iso, que o matou.

As miñas fillas dicían que estaba deprimido, claro que para elas todos estamos deprimidos, estar triste é estar deprimido, e veña pastillíñas. El estaba triste e mostráboo dun xeito distinto á tristura normal, se iso é depresión, pois será, quizais estaba tan triste que enfermou de tristura. Que malo é estar só, que pouco se deixou guiar, e agora velo así, meu filliño querido, el que tanto leu, que tanto soubo, que tanto lle gustaba saber, tan curioso. Que dor tan grande ver a un fillo que se che vai deste xeito tan inhumano. Eu píddolle a Deus que non lle dea dor, el dime mamá, se non teño dor, pero aínda lle pode vir, se aínda falta moito por diante, moito por empeorar. Por momentos penso que oxalá me leve a min antes para non ve-lo final horrible que lle espera e logo píddolle que o leve a el antes, para que non vaia a máis, ata que non poida tragar, ata que non poida ir de ventre,

ata que non poida respirar... Que necesidade de estar meses intubado, con cueiros, sen nada que facer máis que agardar que pase o tempo e que chegue a morte. E logo penso, que nos leve ós dous, así non sufrimos pola ausencia do outro.

E ti de quen vés sendo? Da vida, que me foi levando e da que fun aprendendo. Por iso son moitas cousas: persoa, rapaza, escritora, música, loitadora, empática, curiosa. Vivir en varios lugares servíume para saber que cando me preguntan “e ti que fas” teño que contestar “vivir”. Sempre me considerei antes que nada galega, pero veño de vivir máis dun lustro en Bos Aires e iso deixoume unha pegada profunda, no ser, no sentir. E sobre todo no facer e pensar a arte.

